

VICTOR HUGO

**O DERRADEIRO DÍA
DUN CONDENADO**

CLAUDE GUEUX



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/)

Citar como:

Victor Hugo: O derradeiro día dun condenado / Claude Gueux.
Tradución ao galego de Henrique Harguindey.
<http://palabrasdesconxeladas.gal>

Esta obra foi editada como libro por Edicións Laiovento e pódese adquirir en impresión baixo demanda (IBD-PoD) nas principais plataformas de distribución da Internet.

É aínda case un neno –ten catorce anos- cando o mociño Victor Hugo escribe no seu caderno «Quero ser Chateaubriand ou nada» e comeza os primeiros pasos do seu longo e impresionante percorrido de escritor.

Longo como a súa existencia de oitenta e tres anos e a súa vida literaria que dura ata os nosos días. Impresionante non só polo seu volume (corenta millóns de caracteres recollidos en 53 tomos que abranguen todos os xéneros da produción literaria : novela, drama, lírica, épica, sátira, ensaio, etc) senón pola súa calidade e o seu impacto na historia da Literatura. Sen dúbida, non é unha hipérbole consideralo como un dos grandes faros da creación universal.

E compañeira da súa escrita é a súa actividade, a súa mobilización diante dos problemas que afectaban aos máis variados puntos do planeta : Polonia, Italia, Grecia, China, Crimea, USA, México, Puerto Rico, Irlanda, Cuba... Unha proxección que fixo de Victor Hugo unha figura de gran influencia na opinión pública internacional exercida ata a fin dos seus días en contra da escravitude, do racismo, da opresión da muller, en defensa da paz, dos dereitos humanos, da igualdade, en contra da miseria¹.

O derradeiro día dun condenado e mais *Claude Gueux* son dúas novelas cortas (a segunda apenas un relato) que se inscriben na longa loita que Victor Hugo mantivo durante toda a súa vida en prol da abolición da pena de morte. Unha batalla da que el tomou o relevo en 1829 e que non chegou a triunfar en Francia ata 1981.

Cómpre, con todo, non errarmos de perspectiva : Victor Hugo non é un analista que escribe a posteriori a súa obra literaria movido pola reflexión sobre a sociedade. Como moi ben nos expón el nun dos textos que reproducimos, é a sensibilidade, o sentimento, quen capta e reacciona provocando a súa literatura núa, a flor de pel. Porque Victor Hugo é, non debemos esquecelo, un literato, un poeta. Só nun eventual segundo momento chegará o texto expositivo de apoio orgánico tras a racionalización complementaria. Vémolos moi ben no caso de *O derradeiro día dun condenado* : é a súa vivencia dunha execución na praza de Grève a que desencadea o seu sufrimento, a súa conciencia que o obsesiona ata lle facer *descargar* a súa creación. Será despois, no fragor da polémica, cando chegue a inserción social e histórica.

Nestes dous relatos igual que en toda a súa obra, Victor Hugo fai gala dunha humanidade, unha comprensión e unha medida absolutamente inseparables da súa firmeza, coherencia e valentía. Canto ao valor literario, cómpre subliñar a súa innovación ao introducir o xénero da introspección feita polo propio personaxe. Neste sentido, *O derradeiro día dun condenado* resulta unha novela contemporánea.

Desgraciadamente, o alegato en favor da abolición da pena de morte tamén segue plenamente vixente nos nosos días. Non só porque en moitos países do mundo continúa viva esta pena capital, incompatible cos valores da redención e a

¹ Para maior información sobre a vida e a obra de Victor Hugo v. “O reiciño de Galicia”. Edicións Laiovento, 1999.

reeducación dos culpables senón tamén polas novas formas –quer individuais quer colectivas- que na actualidade ela adopta. Publicar estas obras en galego significa alentar o espírito da Tolerancia e da Xustiza e levar á nosa lingua unha novela da que Dostoievski dixo : « É a máis real e a máis ateigada de verdade de todas cantas obras el escribiu ».



O DERRADEIRO DÍA DUN CONDENADO

Non é un principiante o Víctor Hugo de *O derradeiro día dun condenado*, aínda que si debemos considerar en formación o seu estilo e a súa obra. Xa publicara poesía (*Odes et Ballades, Les Orientales*), novela (*Han de Islande, Bug-Jargal*) e teatro (*Cromwell*) mais a súa dimensión plena irase construíndo ao longo de anos.

Con *O derradeiro día*, o escritor pretende dar a lume algo novedoso. Non se trata de facer unha argumentación literaria en prol da abolición da pena de morte nin tampouco de propiciar, a través dun « caso » ou dun « exemplo », a conclusión de que é preciso suprimila. Victor Hugo téñ outro propósito máis ambicioso : facernos sentir o que sente un condenado a morte que vai ser executado : o seu sufrimento, a súa angustia, o seu terror. Non o sentimento dun reo concreto –pois non hai no relato datos identificativos fóra dunha difusa caracterización de idade, condición social e educación- senón dos reos todos ante a morte. Sen entonar un doado *mea culpa* que axude a entregar o lector ou a lectora ao camiño fácil do redentorismo senón debuxando esvaecidamente a autoconciencia que o reo ten do crime cometido e da xustiza de deber pagar por el.

Prevalece no monólogo o home nú. A transmisión da condición humana a través da Literatura. A misión desta como transformadora da sociedade. Nin mesmo figuraba no comezo o nome do autor.

Naturalmente, os ataques que Victor Hugo recibiu dende a aparición da novela foron violentos. O propio escritor tivo que operar en dúas frentes, que xeraron dous novos textos incorporados posteriormente ás pezas da batalla : unha mordaz sátira da vella reacción, dos nostálgicos do Antigo Réxime e os oportunistas trepadores de toda caste, e mais unha defensa do abolicionismo situándoo no contexto histórico francés deses anos,. Son pezas escritas despois de se publicar a primeira edición e normalmente figuran como prefacio ; nós xulgamos máis oportuno lelas tras o soliloquio do condenado.

Tanto pola súa calidade literaria como pola súa carga social e a perenne actualidade do seu contido, as tres pezas que constitúen *O derradeiro día dun condenado* deben ser lidas polos lectores e lectoras de hoxe. Conservan a súa plena vixencia.

Condenado á morte !

Levo cinco semanas vivindo con este pensamento, sempre só con el, sempre conxelado pola súa presenza, sempre encorvallado baixo o seu peso !

En tempos –pois paréceme que hai diso anos máis que semanas- eu era un home coma outro calquera. Cada día, cada hora, cada minuto, tiña a súa idea. A miña mente, moza e rica, estaba chea de fantasías. Ela divertíase a desenvolver unhas tras outras, sen orde nin fin, bordando con inesgotables arabescos este tosco e estreito pano da vida. Eran rapazas novas, espléndidos mantos episcopais, batallas gañadas, teatros cheos de ruído e de luz, e outra vez máis rapazas novas e umbríos paseos nocturnos baixo os amplas gallas dos castiñeiros. No meu maxín sempre era festa. Podía pensar no que quixese, era libre.

Agora estou preso. O meu corpo está agrilloado nun calabozo, a miña mente prisioneira nunha idea. Unha idea horrible, sanguenta, implacable ! Non teño máis que un pensamento, unha convicción, unha certeza : condenado á morte !

Faga o que eu faga, sempre está aí, ese pensamento infernal, coma un espectro de chumbo cabo de min, só e ciumento, arredando toda distracción, cara a cara co miserable que eu son, e abaneándome coas súas dúas mans de xeo cando quero volver a cabeza ou pechar os ollos. Escorrega baixo todas as formas coas que a miña mente quería fuxir del, entremétese coma un retrouso horrible no medio de todas as falas que me dirixen, pégase comigo ás noxentas reixas do meu calabozo, obsesióname cando estou esperto, espía o meu durmir convulsivo e reaparece nos meus soños baixo a forma dun coitelo.

Acabo de acordar sobresaltado, perseguido por el e dicíndome : « Ah, non é máis ca un soño ! ». Pois ben, antes mesmo de que os meus pesados ollos tivesen tempo de se entreabrir abondo para veren este pensamento fatal escrito na horrible realidade que me rodea, nas lousas molladas e zumegantes da miña cela, nas pálidas raioliñas da miña lámpada de noite, na trama groseira do tecido da miña roupa, na sombriza face do soldado de garda coa cartucheira reluciente a través da reixa do calabozo, paréceme que xa unha voz murmurou ao meu ouvido : « Condenado á morte ! ».

² Antigo hospital convertido en prisión, Bicêtre era coñecido por un enorme e profundo pozo (5 metros de diámetro e 60 de fondo) do que extraía a auga un aparello movido polos presos ; estes recibían un trato extremadamente cruel. Unha memoria sobre a mortalidade nas prisións cualificaba en 1829 a prisión de Bicêtre como “a peor prisión para homes”.

II

Era unha fermosa mañá de agosto.

Había tres días que comezara o meu proceso, tres días que o meu nome e o meu crime reunían cada mañá unha nube de espectadores que viñan botarse enriba dos bancos da sala da audiencia como corvos enriba dun cadáver, tres días que toda esa fantasmagoría de xuíces, de testemuñas, de avogados, de fiscais, pasaba e volvía pasar de diante miña, ora grotesca, ora sanguenta, sempre sombría e fatal. As dúas primeiras noites, coa inquedanza e o terror, non dera durmido ; a terceira, co amúo e a canseira, durmira. Á medianoite deixara o xurado deliberando. Leváranme de volta enriba da palla do meu calabozo e caíra ao dereitiño nun sono profundo, un sono de esquecemento. Eran as primeiras horas de descanso dende había ben días.

Estaba aínda no máis profundo deste profundo sono cando viñeron acordarme. Esta vez non foi de abondo o camiñar pesado e os zapatos ferrados do gardián, o chouqueleo do seu atado de chaves e do rouco renxer das pechaduras ; foi precisa para me tirar do letargo a súa ruda voz no meu ouvido e a súa man ruda enriba do meu brazo. « Vamos, de pé ! » Abrín os ollos e sentei atoutelado sobre os cadrís. Nese momento, pola estreita e alta fiestra da miña cela vin no teito do corredor veciño, único ceo que me fose dado albiscar, ese reflexo amarelo no que uns ollos afeitos ás tebras dunha prisión saben recoñecer tan ben o sol. Gústame o sol.

- Fai bo tempo –díxenlle ao gardián.

Botou un momentinho sen me responder, como sen saber se pagaba a pena malgastar unha fala, e despois, con algún esforzo, murmurou bruscamente :

- É posible.

Permanecín inmóbil, co sentido medio adormecido, a boca sorrindo e os ollos chantados nesa doce reverberación dourada que coloreaba o teito.

- Bonito día –repetín.

- Si -respondeume o home- Están agardando por vostede.

Estas pouquiñas falas, como o fío que rompe o vó do insecto, lanzáronme violentamente de novo á realidade. Volvín ver de súpeto, como baixo a luz dun lóstrego, a sombría sala do tribunal, o semicírculo dos xuíces cargado de cerellos ensanguentados, as tres ringleiras de testemuñas de faciana estúpida, os dous xendarmes nos dous extremos do meu banco, as negras togas a rebulir, as cabezas da multitude a reverter alá no fondo, na sombra, e a ollada en fite deses doce membros do xurado, que velaran namentres eu durmía, deterse sobre min!

Erguínme, batía dente con dente, tremíanme as mans sen saberen onde atopar a miña roupa, as pernas non termaban de min. Ao primeiro paso que dei levei un tomo coma un mozo de corda cargado de máis. Con todo, seguía ao carcereiro.

Os dous xendarmes estábanme agardando no limiar da cela. Puxéronme de volta os trincos dos pulsos. Tiñan uns ferrolliños complicados que eles pecharon con coidado. Deixeiños facer : era unha máquina enriba doutra máquina.

Atravesamos un patio interior. O aire vivo da mañá reanimoume. Erguín a cabeza. O ceo estaba azul e as raiolas quentiñas do sol, recortadas polas longas chemineas, trazaban grandes ángulos de luz no curuto dos muros altos e escuros da prisión. Facía un día bonito, efectivamente.

Subimos unha escaleira de caracol, pasamos un corredor, logo outro, logo un terceiro, logo abriuse un portelo. Un aire quente, mesturado con ruído, veume bater no rostro, era o sopro da multitude na sala do tribunal. Entrei.

Houbo á miña aparición un rumor de armas e de voces. Os asentos desprazáronse ruidosamente. Os taboleiros de separación chascaron, e -en canto que atravesaba a longa sala entre dúas masas de pobo amuralladas de soldados- parecíame ser eu o centro ao que se unían os fíos que facían mover todas esas faces bocaabertas e debuzadas.

Nese instante decateime de que ía sen os ferros, mais non me dei lembrado nin cando nin onde mos tiraran.

Entón fíxose un gran silencio. Eu chegara ao meu sitio. No momento en que o balbordo da multitude acabou, acabou tamén o das miñas ideas. De súpeto comprendín nidiamente o que non fixera máis que albiscar confusamente ata entón : que chegara o momento decisivo, e que estaba alí para escoitar a miña sentenza.

Explíqueo quen poida: do xeito que esta idea me veu non me causou terror ningún. As fiestras estaban abertas, o aire e o ruído da cidade chegaban libremente de fóra, a sala relucía como para un casamento, as ledas raiolas do sol debuxaban acá e acolá a figura luminosa das xanelas, quer alongada enriba do sollado, quer desenvolvida enriba das mesas, quer crebada no recanto das paredes. E dende eses rombos escintilantes das fiestras, cada raiola recortaba no aire un gran prisma de poeira dourada.

Os xuíces, no fondo da sala, tiñan aspecto satisfeito, probablemente pola alegría de remataren decontadiño. A face do presidente, lenemente alumeada polo reflexo dun cristal, tiña algo de calmo e bondadoso, e un asesor mozo parolaba case ledamente, recompondo o seu plastrón³, cunha bonita dama de chapeo rosa situada por deferencia detrás del.

³ Peza de tecido branco e forma rectangular que xuíces, avogados e demais persoas revestidas de toga nun xuízo levaban no pescozo, a xeito de garavata.

Só os xurados semellaban albacentos e abatidos, mais aparentemente era de canseira por teren velado a noite toda. Algúns bocexaban. Nada na súa actitude anunciaba homes que acaban de emitir unha condena de morte, e nos rostros deses bos burgueses eu só adiviñaba unhas enormes ganas de durmir.

Fronte a min unha fiestra estaba totalmente aberta. Sentía rir no peirao as vendedoras de flores e, á beira da xanela, unha bonita plantiña amarela, na que daba de cheo unha raiola de sol, xogaba co vento nunha fenda da pedra.

Como podería ter despuntado unha idea sinistra no medio de tan gratas sensacións ? Inundado de aire e de sol, foime imposible pensar noutra cousa que na liberdade ; a esperanza veu irradiar en min coma o día no meu redor, e, confiado, agardei a miña sentenza como se agarda a liberación e a vida.

Entre tanto chegou o meu avogado. Agardábano. Acababa de almorzar copiosamente e con apetito. De chegado ao seu lugar debruzouse cara a min sorrindo.

- Teño esperanza –díxome.

- Pois claro –respondínlle eu, lixeiro e sorrindo tamén.

- Si – seguíu-, descoñezo aínda o que declaran, mais sen dúbida descartaron a premeditación, e daquela serán só traballos forzados.

- O que di, señor ? –repliqueille indignado- A morte cen veces antes!

Si, a morte.

- E mais –repetíame non sei que voz interior- : que perdo eu en dicilo ? Seica se ten pronunciado algunha vez unha sentenza de morte non sendo a medianoite, á luz de fachos, nunha sala sombría e negra e unha fría noite de chuvia e de inverno ? Pola contra, no mes de agosto, ás oito da mañá, un día tan fermoso, eses bos xurados... imposible ! » E os meus ollos volvíanse cantar na bonita flor amarela ao sol.

De súpeto, o presidente, que só agardaba polo avogado, invitoume a me erguer. A tropa presentou armas ; como movida por electricidade toda a asemblea púxose de pé no mesmo instante. Unha figura insignificante e nula, colocada nunha mesa por baixo do tribunal –era, penso, o secretario- tomou a palabra e leu o veredicto que os xurados pronunciaran en ausencia miña. Unha suor fría surxiu dos meus membros todos ; apoieime para non caír.

- Avogado, ten algo que dicir sobre a aplicación da pena ? –preguntou o presidente.

Eu si tería todo que dicir, mais non saíu de min cousa ningunha. A lingua quedoume pegada no ceo da boca.

O defensor ergueuse.

Comprendín que trataba de atenuar a declaración do xurado e de poñer por baixo, en lugar da pena que aquela establecía, a outra pena, a que tanto me doera ver que el esperaba.

Tivo que ser ben forte a indignación, para se abrir camiño ao través das mil emocións que se disputaban os meus pensamentos. Quixen repetir en voz alta o que xa lle dixerá : « A morte cen veces antes! ». Mais faltoume o alento e non puiden senón paralo rudamente co meu brazo, berrando cunha forza convulsiva. « Non ! »

O fiscal atacou ao avogado, e eu escoiteino cunha satisfacción estúpida. Logo os xuíces saíron, logo volveron entrar e o presidente leume a sentenza.

« Condenado á morte ! » dixo a multitude. E entrementes me levaban, todo ese pobo se lanzou tras dos meus pasos co estrondo dun edificio que se afunde. Eu camiñaba ebrio e estantío. Acababa de ter lugar en min unha revolución. Ata a sentenza de morte tíñame sentido respirar, palpar e vivir no mesmo medio que os outros homes ; arestora dexergaba nidiamente unha caste de valado entre o mundo e eu. Nada me aparecía xa baixo o mesmo aspecto que denantes. Esas amplas fiestras luminosas, ese fermoso sol, ese ceo puro, esa bonita flor, todo iso era branco e pálido, da cor dunha mortalla. A eses homes, esas mulleres, eses rapaces que se apiñocaban ao eu pasar, atopáballes aire de fantasmas.

Embaixo das escaleiras estaba a me agardar un negro e suxo vehículo enreixado. No momento de subir a el botei unha ollada ao chou pola praza. « Un condenado á morte ! » berraban os que pasaban, botándose a correr cara ao vehículo. A través da nube que me semellara interporse entre as cousas e eu, dexerguei dúas mociñas que me seguían con ollos ávidos : « Vai ser dentro de seis semanas ! » -dixo a máis nova batendo palmas.

III

Condenado á morte !

Pois ben : por que non ? *Os homes* –lémbreme ter eu lido en non sei que libro onde só había iso bo⁴- *os homes están todos condenados á morte con aprazamentos indefinidos*. Mudou, daquela, tanto a miña situación ?

Dende o momento en que a miña sentenza foi pronunciada : cantos que se preparaban para unha longa vida non morreron ! Cantos que - mozos, libres e sans- contaban con ir ver caír un día a miña cabeza na praza de Grève non me precederon ! Cantos que camiñan e respiran ao aire libre e entran e saen á súa vontade non me han preceder aínda, se cadra, deica alá !

E mais: que é, logo, o que a vida ten de tan lamentable para min ? Realmente o día sombrío e o pan negro do meu calabozo, a ración de caldo lavado collida na tina dos galeotes, ser tratado con rudeza eu que teño unha educación refinada, sufrir a brutalidade dos carcereiros e dos garda-forzados, non ver un ser humano que me crea digno dunha fala e a quen eu lla devolva, estar constantemente nun arrepío polo que fixen e mais polo que me han facer : velaí os poucos bens que o verdugo podería tirarme.

Non importa, é horrible !

⁴ Victor Hugo cita (de xeito voluntariamente inexacto) unha obra súa: *Han de Islandia* (1823).

IV

O vehículo negro tróuxome aquí, a este noxento Bicêtre. Visto ao lonxe, o edificio ten certa maxestade. Desenvólvese no horizonte, fronte dun outeiro, e a distancia conserva algo do seu antigo esplendor, un aire de castelo de rei. Mais á medida que vos ides achegando o palacio vólvese casarella. Os pinchos degradados firen o ollo. Un non sei que, vergoñento e empobrecido, lixa estas reais fachadas, diríase que os muros teñen lepra. Xa non hai vidros nin cristais senón macizos barrotes de ferro entrecruzados, aos que se pega, acá e acolá, a face esbrancuxada dalgún galeote ou dun tolo⁵.

É a vida vista ao perto.

⁵ Ademais das persoas condenadas, foron pechados na prisión de Bicêtre en distintos momentos todo tipo de marxinados: dementes e outros enfermos, homosexuais pobres, mendigos, etc.

V

Aínda ben non tiña eu chegado, unhas mans de ferro apoderáronse de min. Multiplicaron as precaucións. Sen coitelo e sen garfo nas comidas. A *camisa de forza*, unha especie de saco feito con tecido de velame, aprisionou os meus brazos. Respondían da miña vida. Eu presentara recurso de casación. Podería levar seis ou sete semanas este oneroso asunto e era importante conservarme san e salvo para a praza de Grève.

Os primeiros días tratáronme cunha suavidade que se me facía horrible. As atencións dun gardián cheiran ao patíbulo. Por sorte, ao cabo de poucos días o costume volveu predominar, confundíronme cos outros presos na brutalidade común e deixaron de ter eses inhabituais distingos de cortesía que me representaban arreo o verdugo diante dos ollos. Non foi a única mellora. A miña mocidade, a miña docilidade, os coidados do capelán da prisión, e maiormente algunhas palabras en latín que lle dirixín ao porteiro –sen que el as entendese– abríronme o paseo unha vez por semana cos outros detidos e fixeron desaparecer a camisa de forza que me paralizaba. Tras moitas dúbidas déronme tamén tinta, papel e plumas, e mais unha lámpada de noite.

Todos os domingos, despois da misa, céibanme no recinto á hora do recreo. Alí falo cos detidos. Ben cómpre. Son boa xente, os miserables. Cóntanme os seus feitos ; producirían horror mais eu sei que eles se gaban. Apréndenme a falar o seu argot, a *esfungallar bigorna*, como din eles⁶. É toda unha lingua enxertada na lingua xeral como unha especie de broulla noxenta, como unha espulla. Ás veces ten unha enerxía singular, un pintoresquismo estarrecedor : *hai mouratón no carroulo* (sangue no camiño), *casar coa viúva* (ser aforcado), como se a corda do patíbulo fose viúva de todos os aforcados. A cabeza dun ladrón ten dous nomes : *a sorbona* cando medita, razona e aconsella o crime, a *torada* cando o verdugo a corta. As veces ten enxeño de vodevil : un *cachemira de vimbias* (un cesto de farrapeiro), a *mentireira* (a lingua), e mais, en todo momento, unha chea de palabras estrañas, misteriosas, feas e sórdidas que veñen non sabemos de onde : o *zache* (o verdugo), a *preenta* (a morte), a *prachurria* (a praza das execucións). Diríanse sapos e arañas. Cando un sente falar esta lingua fai o efecto de algo suxo e poeirento, dun feixe de ciringallos que sacudisen diante vosa.

Cando menos eses homes se doen, son os únicos. Os carcereiros, os gardiáns, os encargados das chaves –non llelo reprocho– badúan, rin e falan de min, diante miña, como dunha cousa.

⁶ Coa simple intención de transmitir os mecanismos de composición e as cargas léxicas do orixinal, facemos unhas transposicións das que resultan esas expresións e termos xeralmente inexistentes en galego. Cando o argot francés e o texto de Victor Hugo o permiten (ou mesmo o esixen) facemos unha tradución, como en *casar coa viúva*, *sorbona*, *torada*, *cachemira de vimbias* e *mentireira*. *Zache* é unha antiga palabra galega para denominar o verdugo.

VI

Díxenme :

- Pois que teño medios para escribir : por que non o había facer ? Mais escribir o que ? Entalado entre catro pareces de pedra núa e fría, sen liberdade para os meus pasos nin horizonte para os meus ollos, maquinalmente ocupado todo o día, como única distracción, en seguir o camiño lento dese cadrado albelo que o poxigo da miña porta recorta fronte súa no muro escuro, e, como dicía hai pouquiño, a soas cunha idea, a idea de crime e de castigo, de asasinato e de morte ! Seica podo ter algo que dicir, eu que xa non teño máis nada que facer neste mundo ? E que vou eu atopar neste cerebro murcho e baleiro que pague a pena de ser escrito?

E por que non ? Se todo, de arredor miña, é monótono e descolorido : non hai no meu interior unha tempestade, unha loita, unha traxedia ? Seica esta idea fixa que me domina non se me presenta, a cada hora e a cada instante, baixo unha forma nova cada vez máis noxenta e ensanguentada a medida que se achega o remate ? Por que non había tratar de me dicir a min mesmo todo canto violento e descoñecido estou a experimentar na situación de abandono na que estou ? De certo que a materia é rica e -por moito que me acorten a vida- nas angustias, terrores e torturas que a encherán dende este momento ao derradeiro, sempre haberá motivo para utilizar esa pluma e esgotar ese tinteiro... Por outra banda, o único xeito de sufrir menos esas angustias é observalas, e pintalas vaime distraer.

E mais, se cadra non ha ser inútil o que escriba. Este diario dos meus sufrimentos, hora a hora, minuto a minuto, suplicio a suplicio (se teño a forza de o levar deica o momento no que me sexa *fisicamente* imposible continuar esta historia -necesariamente inacabada aínda que tan completa como posible- das miñas sensacións) seica non vai conter un grande e profundo ensino ? Non haberá, acaso, neste rexistro documental do pensamento agonizante, nesta sempre crecente progresión de dores, nesta especie de autopsia intelectual dun condenado, máis dunha lección para aqueles que condenan ? Se cadra esta lectura halles volver a man menos lixeira cando nalgunha outra ocasión se trate de botar unha cabeza que pensa, unha cabeza de home, no que eles chaman a balanza da xustiza ! Se cadra non teñen reflexionado nunca, os infortunados, nesa lenta sucesión de torturas que encerra a fórmula expeditiva da sentenza de morte ! Detiveronse tan só unha vez nesa idea punxente de que no home que eles segan hai unha intelixencia ? Unha intelixencia que contara con vivir, unha alma que non se preparara para a morte ! Non, en todo iso eles non ven senón a caída vertical dun coitelo triangular, e pensan sen dúbida que para o condenado non hai nada antes nin nada despois.

Estas follas han desenganalos. Publicadas se cadra un día, han facer deterse uns instantes a súa mente nos sufrimentos da mente, porque son sufrimentos que eles non sospeitan. Séntense triunfantes ao poderen matar sen facer case sufrir o corpo. Ei, é xustamente diso do que se trata ! Qué ven sendo a dór física á beira da

dor moral ? Horror e mágoa para leis así feitas ! Chegará un día, e se cadra estas memorias, derradeiros confidentes dun miserable, terán contribuído algo...

A menos de que tras a miña morte o vento non dea en xogar no recinto con estes anacos de papel lixados de lama, ou que vaian apodrecer coa chuvia, pegados como estrelas no vidro roto dun gardián.

VII

Que o que aquí escribo poida ser un día ser útil a outros, que deteña o xuíz disposto a xulgar, que salve malpocados, inocentes ou culpables, da agonía á que eu estou condenado...

Por que ? Para que ? Que importa ? Cando a miña cabeza estea cortada : qué máis me ten a min que corten outras ? Puiden eu de certo pensar estas tolerías ? Botar abaixo o patíbulo despois de que teña subido a el ! Dícideme logo o que hei eu tirar diso.

Entón ! O sol, a primavera, os campos cheos de flores, os paxaros que acordan pola mañá, as nubes, as árbores, a natureza, a vida, todo iso xa non é para min !

Ah, son eu o que cumpriría salvar ! ... Será certo que iso é imposible ? Que terei que morrer mañá, ou se cadra hoxe ? Que a cousa é así ? Oh, Deus, que horrible idea ! É para se esfachar a cabeza contra a parede do calabozo !

VIII

Contemos o que me queda :

Tres días de prazo, despois de a sentenza pronunciada, para presentar o recurso de casación.

Oito días de esquecemento na fiscalía da audiencia provincial, despois do cal *as pezas*, como din eles, son enviadas ao ministro.

Quince días de agarda nos despachos do ministro, que nin mesmo sabe que existen e mais suponse que as transmitiu, despois de examinalas, ao tribunal supremo.

Aquí, clasificación, numerado e rexistro : porque a guillotina está ateigada e cada quen debe pasar só á súa vez.

Quince días para velar que non vos fagan o privilexio de vos pasar antes do que vos corresponde.

Finalmente reúnese o tribunal -de ordinario unha quinta feira-, rexeita en masa vinte recursos e volve enviar todo ao ministro, quen volve envialo ao fiscal xeral, quen volve envialo ao verdugo. Tres días.

Na mañá do cuarto día, o suplente do fiscal xeral dise, pondo a garavata : « Este asunto ten que rematar ». Entón, se o suplente do secretario non ten ningún xantar de amigos que llo impida, prepárase o borrador da orde de execución, redáctase, pásase a limpo, envíase, e no día seguinte dende o mencer síntese na praza de Grève cravar unha armazón, e nas encrucilladas berrar a toda voz uns roucos pregoeiros.

En total seis semanas. A rapaciña tiña razón⁷.

Ora ben, xa hai cinco semanas polo menos -se cadra seis- que estou nesta célula de illamento en Bicêtre, e paréceme que hai tres días era quinta feira.

⁷ Ver final do anaco III.

IX

Acabo de facer o meu testamento.

Para que ? Estou condenado ás custas, e todo o que eu teño apenas vai chegar. A guillotina é moi cara.

Deixo unha nai, deixo unha muller, deixo unha filla.

Unha meniña de tres anos, amorosa, donda e tenriña, con grandes ollos negros e longos cabelos castaños.

Tiña dous anos e un mes cando a vin por última vez.

Así, tras a miña morte, tres mulleres, sen fillo, sen marido, sen pai ; tres orfas de diferente tipo : tres viúvas por obra da lei.

Admito ser eu castigado xustamente ; mais estas inocentes : que fixeron ? Non importa, deshónranas, arruínanas. É a xustiza.

Non é que a miña pobre nai velliña me preocupe : ten sesenta e catro anos e ha morrer co golpe. Ou se é que dura aínda algúns días, con tal de que ata o derradeiro momento teña unha pouca cinza quente no seu braseiro, non ha dicir nada.

A miña muller tampouco non me preocupa : xa ten pouca saúde e é de natureza feble. Ha morrer tamén.

A menos que non tolee. Dis que iso fai vivir, mais cando menos a mente non sofre ; durme, está como morta.

Mais a miña filla, a miña nena, a miña pobriña Marie, que arestora está a rir, xogar e cantar sen pensar en nada, é a que me fai sufrir !

X

Velaquí o que é o meu calabozo :

Oito pés cadrados. Catro muros de perpiaño que pousan en ángulo recto sobre dun lousado ergueito un chanzo por riba do corredor externo.

Á dereita da porta, ao entrar, unha especie de afundimento que fai bulra dunha alcova. Botan nel un brazado de palla onde se supón que o preso descansa e durme, vestido cun pantalón de tea e unha chaqueta de dril, inverno e mais verán.

Por cima da miña cabeza, a xeito de ceo, unha negra bóveda *oxival* (chámase así) da que penden como ciringallos espesas arañeiras.

Polo resto, non hai xanela nin mesmo respiradoiro. Unha porta na que o ferro agacha a madeira.

Engánome : no medio da porta, cara enriba, un van de nove pulgadas cadradas, cortado por unha reixa en forma de cruz e que o gardián pode pechar á noite.

Fóra, un corredor longueiro, iluminado e ventilado por estreitos respiradoiros no alto da parede e dividido en compartimentos de albanelería que comunican entre eles a través dunha serie de portas baixas en arco de medio punto. Cada unha destas portas serve en certo sentido de antecámara a un calabozo igual que o meu. Nestes calabozos meten os forzados castigados polo director da prisión a penas de disciplina. As tres primeiras células de illamento están reservadas para os condenados á morte, porque ao estaren mais perto da gaiola son máis cómodas para o carcereiro.

Estes calabozos son todo o que fica do antigo castelo de Bicêtre tal como foi construído no século quince polo cardeal de Winchester, o mesmo que mandou queimar a Xoana de Arco. Sentínllelo dicir a uns *curiosos* que viñeron verme esoutro día á miña cova e que me miraban a distancia como a un animal dunha mostra de feras. O gardián empetou cinco francos.

Esquecíame dicir que hai, noite e día, unha sentinela de garda na porta do calabozo e que os meus ollos non se poden erguer cara á lumieira sen atoparen os seus dous ollos fitos sempre abertos.

Polo resto, suponse que hai aire e luz nesta caixa de pedra.

XI

Dado que o día aínda non raia : que facer pola noite ? Ocorréuseme unha idea. Erguínme e paseei a miña lámpada sobre as catro paredes da miña cela. Están cubertas de escritura, de debuxos, de figuras raras, de nomes que se mesturan e se tapan uns aos outros. Semella que cada condenado quixo deixar a súa pegada, aquí cando menos. Son lápis, xiz, carbón, letras negras, brancas, grises, moitas veces profundas entallas na pedra, acá e acolá caracteres enferruxados que se dirían escritos con sangue. De certo que se eu tivese a mente máis libre habíame interesar por ese estraño libro que se desenvolve páxina a páxina diante dos meus ollos en cada pedra deste calabozo. Gustaría de recompór un todo con eses fragmentos de pensamento espaxados pola lousa, de volver atopar cada home debaixo de cada nome, de lles volver o sentido e a vida a estas inscricións mutiladas, a estas frases desmembradas, a estas palabras truncadas, corpos sen testa como os que as escribiron.

Á altura da miña cabeceira hai dous corazóns inflamados, furados por unha flecha, e por riba deles *Amareite toda a vida*. O malfadado non se comprometía por moito tempo.

Ao carón, unha especie de tricornio cunha cariña rudimentariamente debuxada embaixo, e estas palabras : *Viva o emperador ! 1824*⁸.

Outros corazóns inflamados, con esta inscrición característica nunha prisión : *Quero e adoro a Mathieu Lanvin*. JACQUES.

Na parede oposta lese este nome : *Papavoine*⁹. O P maiúsculo esta bordado con arabescos e afermosado coidadosamente.

Un retrouso dunha canción obscena.

Un pucho da liberdade¹⁰ esculpido con bastante profundidade na pedra e debaixo isto : *Bories*¹¹. *A República*. Era un dos catro suboficiais de La Rochelle. Pobre mozo ! Que noxentas son as pretendidas necesidades políticas ! Por unha idea, por un soño, por unha abstracción, esta horrible realidade chamada guillotina ! E eu que me laiaba, malpocado de min, que cometín un verdadeiro crime, que vertín sangue !

Non vou ir máis lonxe na miña procura... Acabo de ver, pintada en branco con xiz, no recuncho da parede, unha imaxe estarrecedora, a figura dese patíbulo

⁸ Napoleón morrera en 1821.

⁹ Apuñalou e matou nun parque, en 1824 , dous meniños de cinco e seis anos sen causa aparente e sen relación ningunha con eles.

¹⁰ Pucho ou gorro frixio, adoptado pola Revolución Francesa como símbolo da Liberdade.

¹¹ Jean-François Bories era un dos "Catro sarxentos de La Rochelle", guillotinaados baixo a acusación de quererem derrubar a monarquía da Restauración en 1822.

que nesta hora se cadra están erguendo para min... A lámpada hóubome caír das mans.

XII

Volvínme sentar correndo na miña palla, coa testa nos xeonllos. Logo, o meu arrepío de rapaz esvaeceu, e entroume de novo unha estraña curiosidade por continuar a lectura da miña parede.

Á beira do nome de Papavoine arranquei unha enorme tea de araña, toda espesa de poeira e tecida no recanto dos muros. Baixo a tea había catro ou cinco nomes perfectamente lexibles, entre outros dos que só fica unha chata na parede. DAUTUN, 1815. POULAIN, 1818. JEAN MARTIN, 1821. CASTAING, 1823. Lin eses nomes e viñéronme lúgubres lembranzas : Dautun, o que cortou ao seu irmán en cuartos e ía de noite por París botando a cabeza nunha fonte e o tronco nun sumidoiro. Poulain, o que asasinou á súa muller. Jean Martin, o que lle disparou un tiro de pistola ao seu pai cando o vello estaba a abrir unha fiestra. Castaing, aquel médico que envelenou ao seu amigo, e que cando o coidaba desa enfermidade que el lle provocara, en lugar de remedio dáballe de novo veneno. E cabo deles, Papavoine, o horrible tolo que mataba os meniños a coiteladas na cabeza !

-Velaí –diciame eu namentres me subía polo lombo un arreguizo de febre- Velaí os que antes de min foron hóspedes desta cela. Foi aquí, sobre destas mesmas lousas nas que estou onde pensaron os seus derradeiros pensamentos, eses homes de sangue e crime ! Foi de arredor desta parede, neste estreito cadrado, onde os seus derradeiros pasos deron voltas igual ca unha besta salvaxe. Sucedéronse a cortos intervalos : parece que este calabozo non queda nunca baleiro. Deixaron o sitio quente, e deixáronmo a min. Irei, á miña vez, reunirme con eles no cemiterio de Clamart, onde tan ben medra a herba !

Non son nin visionario nin supersticioso. É probable que estas ideas me provocasen un acceso de febre, mais en canto eu soñaba así, semelloume de súpeto que eses nomes fatais estaban escritos con lume na parede moura ; un tinguileo cada vez máis precipitado estourou nos meus ouvidos, unha luciña roxa encheu os meus ollos, e despois pareceume que o calabozo estaba cheo de homes estraños que portaban a súa cabeza sobre da man esquerda, e levábana collida pola boca porque non tiña cabelos. Amosábanme todos o puño, non sendo o parricida¹².

Peguei os ollos horrorizado, e daquela vin todo máis nidiamente.

Fose soño, visión ou realidade, tería eu toleado se unha impresión brusca non me tivese acordado a tempo. Estaba a piques de caír de costas cando sentín arrastrarse por riba do meu pé descalzo un ventre frío e unhas patas peludas : era a araña que eu molestara e que fuxía.

E rematou a posesión... Espantosos espectros ! ...Non, todo era fumegada, unha figuración do meu cerebro baleiro e convulsivo. Quimera como as de

¹² Aos parricidas, antes de os decapitaren, cortábanlles o puño dereito.

Macbeth ! Os mortos mortos están ; maiormente aqueles. Ben aferrollados no seu sepulcro. Non é un cárcere do que un poida evadirse. Como puiden, daquela, ter eu ese medo ?

A porta da tumba non se abre dende dentro.

XIII

Estes días pasados vin unha cousa noxenta.

Aínda ben non era día e a prisión estaba chea de ruído. Sentíase abrir e pechar as pesadas portas, renxer as fechaduras e os cadeados de ferro, repinicar os mazos de chaves ao entrechocaren no cinto dos carcereiros, tremar as escaleiras de arriba a abaixo so uns pasos precipitados, e unhas voces chamárense e respondéronse dun extremo ao outro dos longos corredores. Os meus veciños de calabozo, os forzados en castigo, estaban máis ledos que a cotío. Todo Bicêtre semellaba rir, cantar, correr e bailar.

Eu, o único mudo neste balbordo, o único inmóbil nese rebumbio, estrañado e atento, escoitaba.

Pasou un carcereiro.

Arrisqueime a chamalo e a lle preguntar se había festa na cadea.

- Festa, si, se queremos chamarlle ! –respondeume- Hoxe é o día de ferrar os forzados que teñen que partir mañá para Toulon.¹³ Quere velo ? Vaise divertir.

En efecto, para un recluso solitario un espectáculo, por máis odioso que fose, era unha fortuna. Aceptei a diversión.

O gardián tomou as precaucións habituais para me ter seguro, e despois levoume a unha celiña baleira e sen moble ningún que tiña unha fiestra enreixada, unha verdadeira fiestra, con suficiente altura para pousar nela os brazos e ao traveso da cal se vía realmente o ceo.

- Velaí ! –díxome- Dende aquí vai ver e ouvir. Vai estar só no cuarto, coma o rei.

Logo saíu e volveu cerrar tras de min pechaduras, cadeados e ferrollos.

A fiestra daba a un cadrado grandeiro arredor do que se erguía polos catro lados, tal unha muralla, unha alta construción en perpiaño de seis pisos. Nada máis deteriorado, máis espido e máis miserento para a vista ca esa cuádruple fachada furada por unha multitude de fiestras enreixadas ás que se pegaban, de embaixo a enriba, unha chea de faces magras e esbrancuxadas, apiñocadas unhas sobre das outras como as pedras dun muro, e todas, por dicilo así, encadradas entre as cruces dos barrotes de ferro. Eran os presos, espectadores da cerimonia a agardaren que lles chegase o día de seren actores. Teríase dito que eran almas en pena nas bufardas do purgatorio que dan ao inferno.

¹³ No porto de Toulon situouse un dos máis importantes campos de traballos forzados adicado á construción naval.

Todos miraban en silencio para o patio aínda baleiro. Agardaban. No medio deses rostros apagados e soturnos brillaban acá e acolá algúns ollos furadores e vivos como puntos de lume.

O cadrado de prisións que envolve o patio non se pecha sobre si mesmo. Un dos catro panos do edificio (o que mira ao levante) está cortado polo medio e só se une ao pano veciño por unha reixa de ferro. Esta reixa ábrese a un segundo patio, máis pequeno que o primeiro e -coma el- bloqueado por muros e pinchos mourecidos.

Todo de arredor do patio principal hai bancos de pedra encostados á muralla. No medio érguese un esteo de ferro curvado, destinado a termar dun farol.

Deron as doce. De súpeto abriuse unha gran porta cocheira, agachada nun afundimento. Unha carreta, escoltada por unha especie de soldados suxos e vergoñentos, en uniforme azul con ombreiras vermellas e bandoleiras amarelas, entrou zouponamente no patio cun ruído de ferralla. Eran os garda-forzados e as cadeas.

No mesmo momento, como se ese ruído acordase o ruído todo do cárcere, os espectadores das fiestras, ata entón silandeiros e inmóbiles, estouparon en berros de ledicia, en cantos, en ameazas, en imprecacións mesturadas con gargalladas que ferían ao sentilas. Diríase ver máscaras de demos. En cada face apareceu unha carantoña, os puños todos saíron dos barrotes, as voces todas ouvearon, os ollos todos botaron lume, e eu sentín arrepíos ao ver tanta muxica reaparecer nesa cinza.

Entrementres, os cómitres¹⁴ -dos que se distinguían pola súa roupa limpa e o seu espanto algúns curiosos chegados de París- puxéronse tranquilamente ao seu labor. Un deles subiu á carreta e botoulles aos seus compañeiros as cadeas, os colares de viaxe e os feixes de pantalóns de tea, Daquela partilláronse o traballo : uns foron estender nun recuncho do patio as longas cadeas que no seu argot chaman *os cordóns*, outros despregaron no lousado *os tafetáns* (as camisas e os pantalóns), en canto que os máis sagaces examinaban a seguido unha a unha, baixo a ollada do seu capitán (un vello pequeneiro e reboludo) as cangas de ferro que logo probaban facéndoas escintilar contra a pedra do chan. Todo entre as aclamacións bulreiras dos presos, voces só dominadas polas risadas boureantes dos forzados para os que se artellaba isto e aos que se vía relegados nas xanelas da prisión vella que dá ao patio pequeno.

Cando remataron estes preparos, un señor con bordados de prata a quen chamaban *señor inspector* deulle unha orde ao *director* da prisión, e un momento despois, velaí dúas ou tres portas baixas vomitaren no patio case ao tempo, como a bafaradas, moreas de homes ouveantes, esfarrapados e carrañentos. Eran os forzados.

¹⁴ Encargados da vixilancia dos galeotes.

Ao entraren, redobrou a ledicia nas fiestras. Algúns deles, os nomes máis importantes entre os dos galeotes, foron saudados con aclamacións e aplausos que eles recibían cunha caste de modestia fachendosa. Os máis levaban unha especie de chapeo trenzado coas súas propias mans na palla do calabozo, e sempre con forma estraña para que, nas vilas polas que pasasen, o chapeo fixese reparar na cabeza. Estes eran aínda máis aplaudidos. Un, maiormente, suscitou arroubos de entusiasmo : un mozo de dezasete anos, con cara de rapaza. Saía do calabozo, onde estivera illado dende había oito días ; co seu feixe de palla fixérase un vestido que o envolvía da testa aos pés e entrou no patio dando unha viravolta sobre si mesmo coa axilidade dunha serpe. Era un saltimbanqui condenado por roubo. Houbo unha furia de palmas e de berros de alegría. Os galeotes respondían a eles e era estarrecedor este intercambio de ledicia entre os forzados con título e os forzados aspirantes. Por moito que a sociedade estivese alá, representada polos carcereiros e os curiosos arrepiados, o crime mofábase dela nos seus fociños e deste castigo horrible facía unha festa de familia.

A medida de que chegaban, apuxábanos entre dúas reas de garda-forzados cara ao patio pequeno enreixado no que os agardaba a visita médica. Alá facían todos un derradeiro esforzo para evitaren a viaxe, alegando calquera desculpa de saúde, os ollos enfermos, a perna coxa, a man mutilada... Mais case sempre os atopaban aptos para os traballos, e daquela cadaquén se resignaba despreocupado, esquecendo en poucos minutos a súa pretendida eiva de toda a vida.

A reixa do patio pequeno volveuse abrir. Un gardián foi chamando por orde alfabética e daquela saíron un a un e cada galeote foise colocar de pé nun recuncho do patio grande, cabo dun compañeiro dado polo azar da súa letra inicial. Así cadaquén vese reducido a el mesmo, cadaquén leva a súa cadea para si, á par dun descoñecido, e se por acaso un galeote ten un amigo, a cadea sepárao del. Derradeira miseria !

Ao que tiveron saído unha trintena aproximadamente, volveron pechar a reixa. Un cómitre formounos en liña co seu bastón, botou diante de cada un deles unha camisa, unha chaqueta e un pantalón de burel, fixo logo un aceno e todos comezaron a se desvestir. Un incidente inesperado veu, como collido a tergo, mudar esta humillación en tortura.

Ata entón o tempo fóra bastante bo, e se a brisa de outubro enfriaba o aire, tamén de cando en cando abría acá e acolá nos neboeiros grises do ceo unha regaña pola que caía unha raiola de sol. Mais inda ben os forzados non se tiñan despedido dos seus farrapos da prisión, no momento en que se ofrecían nus á revisión desconfiada dos gardiáns e ás olladas curiosas dos estraños que daban voltas de arredor deles para examinaren os seus ombros, o ceo virouse mouro e unha fría chuvieira de outono estourou de súpeto e descargou a ballóns no patio cadrado enriba das cabezas descubertas, dos membros nús dos galeotes e dos seus miserentos saios estrados polo chan.

Nun chiscar de ollo o recinto baleirouse de todo o que non era cómitre ou galeote. Os curiosos de París fóronse abeirar baixo os alpendres das portas.

Entrementres, a chuvia caía a mares. No patio non se vían senón os forzados nus, nas lousas alagadas, coa auga a lles escorregar polo corpo. Un silencio tristeiro seguira ás súas boureantes bravatas. Aterecían, baticaban dente con dente, as súas pernas enfraquecidas e os seus xeonllos chouqueleaban e daba mágoa velos apor sobre os seus membros azuídos esas camisas enchoupadas, eses pantalóns a escoar chuvia. Tería sido mellor a nudez.

Só un, un vello, conservara algunha alegría. Esclamou, enxoitándose coa súa camisa mollada, que *iso non estaba no programa* e despois botouse a rir erguendo o puño cara ao ceo.

Cando remataron de vestir de volta a roupa do camiño, leváronos por fatos de vinte ou trinta ao outro recanto do patio, onde estaban a agardar por eles os cordóns alongados enriba da lousa. Eses cordóns son longas e fortes cadeas cortadas transversalmente cada dous pés por outras cadeas máis cortas; ao cabo delas vai unha canga cadrada que se abre por medio dunha charneira practicada nun dos ángulos e se pecha no ángulo oposto cun parafuso e unha porca de ferro, encaravillados durante toda a viaxe no pescozo do galeote. Cando eses cordóns están desenvolveitos no chan lembran ben a espiña dun peixe.

Mandaron sentar os galeotes na lama, enriba das lousas inundadas; probáronlles os colares, e, despois, dous ferreiros de entre a grea, armados de bigornas portátiles, encaravilláronlles en frío batendo con grosos mazos de ferro. É un momento terrible no que os máis afoutados empalidecen. Cada martelada, zoupando na bigorna apoiada no seu lombo, faille dar un chimpo ao queixelo do paciente: o menor movemento de adiante cara atrás faría que lle esmendrellasen o cranio como unha casca de noz.

Despois desta operación ensombreceron. Só se ouvía o tremelicar das cadeas. E, a intervalos, un berro e o ruído xordo do pau dos garda-forzados sobre dos membros dos recalcitrantes. Houbo quen chorou: os vellos arrepuñábanse e mordían os beizos. Ollei con terror todos eses perfís sinistros nos seus cadrados de ferro.

Así, despois da visita dos médicos a visita dos carcereiros, e despois da visita dos carcereiros a ferraxe. Tres actos dese espectáculo.

Volveu unha raioliña de sol. Diríase que prendía lume en todos aqueles miolos. Os forzados erguéronse ao tempo, como nun movemento convulsivo. Os cinco cordóns colléronse polas mans e de súpeto formaron unha inmensa roda arredor da póla do farol. Daban voltas ata marearen os ollos. Cantaban unha canción dos galeotes, unha troba en argot, de melodía ora queixosa ora enfurecida ou leda. A intervalos sentíanse berros esgumiados e gargalladas esgazadas e acorantes mesturárense á misteriosa letra; despois aclamacións furibundas. E as cadeas que entrechocaban cadenciosamente servían de orquestra para ese canto máis rouco que o seu ruído. Se eu andivese na procura dunha imaxe para representar o sabat non a daría escollido nin mellor nin peor.

Trouxeron ao recinto unha tina grande. Os garda-forzados romperon a danza dos galeotes a paus e leváronos cara a esa tina, na que se vía aboiar non sei que herbas en non sei que líquido fumegante e suxo. Comeron.

Despois, tras comeren, botaron no chan os restos da súa caldruxada e do seu pan de relón e puxéronse de volta a danzar e a cantar. Seica lles deixan esa liberdade o día da ferraxe e mais a noite seguinte.

Eu observaba ese estraño espectáculo cunha curiosidade tan ávida, tan latexante e tan atenta que me esquecera de min mesmo. Un profundo sentimento de conmiseración revirábame a corada toda e as risadas deles facíanme chorar.

De súpeto, a través da profunda matinación na que caíra, vin a roda ouveante deterse e calar. Logo, volvéronse todos cara á fiestra que eu ocupaba :

- O condenado ! O condenado ! – berraron todos eles en me sinalando co dedo.

E os estoupidos de ledicia redobraron.

Fiquei petrificado.

Ignoro de onde me coñecían e como me recoñeceran.

-Bo día ! Boa tarde ! –berráronme co seu atroz escarnio.

Un dos máis novos, condenado a perpetuidade ás galeras, con face reluciente e chumbenta, olloume con aire de envexa dicindo :

-Feliz el ! Vano *rabizar* ! Adeus para sempre, compañeiro !

Non son quen a dicir o que pasaba en min. Efectivamente, eu era o compañeiro deles. A praza de Grève é irmá de Toulon. Eu estaba mesmo situado por baixo deles e rendíanme honras. Sentín arreguizos

Si, o seu compañeiro ! E algúns días máis tarde tería podido ser, tamén eu, un espectáculo para eles.

Permanecera na fiestra, inmóbil, entalecido, paralizado. Mais cando vin os cinco cordóns avanzaren, botárense cara a min con falas dunha infernal cordialidade, cando sentín o estrepitoso balbordo das súas cadeas, dos seus brados, dos seus pasos rente da parede, semelloume que esa nube de demos gabeaba cara á miña miserenta cela. Ceibei un berro e lanceime contra a porta cunha violencia capaz de a crebar, mais imposible fuxir. Os ferrollos estaban pasados por fóra. Zoupei e chamei con raíba. Despois semelloume ouvir máis perto aínda as voces estarrecedoras dos forzados. Coidei ver as súas noxentas cabezas apareceren xa á beira da miña fiestra, ceibei un segundo berro de anguria e caín desmaiado.

XIV

Cando volví a min era noite. Estaba deitado nun catre ; un farol vacilante no teito fíxome ver outros catres aliñados dos dous lados do meu. Comprendín que me levaran á enfermería.

Permanecín desperto uns momentos, mais sen pensamento nin lembranza ningúns, gorentando a felicidade de me atopar nun leito. De certo que noutro tempo este leito de hospital e de cárcere teríame feito recuar de noxo e de mágoa. Mais eu non era xa o mesmo home. As sabas eran grisallentas e ríspidas á apalpada, o cobertor delgado e cheo de buratos, sentíase a pallugada a través do colchón... Que máis ten ! Os meus membros podíanse desentalicar ao xeitiño entre esas sabas groseiras; baixo ese cobertor, por lixeiro que fose, sentía eu esvaecer o terrible frío do miolo dos osos ao que xa me afixera ... Volvín adormecer.

Esptoume un gran ruído. O día comezaba a riscar. Aquel ruído viña de fóra, e como o meu leito estaba ao carón da fiestra soerguinme e senteime enriba del para ver o que era.

A fiestra daba ao patio grande de Bicêtre, que estaba cheo de xente: dúas reas de veteranos apenas daban mantido aberto, no medio desa multitude, un camiño estreito que atravesaba o patio. Entre a dobre fileira de soldados camiñaban devagar, a tombos polo empedrado, cinco longas carretas cargadas de homes : eran os forzados, que partían.

As carretas non estaban cubertas e cada cordón ocupaba unha. Os forzados ían sentados de lado en cada unha das beiras, de costas uns aos outros, separados pola cadea común que se desenvolvía ao longo do carro e tiña a rente, no extremo, un cómitre co fusil cargado. Ouvíase bater os seus ferros, e a cada abalo do vehículo víanse saltar as súas testas e abanearse as súas pernas colgantes.

Unha chuvia fina e penetrante xeaba o aire e pegaba aos seus xeonllos os seus pantalóns de tea, que de grises tornáranse negros. A suor escorregaba polas súas longas barbas e os seus cabelos cortos, as súas faces puxéranse violáceas, atarecendo, e os seus dentes baticaban coa rabia e o frío. Por outra banda, calquera outro movemento resultaba imposible. Unha vez encaravillado a esa cadea un non é senón unha fracción dese atroz todo que chaman *o cordón* e que se move coma un só home. A intelixencia ten que abdicar, a canga do forzado condénaa á morte, e tocante ao propio animal non debe ter necesidades e apetitos non sendo a horas fixadas. Así, inmóbiles, semínus a maior parte deles, coa cabeza descuberta e os pés colgando, encetaban a súa viaxe de vinte e cinco días, cargados nas mesmas carretas, vestidos coa mesma roupa para o sol chumbento de xullo e as frías chuveiras de novembro. Díriase que os homes queren que o ceo faga a metade do seu oficio de verdugos.

Establécerase entre a multitude e as carretas unha sorte de horroroso diálogo : insultos por un lado, bravatas polo outro, imprecacións polas dúas partes, mais, tras un aceno do capitán, vin os paus chover a esgalla nas carretas, sobre das

cabezas e dos lombos, e todo volveu a esa especie de calma externa que chaman *a orde*. Mais os ollos estaban inzados de venganza, e os puños dos miserables crispábanse sobre dos seus xeonllos.

As cinco carretas, escoltadas por xendarmes a cabalo e cómitres a pé, desapareceron sucesivamente baixo o arco de medio punto do portón de Bicêtre, seguidas por unha sexta na que se acaneaban, revoltas nun remexido, as olas, os cuncos de cobre e as cadeas de recambio. Algúns garda-forzados que se retrasaran na cantina saíron correndo para se uniren á súa escadra. A multitude esparexeuse. Todo ese espectáculo se esvaeceu tal unha fantasmagoría. Sentiuse como se ía enfeblecendo no aire, progresivamente, o ruído pesado das rodas e dos cascos dos cabalos pola estrada empedrada de Fontainebleau, o rechiscar dos chicotes, o chouqueleo das cadeas e os berros do pobo que lle desexaba desgraza á viaxe dos galeotes.

E isto só é o comezo, para eles !

Que me dicía, logo, o avogado ? As galeras ? Si, ho, mil veces antes a morte ! Antes o patíbulo que o campo, antes a nada que o inferno ; antes entregar o meu pescozo á coitela de Guillotin que ao cangallo dos forzados. As galeras, santo Ceo !

XV

Por desgraza non estaba enfermo. No outro día tiven que saír da enfermería. O calabozo recuperoume.

Non estaba enfermo ! Efectivamente, estou mozo, sán e forte. O sangue circula ceibe polas miñas veas, os meus membros todos obedecen a todos os meus caprichos, estou robusto de corpo e de mente, constituído para unha vida longa. Si, todo iso é certo, porén teño unha enfermidade, unha enfermidade mortal, unha enfermidade provocada pola man dos homes.

Dendes de que saín da enfermería veume unha idea punxente, unha idea quen de facerme tolear, e é que se cadra tería podido escapar se me tivesen deixado alí. Eses médicos e esas irmás da caridade semellaban interesarse por min. Morrer tan novo e dese xeito ! Dixérase que se doían de min, tan solícitos se apiñaran á miña cabeceira. Boh, curiosidade ! E a maiores, esa xente que vos cura, cúravos ben dunha febre, mais non dunha sentenza de morte. E, con todo, seríalles tan doado ! Unha porta aberta ! Que lles importaría ?

Agora xa é imposible ! Van rexeitar o meu recurso porque todo está en regra : as testemuñas testemuñaron correctamente, as partes litigaron correctamente e os xuíces xulgaron correctamente. Niso eu non conto, a menos que... Non, é unha tolemia ! Non hai esperanza ! O recurso é unha corda que vos ten suspendido por riba do abismo e que se escoita triscar a cada instante, ata que creba. É como se a coitela da guillotina botase seis semanas en caír.

- E se me perdoasen a vida ? ...Perdoar a vida ! E quen ? E por que ? E como ? É imposible que me perdoen a vida. Dar exemplo, como din eles.

Só teño tres pasos que dar : Bicêtre, La Conciergerie¹⁵ e a praza de Grêve.

¹⁵ Dependencia do antigo palacio real, situado ao carón da Île de la Cité, que despois foi a sede do Palacio da Xustiza. No momento en que Victor Hugo escribe *O derradeiro día* albergaba a prisión á que trasladaban os condenados á morte antes da súa execución.

XVI

Durante as poucas horas que pasei na enfermería sentárame cabo dunha fiestra, ao sol (volvera aparecer), ou cando menos recibindo do sol todo o que as reixas da xanela me permitían.

Eu estaba alá, pesándome a cabeza, abrazada polas mans que abranxían máis do que podían elas termar, os cóbados enriba dos xeonllos e os pés nos barrotes da cadeira, porque o abatemento fai que me empene e me acurruncha sobre min mesmo como se xa non tivese nin osos nos membros nin músculos na carne.

O cheiro apagado da prisión afogábame mais ca nunca, tiña aínda na orella todo aquel ruído de cadeas dos forzados, sentía unha gran canseira de Bicêtre. Semellábame que o bon Deus debería doerse de min e mandarme cando menos un paxariño para cantar alá enfronte, na beira do tellado.

Non sei se foi o bon Deus ou o demo quen mo concedeu, mais case no mesmo momento ouvín como se elevaba baixo a miña fiestra unha voz, non a dun paxaro senón moito mellor: a voz pura, fresca e aveludada dunha mociña de quince anos. Erguín a cabeza como sobresaltado e escoitei con avidez a canción que ela cantaba. Era unha melodía lánquida e lenta, unha especie de arrollo tristeiro e queixoso. Velaí a letra¹⁶:

*Rente do Xo' da Bola
botáronme a man,
laceirán,
tres micos con argola,
tristrás, laceirana,
guindáronse ao brután,
Tristrás, laceirán.*

Non daría eu expresado o amarga que foi a miña desilusión. A voz seguiu:

*Guindáronse ao brután,
laceirán,

E púxeronme o trinco,
tristrás, laceirana,
chegou o máis mandán,
tristrás, laceirán.
Atopo na chilreira,*

¹⁶ A canción utiliza abundantemente o argot dos delinquentes da Francia desa época. Nós, primando a medida e a rima para conservar as estrofas, creamos palabras novas ou utilizamos ás veces expresións procedentes de xirias profesionais galegas, maiormente o *barallete* dos afiadores e o *verbo dos arxinas* ou canteiros.

*tristrás, laceirana,
aghiote veciñán,
tristrás laceirán.*

*Aghiote veciñán,
laceirán.*

*-« Dille á miña belena,
tristrás, laceirana,
que me ten o marrán,
tristrás, laceirán ».
Miña belena ruta,
tristrás, laceirana,
dime : « Que foi, loubán ? »,
tristrás, laceirán.*

*Dime : « Que foi, loubán ? »,
laceirán.*

*- « Pinchei un carallán »,
tristrás, laceirana,
« e ripeille o argán »,
tristrás, laceirán,
« o canfrós e a tralla »,
tristrás, laceirana,
« tamén alá che van »,
tristrás, laceirán.*

*« Tamén alá che van »,
laceirán.*

*Miña belena cispa,
tristrás, laceirana,
vai feita un azacán,
tristrás, laceirán,
pedirlle ao rei por graza,
tristrás, laceirana,
que me ceibe ao doután,
tristrás, laceirán.*

*Que me ceibe ao doután,
laceirán.*

*-Ai, ho, se me ceibase,
tristrás, laceirana,
a belena mañá,
tristrás, laceirán,
tiña xiros calquetes
tristrás, laceirana,*

*xiro amarro no van,
tristrás, laceirán.*

*Xiro amarro no van,
laceirán.*

*O Mandante atufado,
tristrás, laceirana,
di «A ese maloután »,
tristrás, laceirán,
« voulle eu facer que baile »,
tristrás, laceirana,
« sen ter os pes no chan »,
tristrás, laceirán.*

Non ouvín máis nada dela, nin o daría ouvido. Co sentido medio agochado e medio entendido dese horrible laio, esa loita do rapiñante coa rolda, ese ladrón que el atopa e envía xunto da súa muller, esa arrepiente mensaxe (Asasinei un home e estou preso, *pinchei un carallán e tenme o marrán*) esa muller que corre cabo do rei cunha petición de perdón, e ese *Mandante* que se indigna e ameaza o culpable con *facer que baile sen ter os pés no chan*. E todo iso cantado coa melodía mais doce e a máis doce voz que xamais teña adurmiñado a orella humana ! Deixoume mancado, xeadó, destruído. Eran cousa repulsiva aquelas monstruosas palabras todas que saían desa boquiña vermella e fresca. Diríase a baba dunha lesma sobre dunha rosa.

Non sabería expresar o que sentía : ao tempo era eu ferido e agarimado. A xerga da cova dos ladróns e do campo dos forzados, esa lingua ensanguentada e grotesca, ese noxento argot casado cunha voz de mociña, grácil transición da voz de meniña á voz de muller ! Todas esas palabras deformes e malfeitas, cantadas cadenciosas e nidias !

Ah, que cousa tan infame é unha prisión ! Hai nela unha pezoña que ensuxa todo. Todo se murcha nela, mesmo a canción dunha mociña de quince anos ! Atopades alí un paxariño e ten lama nas ás, colledes unha belida flor, respirádelas e fede.

XVII

Ai, se escapase ! Como había eu correr polos campos !

Non, non tiña que correr. Así mirante e sospeitan de ti. Ao contrario : camiñar devagariño coa cabeza ergueita, cantando. Tratar de levar calquera chambro vello azul con debuxos vermellos. É bo para se disimular. Lévanos todos os cultivadores da bisbarra.

Sei, perto de Arcueil, dunha bouza de árbores á beira dun brañal, onde, cando eu andaba no colexio, ía cos meus compañeiros pescar rans todas as quintas feiras. Agacharíame alá ata o serán.

De chegada a noitiña recomenzaría a carreira. Iría a Vincennes. Non, o río impediríamo. Iría a Arpajon. (-Mellor fóra coller pola parte de Saint-Germain, ir a Le Havre e embarcar para Inglaterra. -Tanto ten, chego a Longjumeau, pasa un xendarme e pídeme o pasaporte... Estou perdido !).

Ah, coitado soñador, creba primeiro o espeso muro de tres pés que te aprisiona ! A morte ! A morte !

Cando penso que de pequeno viñen aquí, a Bicêtre, ver o enorme pozo e os tolos !

XVIII

Namentres eu escribía todo isto a miña lámpada palideceu, chegou o día e o reloxo da capela deu as seis.

(-Que quere iso dicir ? O vixiante de garda acaba de entrar no meu calabozo, tirou o seu carapucho, saudoume, desculpouse de me molestar e preguntoume, suavizando o máis que puido a súa ruda voz, o que eu desexaba para o almorzo... Percorreume un arreguizo.)

Será hoxe ?

XIX

É hoxe !

O propio director da prisión acaba de me visitar. Preguntoume en que podía serme agradable e útil, expresou o desexo de que eu non tivese queixa del ou dos seus subordinados, interesouse pola miña saúde e pola maneira en que eu pasara a noite ; e cando marchou chamoume *señor* !

É hoxe !

XX

Non cré, o carcereiro ese, que eu teña queixa del e dos seus sub-carcereiros, Ten razón. Estaría mal, pola miña parte, que me queixase : eles cumpriron o seu oficio, gardáronme ben e, a maiores, amosáronse educados no momento da chegada e no da partida. Seica non teño que estar contento ?

Este bo carcereiro, co seu sorrir benigno, as súas palabras garimosas, o seu ollo que aloumiña e axexa, e as súas grosas e anchas mans, encarna a prisión, é Bicêtre feito home. Todo é prisión arredor miña : atopo a prisión baixo todas as súas formas, baixo a forma humana igual que baixo a forma de reixa ou de ferrollo. Esa parede é a prisión de pedra, esa porta é a prisión de madeira, eses gardiáns son a prisión en carne e oso. A prisión é unha especie de ser horrible completo, indivisible, metade casa e metade home. Eu son a súa presa : ela acóchame, apértame con todas as súas dobras. Encérrame nos seus muros de granito, agrillóame baixo as súas pechaduras de ferro e vixíame cos seus ollos de carcereiro

Ai, desgraciadiño ! Que vai ser de min ? Que van facer comigo ?

XXI

Agora estou tranquilo. Todo rematou de a feito. Saín da horrible ansiedade na que me botara a visita do director. Porque, debo confesalo, tiña aínda esperanza... Agora, grazas a Deus, xa non a teño.

Velaí o que acaba de pasar :

No momento en que daban as seis (Non, eran as menos cuarto) a porta do calabozo abriuse de novo. Entrou un vello de testa branca, vestido cunha levita escura. Entreabriu a levita e vin unha sotana e un colariño. Era un crego.

Este crego non era o capelán da prisión. A cousa era funesta.

Sentou fronte de min sorrindo benevolmente ; despois abaneou a cabeza e ergueu os ollos cara ao ceo, é dicir, á bóveda do calabozo. Entendino.

-Meu fillo -díxome- estades preparado ?

Respondinlle con voz feble :

-Non estou preparado, mais estou listo.

No entanto a vista toldóuseme, unha suor fría saíu asemade dos meus membros todos, sentín as tempas inchárense, e os ouvidos puxéronseme cheos de zoeira.

Entrementres me eu abalaba na cadeira como adurmiñado, o bondadoso vello falaba. Cando menos pareceumo, e creo lembrar que vin os seus beizos movérense, as súas mans axitárense e os seus ollos relociren.

A porta volveuse abrir por segunda vez. O ruído dos ferrollos arrancounos, a min do meu abraio e a el do seu discurso. Unha especie de señor vestido de negro, acompañado polo director do cárcere presentouse e saudoume profundamente. Ese home levaba na face algo da tristeza oficial dos empregados das pompas fúnebres. Sostiña un rolo de papel na man.

- Señor -díxome cun sorrir de cortesía- son alguacil do Tribunal Real de París. Teño a honra de lle traer unha mensaxe de parte do señor fiscal xeral.

A primeira sacudida pasara. Volvérame toda a miña presenza de ánimo.

- É o señor fiscal xeral que pediu con tanta insistencia a miña cabeza ? - pregunteille eu- Grande honra para min que me escriba. Espero que a miña morte lle proporcione un notable pracer porque para min sería duro pensar que a solicitou con tanto ardor e lle era indiferente.

Dixen iso todo, e continuei con voz firme :

- Lea, señor !

El púxose a me ler un texto longo, cantando ao final de cada liña e dubidando no medio de cada palabra. Era o rexeitamento do meu recurso.

-A sentenza será executada hoxe na praza de Grève –engadiu cando rematou, sen erguer a vista do seu papel timbrado- Partimos ás seis e media en punto para La Conciergerie. Meu querido señor : terá a extrema amabilidade de me seguir ?

Dende había uns momentos eu xa non o escoitaba. O director parolaba co crego, el tiña os ollos chantados no papel e eu miraba para a porta que quedara entreaberta... (-Ai, coitado, catro fusileiros no corredor !).

O alguacil repetiu a pregunta, mirando para min desta vez.

-Cando queira –respondinlle eu- Á súa disposición !

Saudoume dicindo :

- Terei a honra de o vir buscar de aquí a media hora.

Daquela deixáronme só.

Un xeito de escapar, meu Deus ! Calquera xeito ! Teño que fuxir. É preciso ! Decontadiño ! Polas portas, polas fiestras, pola armazón do tellado ! Aínda que tivese que deixar parte da miña carne nas trabes !

Maldita ! Dou ao demo ! Arrabeo ! Cumpría un mes para furar este muro con boas ferramentas, e eu non teño nin un cravo nin unha hora !

+

XXII

Velaí estou *transferido* como di o documento do rexistro.

Mais paga a pena contar a viaxe.

Daban as sete cando o alguacil se presentou de novo no limiar do meu calabozo :

-Señor -díxome- estouno agardando. (-Malpocado de min ! El e mais outros !).

Erguinme e din un paso ; pareceume que non sería quen de dar outro, tan pesada tiña a testa e febles as pernas. Con todo, recupereime e seguín cun andar bastante firme. Antes de saír da cela boteille unha derradeira ollada... Eu quería lle ao meu calabozo. Despois deixei no baleiro e aberto, o que lle dá ao calabozo un aspecto singular.

Por outra banda, non o ha estar moito tempo. Polo serán espérase alguén, segundo dicían os encargados das chaves, un condenado que a audiencia está facendo arestora.

Na revolta do corredor, o capelán uníuse a nós. Viña de almorzar.

En saíndo da gaiola, o director colleume afectuosamente a man e reforzou a miña escolta con catro veteranos.

Diante da porta da enfermería, un vello moribundo berroume : « A máis ver ! ».

Chegamos ao patio. Respirei, fíxome ben.

Non camiñamos moito ao aire. Un vehículo, con cabalos de posta atrelados estaba estacionado no primeiro patio : é o mesmo vehículo que me trouxera : unha especie de cabriolé oblongo, dixidido en dúas seccións por unha grella transversal de arame tan mesta que se diría tecida. As dúas seccións teñen cada unha unha porta, unha diante e outra detrás do carreto. Todo está tan suxo, tan mouro e tan poeirento, que, en comparanza, o coche fúnebre dos pobres é unha carroza da consagración do rei.

Antes de me sepultar nesa tumba de dúas rodas botei unha ollada no patio, unha desas olladas desesperadas ante as que semella que os muros deberían esborroarse. O patio, especie de praciña plantada de árbores, estaba aínda máis ategada de espectadores que cando dos forzados ás galeras. Había multitude, xa !

Como o día da saída da cadea, caía unha chuvía propia do tempo, unha chuvía fina e xeadá que segue a caír no momento en que estou a escribir, que ha caír sen dúbida o día todo e que ha durar máis ca min.

Os camiños estaban esfurcados, o patio cheo de fango e de auga. Tiven o pracer de ver esa multitude nesa lama.

Subimos o alguacil e un xendarme no compartimento de adiante, o crego, eu e mais un xendarme no outro. Catro xendarmes de a cabalo arredor do vehículo. Así, sen o cocheiro, oito homes para un home só.

Entrementres que eu subía, había alí unha vella dicindo : « Aínda me gusta máis isto que o encadeamento. ».

Enténdoo : é un espectáculo que un abraza máis doadamente nunha ollada, dáse visto máis axiña. É tan bonito coma el e máis cómodo. Nada vos distrae, non hai senón un home, e enriba dese único home tanta miseria como enriba de todos os forzados xuntos. Só que isto está menos espallado, é un licor concentrado, moito máis gorentoso.

O vehículo púxose en movemento. Fixo un ruído xordo ao pasar por baixo da bóveda do portón e logo desembocou na avenida, e os pesados batentes de Bicêtre volvéronse pechar atrás dela. Eu sentíame levar con estupor, coma un home caído no letargo que non pode rebulir nin berrar e que ouve que o están a enterrar. Escoitaba vagamente os feixes de axóuxeres pendurados no pescozo dos cabalos de posta soar cadenciosamente e, como impando, as rodas ferradas petaricar no empedrado ou bater coa caixa ao mudaren de relleira, o galope sonoro dos xendarmes de arredor do carreto, e o látego do cocheiro rechiscando. Iso todo semellábame como un rodopío que me levaba.

A través das reixas dun poxigo furado fronte a min, os meus ollos chantáranse mecanicamente nas grandes letras de enriba do portón de Bicêtre : « ASILO DE ANCIÁNS¹⁷ ».

- Vaite -díxenme eu- Seica hai xente que chega a vella aí.

E, como se fai entre o soño e a vela, dáballes voltas a esta idea en todos os sentidos na miña mente atordoada coa dor. De súpeto, o carreto, ao pasar da avenida á estrada principal, mudou a perspectiva da lumieira. As torres de Notre-Dame viñéronse encadrar nela, azulentas e medio borradas pola brétema de París. De inmediato, a perspectiva da miña mente mudou tamén. Convertérame nunha máquina, coma o vehículo. Á idea de Bicêtre sucedelle a das torres de Notre Dame. : « Os que estean enriba da torre da bandeira han ver ben » -díxenme sorrindo parvamente.

Creo que foi naquel momento cando o crego se puxo de volta a me falar. Deixeiño baduar con paciencia. Tiña eu xa no ouvido o ruído das rodas, o galope dos cabalos e o látego do cocheiro. Era outro ruído máis.

¹⁷ A antiga fortaleza medieval foi construída en terreos que pertencían ao arcebispo de Winchester (de aí a deformación Bicêtre). No século XVII construíuse un edificio, destinado primeiro a asilo e hospital para soldados feridos e enfermos, logo incrementado cun hospicio de rapaces abandonados e finalmente como lugar de peche de toda caste de “indeseixables”.

Estaba a escoitar en silencio esa pingada de monótonas falas que me adormentaban o pensamento como o murmurio dunha fonte, e que pasaban diante de min, sempre diferentes e sempre iguais, como os olmeiros retortos da estrada principal, cando a voz breve e entrecortada do alguacil, situado na parte de diante, veume dar un súbito abalo.

- E logo, señor abade ! –dixo cun acento case ledó- Que novas sabedes ?

Virábase cara ao crego, ao falar así.

O capelán, que me falaba sen parada, enxordecido polo vehículo, non respondeu.

-Ei ! Ei ! – proseguiu o cocheiro erguendo a voz para pasar por riba do ruído das rodas- Carricoche infernal !

Infernal ! Efectivamente.

E continuou :

- Seguro que son os tombos. Non nos damos entendido. Qué quería eu dicir, xa ? Facede o favor de mo dicir, señor abade... Ah sabedes a gran noticia de hoxe de París ?

Eu sentín un arreguizo, como se falase de min.

- Non –dixo o crego, que ao final entendera- Non tiven tempo de ler os xornais esta mañá. Mirareinos polo serán. Cando estou así de ocupado o día todo, encoméndolle ao porteiro que me garde os xornais e léos á volta.

- Boh –proseguiu o alguacil- É imposible que non o saibades. A noticia de París ! A noticia desta mañá !

Tomei a palabra : « Creo que a sei eu »

O alguacil mirou para min.

- Vostede? De certo ? Daquela, que di do asunto ?

- É curioso, vostede –respondinlle.

- E logo, señor ? –replicou o alguacil- Cadaquén ten a súa opinión política. Aprécioo de máis como para crer que vostede non ten a súa. Canto a min, son totalmente partidario do restablecemento da garda nacional. Eu era sarxento da miña compañía e a fe que foi ben agradable.

Interrompino.

- Non coidaba que se tratase diso.
- E logo de que ? Dicía que sabía a noticia.
- Falaba doutra, da que París tamén se ocupa hoxe.

O imbecil non entendeu e picoulle a curiosidade.

- Outra noticia ? E onde demo puido vostede informarse de noticias ? Cal é ? Rógollo, señor ! Sabedes o que é, señor abade ? Estadades máis ao corrente ca min ? Infórmádeme, por favor. De que se trata ?... Gústanme as noticias, sabedes ? Cántollas ao señor presidente e él divírtese.

E mil trangalladas, Virábase sucesivamente cara ao crego e cara a min e eu só lle respondía erguendo o ombreiro.

- Entón ! –dixome- Daquela, que pensa ?

- Penso –respondinlle- que xa non pensarei máis nada esta noite.

- Ah, é iso ! –replicou- Vamos, está demasiado triste ! O señor Castaing¹⁸ parolaba.

Logo, despois dun silencio :

- Eu transportei o señor Papavoine- Levaba a súa carapucha de lontra e fumaba o seu charuto. Canto aos mozos de La Rochelle só falaban entre eles. Mais falaban.

Fixo outra pausa e seguiu :

- Uns tolos ! Uns exaltados ! Tiñan aspecto de desprezar a todo o mundo. E tocante a vostede, atópoo de certo moi penseiro, mozo.

- Mozo ! –retruquille- Son máis vello ca vostede : cada cuarto de hora que corre bótame enriba un ano.

Virouse, olloume uns instantes con asombro inepto e despois púxose sarcástico :

- Está de risa : máis vello ca min ! Podería ser o voso avó.

- Non estou de risa –respondinlle gravemente.

Abriu o seu tabaqueiro :

¹⁸ Castaing, Papavoine e os *mozos de La Rochelle* –que aparecen nas seguintes réplicas- foron aludidos nos anacos XII e XI.

- Tome, querido señor, non se anoxe : aspire un pouco e non me gardede rancor.

- Non teña medo : non vou ter moito tempo para llo gardar.

Nese momento, o tabaqueiro que me tendía deu coa grella que nos separaba. Un tombo fíxoo bater de xeito violento e caíu aberto baixo os pés do xendarme.

- Maldita grella ! –exclamou o alguacil.

Volveuse cara a min.

- Tamén teño mala sorte ! Perdín o meu tabaco todo !

- Perdo eu máis ca vostede–respondinlle sorrindo.

Intentou recoller o tabaco, rosmando entre dentes.

- Máis ca min ! É doado dicilo. Sen tabaco ata París ! Terrible!

Entón o capelán dirixiulle unhas palabras de consolo, e non sei se a min me preocupaba, mais pareceume que era a continuación da prédica da que eu tivera o comezo. Pouco a pouco o crego e o alguacil trabaron conversa, eu deixei nos falar pola súa banda, e pola miña púxenme a pensar.

Ao abordarmos a barreira, seguía eu sen dúbida preocupado, mais pareceume que París facía un ruído maior que de ordinario.

O vehículo detívose un momento diante do posto dos consumos¹⁹. Os aduaneiros da vila inspeccionárona. Se levase un carneiro ou un boi para o matadoiro, tería sido preciso botarlles unha bolsa de cartos, mais unha cabeza humana non paga dereitos. E pasamos.

Franqueado o baluarte, o carroto afundiuse ao galope nesas vellas rúas tortuosas do bairro de Saint Marceau e de La Cité²⁰, que serpentean e se entrecruzan coma os mil camiños dun formigueiro. No empedrado destas rúas estreitas, o rolar do vehículo fíxose tan barullento e tan rápido que eu xa non daba entendido máis nada do ruído exterior. Cando botaba unha ollada pola lumieira cadrada, semellábame que a vaga dos camiñantes se detiña para mirar o vehículo e que greas de rapaces corrían atrás del. Pareceume tamén ver de cando en cando nas encrucilladas, acá e acolá, un home ou unha vella esfarrapados, por veces xuntos os dous, a termaren dun feixe de follas impresas que os camiñantes se disputaban e a abriren a boca como para berrar forte.

¹⁹ Na entrada das cidades, normalmente ao carón dunha barreira ou detrás dunha porta, había un posto que cobraba taxas municipais por introducir determinadas mercadorías para o consumo, maiormente destinadas á alimentación.

²⁰ Bairros do centro de París. O primeiro deles – hoxe de Saint Marcel- tiña sona de ser o máis pobre da capital.

Daban as oito e media no reloxo do Palacio ao nós chegarmos ao patio de La Conciergerie. A visión desa gran escaleira, desa negra capela, deses portelos sinistros, conxeloume. Cando o vehículo parou coidei que tamén o meu corazón ía parar de bater.

Reunín as miñas forzas ; a porta abriuse coa rapidez dun lóstrego, saltei do calabozo rodante para abaixo e afundínme ás alancadas so a bóveda entre dúas reas de soldados. Xa se formara unha multitude ao meu paso.

XXIII

Namentres camiñei polas galerías públicas do Palacio de Xustiza, sentíame case libre e ao xeitiño, mais toda a miña resolución me abandonou des que abriron diante miña unha chea de portas baixas, de escaleiras secretas, de pasaxes interiores, de corredores afogados e xordos nos que non entran máis que os que condenan ou os que son condenados.

O alguacil seguíame acompañando. O crego deixárame para volver de alí a dúas horas : tiña cousas que facer.

Leváronme ao gabinete do director, nas mans de quen me confiou o alguacil. Era un troco. O director pregoulle que agardase un instante, anunciándolle que habería *caza* para lle entregar, a fin de que a levase axiña a Bicêtre na volta do carroto. Sen dúbida o condenado de hoxe, o que ten que se deitar esta noite sobre do feixe de palla que eu non tiven tempo a gastar.

-De acordo –díxolle o alguacil ao director- Vou agardar un momento e imos facer os dous documentos de entrega a un tempo, cádranos ben.

No entanto, metéronme nun gabetiño ao carón do do director. Alá, deixáronme só, ben aferrollado.

Non sei no que estaba a pensar nin canto tempo levaba alá cando unha súpeta e violenta gargallada á miña orella veume espertar do soño.

Erguín os ollos cun abalo. Xa non estaba só na cela. Atopábase alí comigo un home duns cincuenta e cinco anos e estatura media ; enrugado, alombado e encanecente ; reboludo e con membros pequeneiros ; de mirada retorta en ollos grises e risa agre na faciana ; suxo, esfarrapado e case espido. Daba noxo velo²¹.

Seica a porta se abrira, vomitáralo e logo se volvera pechar sen que eu me decatara diso. Se a morte puidese chegar deste xeito !

Ollámonos en fite uns segundos, o home e mais eu ; el prolongando a súa risada, que semellaba un estertor, e eu medio abraiado e medio estarrecido.

- Quen é vostede ? –pregunteille finalmente.

- Que preguntíña, ho ! Un richivau²².

- Un richivau ! Que quere dicir ?

²¹ O home utiliza abundantemente termos do argot dos malfeitores franceses. Nós, cando non empregamos termos galegos do barallete ou do verbo dos arxinas, creamos ou adaptamos os termos tendo en conta a sonoridade e expresividade das palabras e expresións orixinais.

²² Condenado a morte que agarda o resultado do recurso.

- Quere dicir –berrou no medio dunha gargallada- que de aquí a seis semanas o zache vai xogar no cesto coa miña sorbona igual que coa túa torada de aquí a seis horas... Ha, ha ! Seica agora entendes!

En efecto, eu puxérame pálido e os meus cabelos arrepiáranse. Aquel era o outro condenado, o condenado do día, o que estaban a agardar en Bicêtre, o meu herdeiro.

Continuou :

- Que lle queres ? Velaí a miña historia : Son fillo dun bon larapio²³, é mágoa que un día Carlotes²⁴ se tomara o traballo de lle atar a garavata. Era cando reinaba a forza, pola graza de Deus. Aos seis anos xa eu non tiña pai nin nai : polo verán facía pincharcarneiros na poeira rente dos camiños para que me botasen un pataco polo portelo das cadeiras de posta, e polo inverno ía cos pés descalzos pola lama soprando nos meus dedos todos vermellos ; víanseme as coxas polo pantalón furado. Aos nove anos comecei a utilizar as miñas gouchas²⁵, de cando en cando baleiraba unha mica²⁶, afarracaba un gambelo²⁷, aos dez anos era un melante²⁸. Despois fixen amigos e aos dezasete anos era un aghiote.²⁹ Despechentaba unha mercha³⁰, mariñaba unha gabiarrá³¹, Pilláronme e como tiña idade mándaronme aos barquiños bater o remo³². O campo de forzados é duro : durmir riba dunha táboa, beber auga clara, comer pan negro, arrastrar unha bola imbécil que non serve para nada, pancadas e sol abafante. Coa mesma trosquíante : e eu que tiña tan bonito cabelo acastañado ! Non importa !... Cumprín a miña pena. Quince anos arrincados do pelexo ! Tiña trinta e dous anos. Unha boa mañá déronme unha folla de ruta e setenta e seis francos, que fixera nos meus quince anos de galeras, traballando dezaseis horas por día, trinta días por mes e doce meses por ano. É igual, eu quería ser un home honrado cos meus setenta e seis francos e tiña debaixo dos meus farrapos mellores sentimentos dos que hai baixo a xamernía dun zoina³³. Mais, que o demo leve o tal pasaporte ! Era amarelo e enriba del escribían : « Galeote liberado ». Tiña que amosalo en todos os sitios polos que pasaba e presentarllo cada oito días ao alcalde do lugar onde me obrigaban a apoular³⁴. Boa recomendación ! Un forzado ! Eu metía medo, os rapaces liscaban e a xente pechaba as portas. Ninguén quería darme choio. Comín os meus sesenta e seis francos. E despois cumpriu vivir. Amosei os meus brazos, útiles para traballar, e pecháronme as portas. Ofrecín cobrar a metade, a cuarta parte, a décima. Nadiña. Que facer, daquela ? Un día, tiña fame. Escachei o cristal dun panadeiro e pillei un pan, o panadeiro pilloume a min e non o puiden comer, mandáronme ás galeras a

²³ Ladrón.

²⁴ O verdugo.

²⁵ Mans.

²⁶ Bolsa.

²⁷ Roubaba un abrigo.

²⁸ Ladrón.

²⁹ Ladrón.

³⁰ Forzaba a pechadura dunha tenda.

³¹ Facía unha chave falsa.

³² Ás galeras.

³³ A sotana dun cura.

³⁴ Vivir.

perpetuidade, con tres letras gravadas a lume no ombreiro... Pódochas amosar se queres... A esta condena chámalle *reincidencia*. Velai me tes logo como cabalo de volta. Enviáronme a Toulon, desta vez cos do pucho verde³⁵. Tiña que me evadir. Para iso non tiña senón tres muros que furar, dúas cadeas que cortar, e só un cravo. Evadinme. Dispararon o canón de alerta, porque a nós trátannos como aos cardeais de Roma : imos vestidos de vermello e lanzan disparos de canón cando marchamos. Aquela pólvora foi aos paxaros. Nesta ocasión non houbo pasaporte amarelo, mais tampouco non diñeiro. Atopei compañeiros que tamén cumpriran ou que romperan a corda. O seu buxa³⁶ propúxome formar parte deles e estafuñir no carroulo³⁷. Aceptei e matei para vivir. Por veces era unha dilixencia, outras unha cadeira de postas ou un vendedor de bois que ía a cabalo. Colliamos o diñeiro e deixabamos quedar o animal ou o coche e enterrabamos o home debaixo dunha árbore, coidando de que non saisen para fóra os pés, e despois bailabamos enriba da foxa para que a terra non aparentase cavada recentemente. Así me fun facendo vello, abeirándome na bouza e durmindo ao raso, acurrado no mato, mais cando menos libre e amo de min. Todo ten remate, este ou outro distinto. Os charras³⁸ botáronme o lazo, unha noite, pillándome polo pescozo. Os meus samarúas esgueiráronse³⁹, mais eu, o máis vello, quedei nas poutas dos gatos de pucho con galón⁴⁰. E trouxéronme aquí. Pasara por todos os chanzos da escaleira non sendo un. Roubar un pano ou matar un home, tanto tiña para min o feito : aplicábanme de novo a reincidencia. Só faltaba a gadaña. O xuízo foi rápido. Xa me estaba facendo vello e volvéndome un inútil. Meu pai casara coa viuva⁴¹ e eu voulle gardar os pitos ao señor abade⁴²... Velaí, compañeiro.

Eu quedara pampo ao escoitalo. Botouse de novo a rir máis alto aínda que no comezo e quíxome coller a man. Recuei arrepiado.

-Amigo -díxome- Non tes aspecto de valente. Non te pildes diante de estafamorio⁴³. Sabes ? Pásase un momentíño malo na prachurria⁴⁴ mais acaba decontado ! Gustaríame estar alá contigo para che aprender a dar o chimpó. Santo ceo, danme ganas de non recorrer a sentenza, se é que me queren gadañar hoxe contigo ! Servirános o mesmo crego para os dous, non me importa levar as túas sobras. Ves que son bo rapaz, non si ? Dime, quérelo ? Do teu amigo ?

E despois avanzou un paso para se achegar a min.

- Señor -respondinlle rexeitándoo- agradézollo.

Novas risadas ante a miña resposta :

³⁵ Os condenados á cadea perpetua.

³⁶ Xefe.

³⁷ Matar no camiño.

³⁸ Gardas.

³⁹ Os meus compañeiros fuxiron.

⁴⁰ Os xendarmes.

⁴¹ Fora aforcado, frase xa utilizada no anaco V.

⁴² Morrer, expresión tradicional galega.

⁴³ Non te cagues diante da morte.

⁴⁴ Praza, palabra xa utilizada no anaco V.

- Ai, ho, sodes un lapingo⁴⁵ ! O señor é un marqués ! Un marqués !

Interrompino :

- Meu amigo, preciso recollemento, deixádeme.

O meu falar grave púxoo pensamento de súpeto. Abaneou a súa testa griseira e case calva e despois, chantando as súas unllas no peito peludo que aparecía núa baixo a súa camisa aberta :

- Entendo –murmurou entre dentes, de feito o caxiga⁴⁶...

Logo, despois duns minutos de silencio :

- Escoitade –díxome case timidamente- Sodes un marqués, moi ben, pero tedes unha boa levita que non vos ha servir para moito, xa. Vaina levar o zache. Dádema, que eu podo vendela para ter tabaco.

Tirei a miña levita e deilla. Púxose a bater palmas cunha alegría de neno. Logo, vendo que eu estaba en camisa e tremelicaba :

- Tedes frío, señor, ponde isto : chove e ídesvos mollar, e a máis cómpre ir decente na carreta.

Ao falar así tirou a súa grosa chupa de de lá gris e pasouma polos brazos. Eu deixeiño facer.

Entón funme apoiar contra a parede e non sería quen de dicir a impresión que me daba ese home. Puxérase a examinar a levita que lle eu dera e botaba a cada momento gritos de alegría.

- Os petos están noviños ! O pescozo non está gastado !...Polo menos hanme dar quince francos !... Que sorte ! Tabaco para as miñas dúas semanas !

A porta volveuse abrir. Víñannos buscar aos dous : a min para levarme ao cuarto no que os condenados agardan a hora, e a el para conducilo a Bicêtre. Colocouse rindo no medio do piquete que o ía levar e díxolle aos xendarmes :

-Ah, non vos enganedes ! Mudamos a pelica, o señor e mais eu. Mais non me collades no lugar del. Arredemo ! Non me prestaría, agora que teño para facerme con tabaco !

⁴⁵ *Señorito.*

⁴⁶ *Crego*

XXIV

Ese vello asasino pilloume a levita, porque eu non lla dei, e despois deixoume ese farrapo, a súa chupa infame. De que vou ter aspecto ?

Non lle deixei pillar a miña levita por despreocupación ou por caridade, non, senón porque era moito máis forte ca min. Se me opuxese, teríame zoupado cos seus grosos puños.

Caridade ! Eche boa ! Eu estaba cheo de malos sentimentos. Tería querido esganalo coas miñas mans, o vello ladrón ! Poder esmagalo baixo os meus pés !

Síntome co corazón cheo de carraxe e de amarguexo. Coido que a bolsa do fel me rebentou A morte vira a un ruín.

XXV

Leváronme a unha cela onde non hai máis que catro paredes, con moitos barrotes na fiestra e moitos ferrollos na porta, non fai falta dicilo.

Pedín unha mesa, unha cadeira e o que cómpre para escribir. Trouxéronmo todo.

Logo pedín un leito. O gardián miroume con ollos asombrados que semellaban dicir : « E para que ? »

Porén, armaron unha cama de cabaleta no recuncho. Mais ao tempo veuse instalar un xendarme no que eles chaman *o meu cuarto* . Seica teñen medo que me esgane co colchón ?

XXVI

Son as dez.

Ah, miña pequerrechiña ! Outras seis horas e estarei morto. Serei unha cousa inmunda que arrastran polas frías mesas das facultades de Medicina ; unha cabeza que han moldear por unha banda, un tronco que han disecar pola outra, e despois, co que quede, han encher unha caixa e levala para Clamart⁴⁷.

Velaí o que han facer co teu pai estes homes cando ningún deles me odia, todos se doen de min e todos eles poderían salvarme. Enténdelo, Marie ? Matarme a sangue frío, nunha cerimonia, polo ben da cousa ! Ah, meu Deus !

Miña pobre pequena ! Teu pai que te quería tanto, teu pai que bicaba o teu pescociño branco e recendente, que pasaba a man sen cesar polas crechas dos teus cabelos como pola seda, que collía a túa cariña redonda na súa man, que te facía saltaricar nos seus xeonllos e á noitiña xuntaba as túas dúas manciñas para lle rezares a Deus !

Quen che ha facer todo iso agora ? Quen te vai querer ? Todos os rapaces e raparigas do teu tempo han ter pais, non sendo ti. Como te has desfacer, miña meniña, do aninovo, dos regalos, dos xoguetiños, os caramelos e os bicos ?... Como te has desfacer, coitada orfiña, de beber e de comer ?

Ah, se estes xurados tivesen cando menos visto a miña pequena Marie ! Terían comprendido que non hai que matar o pai dun meniño de tres anos.

E cando se faga grande, se é que chega alá : que ha ser dela ? Seu pai ha ser unha das lembranzas do pobo de París. Hase poñer rubia por causa miña e polo meu nome, ha ser desprezada, rexeitada, envilecida por min, por min que a quero con todo o aloumiño do meu corazón. Ai, miña pequena e querida Marie ! Seica é certo que has ter vergoña e horror de min ?

Miserable ! Que crime cometín e que crime lle fago cometer á sociedade !

Ai ! Seguro que vou morrer antes da fin do día ? Seguro que son eu ? Ese ruído xordo de berros que estou a escoitar fóra, esa oleada de pobo ledado que bule nos peiraos, eses xendarmes que se preparan nos seus cuarteis, ese crego en sotana negra, esoutro home de mans vermellas, é para min ! Son eu o que vou morrer ! Eu, o mesmo que está aquí, que vive, que se move, que respira, que está sentado a esta mesa semellante a outra mesa e podería estar noutra parte. Eu, en fin, este eu que estou tocando e sentindo, e do que a roupa fai esas enrugadas !

⁴⁷ Cimiterio de Clamart, na rexión parisiense.

XXVII

Aínda se soubese como fan e de que xeito se morre alá enriba ! Mais é terrible, non o sei.

O nome da cousa é estarrecedor e non entendo como fun quen de escribilo e de pronuncialo ata agora

A combinación desas dez letras⁴⁸, o seu aspecto, a súa fisionomía, está feita para acordar unha idea espantosa e o médico de desgraza que inventou a cousa tiña un nome predestinado.

A imaxe que eu asocio a esa palabra noxenta é vaga, indeterminada e tanto máis sinistra. Cada sílaba é como unha peza da máquina. No meu espírito constrúo e desmonto sen cesar a súa monstruosa armazón,

Non me atrevo a facer pregunta ningunha sobre ela, mais é terrible non saber o que é nin como un ten que facer. Seica hai unha plataforma e que vos deitan sobre do ventre... Ah, os meus cabelos han branquear antes de que caia a miña cabeza !

⁴⁸ Guillotina.

XXVIII

E mais albisqueina unha vez.

Pasaba eu pola praza de Grève en vehículo, cara ás once da mañá. De súpeto o vehículo parou.

Había unha multitude na praza. Botei a cabeza polo portelo. O populacho ateigaba a praza e o peirao, e había mulleres, homes e nenos de pé sobre do amurallado. Por riba das cabezas víase unha especie de estrado de madeira avermellada que estaban a montar tres homes.

O mesmo día ía ser executado un condenado e estaban a construír a máquina.

Desviei a cabeza denantes de ter visto. Á beira do coche había unha muller que lle dicía a un meniño :

- Ei, mira! A coitela corre mal e van engrasar a ranura cun cabo de candeia.

É probable que tamén agora o estean a facer. Acaban de dar as once. Están sen dúbida a engrasar a ranura

Ah, esta vez, coitado de min, non hei desviar a cabeza !

XXIX

O indulto ! O indulto ! Se cadra me darán o indulto ! O rei non me quere mal. Que vaian buscar o meu avogado! Axiña, o avogado ! Con gusto quero as galeras. Cinco anos de galeras, estou totalmente de acordo... ou vinte... ou cadea perpetua co ferro ao roxo. Mais indulto para a vida !

Un forzado aínda camiña, vai e ven e ve o sol.

XXX

Volveu o crego.

Ten cabelos brancos, aspecto doce, unha face bondadosa e respectable ; efectivamente é un home excelente e caritativo Esta mañá vino baleirar a súa bolsa nas mans dos prisioneiros. Como é que a súa voz non emociona aos outros nin el se ve emocionado? Como é que aínda non me dixo nada que me chegara pola intelixencia ou polo corazón ?

Esta mañá eu estaba perdido. Apenas dei escoitado o que me dixo. Con todo, as súas falas parecéronme inútiles e permanecín indiferente ; escorregaron como esa chuvia fina polo vidro conxelado.

E mais, cando hai un momentíño volveu cabo de min, a súa visión fíxome ben. « Entre todos estes homes el é o único que para min segue a ser home» díxenme eu. E entroume unha ardente sede de boas e consoladoras palabras.

Sentámonos, el na cadeira e eu no leito. Díxome :

- Meu fillo...

Esta palabra abriume o corazón. E seguiu :

- Meu fillo : credes en Deus ?

- Si, meu pai –respondinlle.

- Credes na santa igrexa católica, apostólica e romana ?

- Cumpro os seus mandados –díxenlle.

- Meu fillo -proseguiu- parecedes dubidar.

Daquela púxose a falar. Falou moito tempo e dixo moitas palabras. Logo, cando coidou que rematara, ergueuse e olloume por primeira vez dende o comezo do seu discurso, preguntándome :

- Entón ?

Prometo que tiña escoitado primeiro con avideza, logo con atención e despois con devoción.

Erguinme tamén eu.

- Señor – respondinlle- deixádeme só, rógovolo.

Preguntou :

- Cando volvo ?

- Xa vos avisarei

Daquela saíu sen carraxe mais abaneando a cabeza, como dicíndose para el mesmo :

- Un impío !

Non, por moi baixo que eu caíra non son un impío, e Deus é testemuña de que creo nel. Mais : que me dixo este ancián ? Nada sentido, nada tenro, nada conmovedor, nada arrancado da alma, nada que viñese do seu corazón para ir ao meu, nada que fose del a min. Pola contra, cousas vagas e sen acento, aplicables a todo e a todos ; empolado cando o que cumpría era profundidade e baleiro cando cumpría ser sinxelo ; unha especie de sermón sentimental e de elexía teolóxica. Adoviado con algunha cita latina en latín. San Agostiño, San Gregorio, que sei eu ? E a maiores, semellaba recitar unha lección cen veces recitada xa, repasar un tema gastado na súa memoria a poder de sabelo. Nin unha mirada nos ollos, nin un acento na voz, nin un aceno nas mans.

E como había ser doutro xeito ? Este crego é capelán titular da prisión. O seu oficio é consolar e exhortar, vive diso. Os forzados, os pacientes, reciben a súa elocuencia. Confésaos e asístelos porque ten o seu cometido que facer. Foise facendo vello levando homes a morrer. Dende hai moito tempo está afeito ao que fai estremecerse os outros. Os seus cabelos, ben peiteados en branco, non se arrepián xa, os traballos forzados e o patíbulo son para el cousa de cada día. Rematou insensible. Probablemente ten un caderno : tal páxina os forzados, tal outra os condenados a morte. Avísano a víspera que haberá alguén a consolar no outro día a tal hora e el pregunta de quen se trata : galeote ou sacrificado ; relé outra vez a páxina e logo ven. Desta forma, acontece que os que van para Toulon e os que van para a praza de Grève son para el lugar común e el éo para eles.

Ah, que me vaian buscar, en lugar diso, un vicario novo ou un cura vello, ao chou na primeira parroquia que apareza ! Que o collan ao carón do lume, lendo o seu breviario sen esperar nada, e que lle digan :

- Vai morrer un home, e cómpre que o consoledes. Tedes que estar alá no momento en que lle aten as mans, no momento en que lle corten o cabelo, que subades con el na súa carreta co voso crucifixo para lle tapardes o verdugo, que o acompañedes a tombos polas rúas ata a praza, que atravesedes con el a horrible multitude bebedora de sangue, que o abraceades ao pé do cadalso e que permanezades ata que a cabeza estea aquí e o corpo alá.

Entón que mo traian, palpitando e estremecéndose todo, da cabeza aos pés, que me boten entre os seus brazos, aos seus xeonllos, e el ha chorar e habemos chorar os dous, e el ha ser elocuente e eu sentir consolo, e o meu corazón hase desinchar no seu, e el collerá a miña alma e eu collerei o seu Deus.

Mais este bondadoso ancián, quen ven sendo para min ? Quen son eu para el ? Un individuo da caste desgrazada, unha sombra igual ás tantas que xa ten visto, unha unidade a engadir na cifra das execucións.

Se cadra fago mal en rexeitalo así : el é o bó e eu o malo. Malpocado de min, non é culpa miña. É o meu bafo de condenado que o derrama e murcha todo.

Acaban de me traer o xantar. Creron que debía precisalo. Unha mesa delicada e escolleita, un pito, paréceme, e outra cousa máis. Pois ben, tratei de xantar, mais no primeiro bocado todo me caiu da boca, tan amargo e fétido me soubo !

XXXI

Acaba de entrar un señor, de chapeu na testa, que apenas me mirou e despois abriu un *pé de rei*⁴⁹ e se puxo a medir de abaixo a arriba as pedras da parede, falando con voz moi alta para dicir quer « Si, é así», quer « Non, non é así ».

Eu pregunteille ao xendarme quen era aquel. Parece que é unha especie de sub-arquitecto empregado na prisión.

Pola súa banda, foise acordando a súa curiosidade sobre min. Intercambiou unhas curtas palabras co encargado das chaves que o acompañaba, logo chantou un instante os seus ollos en min, abaneou a testa con aire despreocupado e volveu poñerse a falar en voz alta e a tomar medidas.

Acabada a súa tarefa, achegouse a min dicíndome coa súa voz resoante.

- Meu caro amigo, de aquí a seis meses esta prisión será moito mellor.

E o seu aceno semellaba engadir :

- Vostede non vai gozar dela, é mágoa.

Case sorría, el. Crin ver o momento en que me ía lanzar suavemente a súa rexouba, como se un mete cunha noiva a tarde do seu casamento.

O meu xendarme, vello militar experimentado, encargouse da resposta.

-Señor -díxolle- non se fala tan alto no cuarto dun morto.

O arquitecto foise.

Eu estaba alá, como unha das pedras que el medíu.

⁴⁹ Unidade de medida e aparato de medición utilizado antes da implantación do sistema decimal. A unidade medía 324 milímetros e estaba dividida en doce pulgadas.

XXXII

E despois, aconteceume unha cousa ridícula.

Viñeron relevar o meu vello querido xendarme, a quen, egoísta ingrato que eu son, nin mesmo lle apertei a man. Substituíuno outro, home de fronte afundido, ollos de boi e rostro inintelixente.

Por outra banda, non lle prestara atención ningunha. Eu estaba de costas á porta, sentado diante da mesa, tratando de refrescar a miña fronte coa man, e os meus pensamentos toldábanme a mente.

Un golpiño pequeno que me deron no ombreiro fíxome virar a cabeza. Era o novo xendarme, co que estaba só.

Velaí, máis ou menos, os termos en que se dirixiu a min :

- Criminal : vostede ten bo corazón ?

- Non –díxenlle eu.

A brusquedade da miña resposta semellou desconcertalo. Con todo, proseguíu, dubidoso :

- Un non é malvado polo pracer de selo.

- E logo por que non ? –repliqueille- Se non ten máis nada que me dicir, déixeme. Onde queredes chegar ?

-Perdón, meu criminal -respondeu- Dúas palabriñas só. Velaí : se puidese facer feliz un pobre home, sen que lle costase nada, non o faría ?

Levantei o ombreiro.

- Seica ven de Charenton⁵⁰ ? Escolled un xarrón ben estraño para tirar del felicidade. Eu facer feliz a alguén !

Baixou a voz e adoptou un aire de misterio que non cadraba co seu rostro parvo.

- Si, criminal, si. Felicidade e fortuna. Todo iso me ha chegar de vostede. Velaí : son un pobre xendarme, o servizo é duro e a paga escasa ; o meu cabalo é propiedade miña e cáusame a ruína. Para compensar, xogo á lotería. Cómpre espelir. Ata agora, para gañar, só me faltou ter bos números. Sempre ando a buscar números seguros e sempre caio á beira deles. Xogo o 76 e sae o 77. E por moito que xogue, non me veñen.

⁵⁰ En Charenton, na rexión de París, había un célebre “asilo de alienados”.

- Unha pouquiña paciencia, por favor, estou nas últimas.

- E mais para min esta é unha boa oportunidade. Seica –perdón, criminal- que lle toca hoxe. Está demostrado que os mortos aos que axustizan así ven de antemán o resultado da lotería. Prométame que mañá á noitiña virá dicirme os tres números, os gañadores. Que máis lle ten, eh ?... Estea tranquilo, que non teño medo das aparicións... O meu enderezo é Cuartel de Popincourt, escaleira A, nº 26, ao fondo do corredor. Vaime recoñecer ben, non si ?... Se lle resulta máis cómodo pode vir mesmo esta noite.

Tería desdeñado responderlle a este imbécil se unha tola esperanza non me atravesase a mente. Na posición desesperada na que estou, un cré por momentos que daría crebado unha cadea cun pelo.

- Escoita –díxenlle facendo tanto teatro como pode alguén que vai morrer- efectivamente pódote facer máis rico ca o rei, facerche gañar millóns... Cunha condición.

El abriu uns ollos estúpidos.

- Cal é ? Cal é ? Todo o que queira para o compracer, meu criminal.

- En lugar de tres números prométoche catro. Cambia de roupa comigo.

- Se non é máis ca iso ! –exclamou desprendendo os primeiros colchetes do seu uniforme.

Eu erguérame da cadeira. Observaba todos os seus movementos e o meu corazón palpitaba. Via xa abrirse as portas diante do uniforme de xendarme, e a praza, e a rúa, e o Palacio de Xustiza quedaren atrás miña !

Mais el virouse con aire indeciso.

- Ai, e iso non é para saír de aquí ?

Comprendín que todo estaba perdido. Porén, intentei un derradeiro esforzo, totalmente inútil e insensato !

- É, si –díxenlle- mais ti fas a túa fortuna...

Interrompeume.

-Ai, non! Vaites, ho ! Os meus números, para gañaren, precisan que vostede morra.

Volvin sentar, mudo e máis desesperado por toda a esperanza que concibira.

XXXIII

Pechei os ollos e puxen as mans enriba deles tratando de esquecer, de esquecer o presente no pasado. En canto que soño, as lembranzas da miña infancia e da miña mocidade volven a min unha a unha, dondas, manseliñas, ridentes como illas de flores por riba deste cavorco de pensamentos mouros e confusos que arrevoan no meu cerebro⁵¹.

Véxome de volta neno de escola riseiro e fresco, a xogar, correr e reloucar cos meus irmáns polo vieiro largacío cheo de verdor daquela horta a monte, na que decorreran os meus anos primeiros, antigo enxido de relixiosas que domina coa súa cabeza chumbenta a escura cúpula do Val de Grâce.

E despois, catro anos máis tarde, vólvome ver alí de novo, aínda neno, mais xa soñador e afervorado. Hai unha mociña no solitario xardín.

A españolaña, cos seus ollos grandes e longos cabelos, a súa pel morena e dourada, os seus beizos vermellos e as súas meixelas rosas, a andaluza de catorce anos, Pepa.

As nosas nais dixéronnos que corrésemos xuntos e viñemos pasear.

Dixéronnos que xogásemos e estamos a falar, como rapaces do mesmo tempo, non do mesmo sexo.

Porén, hai só un ano corriamos e andabamos ás loitas entre nós. Eu disputáballe a Pepita a mellor mazá da maceira, batíalle por un niño de paxaro. Ela choraba e eu dicíalle : « Está ben, imos cabo das nosas nais e queixámonos os dous ao mesmo tempo a elas ». Elas reprendíannos en voz alta e en baixa dábannos a razón.

Agora Pepita apóiase no meu brazo e eu estou todo fachendoso e emocionado. Camiñamos devagariño e non falamos. Ela deixa caír o seu pano e eu recóllo. As nosas mans tremen ao se tocaren. Fálame dos paxariños, da estrela que se ve alá ao lonxe, do roibén de tras das árbores, ou ben das súas amigas do internado, do seu vestido e das súas fitas. Dicimos cousas inocentes e poñémonos rubios os dous. A rapaciña fíxose unha mociña.

Aquela tarde –unha tarde de verán- estabamos baixo os castiñeiros, no fondo da horta. Despois dun deses longos silencios que enchían os nosos paseos, ela separouse de súpeto do meu brazo e dixo : « Vamos correr ! »

Aínda estou a vela, toda de negro, de loito pola súa avoa. Pasoulle pola cabeza unha idea infantil : Pepa volveu ser Pepita e díxome : « Vamos correr ! »

⁵¹ Afloran neste anaco vivencias persoais da infancia de Victor Hugo.

Púxose a correr diante miña co seu van finiño como o talle dunha avés e os seus peños que recachaban o vestido ata a metade da perna. Eu perseguíaa e ela fuxía, o vento da súa carreira erguía por veces a súa peregrina negra deixándome ver o seu lombo escuro e fresco.

Eu estaba fóra de min. Acadeina perto do vello sumidoiro en ruínas. Collina pola cintura, co dereito da vitoria, e fíxena sentar riba dun banquiño de herba : non se resistiu. Estaba sen folgos e ría. Eu estaba serio e fitaba as negras meniñas dos seus ollos ao través das súas negras pestanas.

-Senta, aquí –díxome- Aínda é día e podemos ler algo. Tes un libro ?

Levaba comigo o tomo segundo das *Viaxes* de Spallanzani.⁵² Abrino ao chou, achegueime a ela, encostou o seu ombro sobre do meu e puxémonos a ler, cada un pola nosa banda, en baixiño, da mesma páxina. Antes de volver a folla, víase sempre obrigada a me agardar. A miña mente ía mais lenta que a súa.

- Acabaches ? –díciame cando eu apenas comezara.

Mentres que as nosas testas se tocaban e os nosos cabelos se enguedellaban, os nosos alentos fóronse achegando pouco a pouco e as nosas bocas dun golpe.

Cando quixemos seguir a lectura o ceo estaba cheíño de estrelas.

-Ah, mamá, mamá ! –dixo ela ao regresar- Se soubeses o que tal corrimos !

Eu gardaba silencio.

- Ti non dis nada –díxome miña nai- parececes tristeiro.

Tiña o paraíso no corazón.

É unha tardiña que hei lembrar a miña vida toda.

A miña vida toda !

⁵² Libro de divulgación, moi popular na época, escrito polo importante naturalista e investigador científico italiano do século XVIII Lazzaro Spadanzani.

XXXIV

Acaba de dar unha hora. Non sei cal : ouvo mal o martelo do reloxo. Semella que teño un ruído de órgano nos ouvidos : son os meus derradeiros pensamentos a zoar.

Neste supremo momento no que me recollo nas miñas lembranzas, atopo nelas con horror o meu crime, con todo queredría arrepentirme aínda máis. Tiña maior remorso antes da miña condena, dende entón, semella que só haxa lugar para os pensamentos de morte. Porén, queredría de certo arrepentirme moito.

Cando soñei un minuto no pasado que contén a miña vida e regreso ao machadazo que ten que rematala de aquí a pouquiño, sinto un arreguizo como ante unha cousa nova. Fermosa infancia miña e fermosa mocidade ! Pano dourado coa punta ensanguentada. Entre entón e agora corre un río de sangue, o sangue do outro e mais o meu.

Se un día len a miña historia, despois de tantos anos de inocencia e de felicidade, non han querer crer neste ano abominable que se abre cun crime e se pecha cun suplicio : non cadrará cos outros.

E mais, miserables leis e miserables homes, eu non era un malvado !

Ai ! Morrer dentro dunhas horas e pensar que hai un ano, o mesmo día, estaba libre e limpo, que daba os meus paseos do outono e camiñaba entre as follas !

XXXV

Neste mesmo momento hai ao meu carón, nestas casas que forman círculo arredor do Palacio e da praza de Grève, e por todo París, homes que van e veñen, parolan e rin, len o xornal, pensan nos seus asuntos ; comerciantes que andan a vender, raparigas a preparar o seu vestido para o baile desta noite. E nais que están a xogar cos seus filliños !

XXXVI

Lémbrome que un día, cando era un meniño, fun ver a campana maior de Notre Dame.

Xa estaba atordoado -tras ter subido a umbría escaleira de caracol, percorrido a fráxil galería que une as dúas torres e visto París aos meus pés- cando entrei na gaiola de pedra e de pontóns de madeira dos que pende a campá co seu badal de cincocentos quilos.

Avantei tremelicando polas táboas mal xuntas, mirando a distancia esa campá tan famosa entre os rapaces e o pobo de París, e sen deixar de reparar con medo en que os alpendres cubertos de lousa que envolven o campanario coas súas costaneiras estaban ao mesmo nivel que os meus pés. Nos intervalos albiscaba (en certo sentido a vista de paxaro) a praza do adro de Notre Dame e a xente que por ela pasaba como se fosen formigas.

De súpeto, a enorme campá resoou, unha profunda vibración removeu o aire e fixo abalar a pesada torre. O sollado saltaba sobre das trabes. O ruído hóbome derrubar: abaneei, a piques de caír, a piques de escorregar polos pendentes alpendres de lousa. Co medo deiteime nas táboas, aferrándome estreitamente a elas cos meus brazos, sen falar nin alentar, coa enorme badalada nos ouvidos, e baixo os ollos aquel precipicio, aquela praza profunda na que se cruzaban tantos camiñantes plácidos e envexados.

Pois ben, paréceme que aínda me atopo na torre! O atordoamento e o cegamento seguen unidos. Hai como un ruído de campá que sacude as cavidades do meu cerebro, e de arredor miña xa non vexo esa vida lene e tranquila que abandonei - e pola que aínda camiñan os outros homes- senón só ao lonxe e ao traveso das fendas dun cavorco.

XXXVII

O concello é un edificio sinistro.

Co seu teito teso e agudo, o seu estraño campanario, a súa gran esfera branca do reloxo, os seus andares de columnas pequenas, as súas mil xanelas, as súas escaleiras desgastadas polos pasos e os seus dous arcos á dereita e á esquerda, está de man coa praza. Sombrío, lúgubre, co rostro comesto pola vellez, e tan mouro que ao sol aparece mouro.

Os días de execución vomita xendarmes por todas as portas e olla ao condenado dende todas as súas fiestras.

E no serán, a súa esfera, que marcou a hora, permanece luminosa enriba da súa fachada tenebrosa.

XXXVIII

É a unha e cuarto.

Velaí o que sinto agora :

Unha violenta dor de cabeza. Os riles fríos, a fronte ardendo. Cada vez que me ergo ou me debruzo, seméllame que hai un líquido a aboiar no meu cerebro e me fai bater os miolos contra as paredes do cranio.

Teño arreguizos convulsivos, e de cando en cando a pluma caime das mans como por unha sacudida galvánica.

Os ollos escócenme como se estivese metido en fume.

Dóenme os cóbados.

Outras tres horas menos cuarto e estarei curado.

XXXIX

Eles din que non é nada, que non se sofre, que é un final maino, que deste xeito a morte fíxose ben sinxela.

Ei ! O que é, entón, esa agonía de seis semanas e ese estertor de todo un día ? O que son as angurias desta xornada irreparable que decorre tan paseniño e tan axiña ? O que é esta escala de torturas que leva ao patíbulo ?

En aparencia iso non é sufrir.

Seica non son as mesmas convulsións, escórrase o sangue gota a gota ou apáguese a intelixencia pensamento a pensamento ?

E mais : non se sofre ? Estan eles seguros ? Quen llelo dixo ? Contan que algunha vez unha testa cortada se ergueu sanguenta á beiriña do cesto e lle berrou ao pobo : « Non doe ! »

Seica hai mortos que teñen en por eles vido agradecelo dicíndolles : « É un bo invento. Seguide así. O mecanismo funciona ? ».

Foi Robespierre ? Foi Luís XIV ?...

Non, nadiña ! Menos dun minuto, menos dun segundo e a cousa está feita... Situáronse algunha vez, só en pensamento, no lugar daquel que está alá, no momento en que a pesada coitela que cai morde a carne, rompe os nervios, creba as vértebras... Mais o que ? Medio segundo ! A dor é escamoteada... Horror !

XL

Resulta singular que estea a pensar seguido no rei. Por moito que eu faga, por moito que abanee a testa, unha voz no meu ouvido está a me dicir permanentemente :

- Hai nesta mesma cidade, a esta mesma hora e non moi lonxe de aquí, noutro palacio, un home que ten tamén gardas en cada porta, un home único coma ti no pobo, coa diferenza de que el está no máis alto e ti no máis baixo. A súa vida enteira, minuto a minuto, non é senón gloria, grandeza, delicia e enlevo. Arredor del todo é amor, respecto e veneración. As voces máis altas tórnanse baixas ao lle falaren e as fronteiras mais fachendosas inclínanse. Os seus ollos non ven senón seda e mais ouro. Arestora está a celebrar algún consello de ministros onde todos son da súa opinión, ou ben está a pensar na cazata de mañá, ou no baile desta noite, seguro de que a festa se ha celebrar á súa hora e deixándolles a outros o traballo dos seus praceres. Pois ben, este home é de carne e oso coma ti !... E para que no propio instante o horrible patíbulo se afundise, para que che fose devolto todo o teu -vida, liberdade, fortuna, familia- sería dabondo con que el escribise con esa pluma as sete letras do seu nome⁵³ na parte de abaixo dun papeliño, ou mesmo que a súa carroza cruzase a túa carreta⁵⁴ !... El é bondadoso e se cadra non había pedir outra cousa, e non ha ser así !

⁵³ Charles.

⁵⁴ Por superstición, pensábase que se o rei cruzaba un reo que ían axusticiar ou o lugar no que se estaba a preparar a execución, esta sería suspendida e o reo indultado.

XLI

Veña, logo ! Sexamos valentes diante da morte, collamos esta terrible idea coas dúas mans e fitémola cara a cara. Pidámoslle conta do que é, saibamos o que nos quere, revirémola en todos sentidos, debullemos o enigma e ollemos previamente a tumba.

Paréceme que, des que eu teña os ollos fechados, hei ver unha grande clareza e abismos de luz polos que o meu espírito ha rolar sen fin. Paréceme que o ceo ha estar iluminado pola súa propia esencia, que os astros han representar nel manchas escuras e que –en lugar de constituíren escintileos de ouro sobre veludo negro para os ollos guímaros- han semellar puntos negros sobre pano de ouro.

Ou ben, mísero de min, ha ser se cadra un cavorco noxento e profundo, de paredes tapizadas con tebras polas que irei caíndo sen fin vendo bulir formas na sombra.

Ou ben, acordando tras o golpe, atopareime se cadra enriba dunha superficie chá e húmida, agatuñando na escuridade e dando voltas sobre min como unha testa que rola. Paréceme que haberá un forte vento a me apuxar e hei ser golpeado a torto e a dereito por outras cabezas, a rolaren tamén. Haberá pucharcas e regueiros dun líquido descoñecido e morno e todo estará negro. Cando os meus ollos, na súa rotación, se viren cara a enriba, han ver un ceo de sombras de tonas espesas pesando sobre deles, e ao lonxe, no fondo, grandes arcos de fume máis mouros do que as tebras. Verán tamén dar viravoltas na noite pequenas charaviscas vermellas que, en se achegando, hanse virar paxaros de lume. E así ha ser a eternidade toda.

Poida tamén que en certas datas os mortos da praza de Grève se xunten en negras noites de inverno na praza que é súa. Será unha multitude pálida e sanguenta e eu non hei faltar. Non haberá luar e falarase en voz baixiña. O Concello estará alí, coa súa fachada comesta, o seu tellado escachizado e o seu reloxo que sempre foi despiedado con todos. Haberá enriba da praza unha guillotina na que un demo ha executar un verdugo ; será ás catro da mañá. Á nosa vez, nós formaremos a multitude de arredor.

É probable que a cousa sexa así. Mais se eses mortos volven : baixo que forma volven ? Que conservan do seu corpo incompleto e mutilado ? Que escollen ? É a cabeza ou o tronco que é o espectro ?

Ai ! Que fai a morte coa nosa alma ? Que natureza lle deixa ? Que lle tira ou que lle dá ? Onde a mete ? Préstalle algunha vez ollos de carne para mirar a terra e chorar ?

Ah ! Un crego ! Un crego que saiba iso ! Quero un crego e un crucifixo para bicar !

Meu Deus, o mesmo de sempre !

XLII

Rogueille que me deixase durmir e boteime enriba do leito.

Efectivamente, tiña unha vaga de sangue na testa que me fixo durmir. É o meu derradeiro sono desta caste.

Tiven un soño.

Soñei que era noite. Semellábame que estaba no meu gabinete con dous ou tres amigos meus, non sei xa cales.

Miña muller estaba deitada no dormitorio, ao carón, a durmir coa súa meniña

Falabamos en voz baixa, os meus amigos e mais eu, e o que dicíamos facíanos esterrecer.

De súpeto pareceume sentir un ruído nalgún dos outros cuartos da vivenda. Un ruído feble, estraño e indefinido.

Os meus amigos sentíranos coma min. Puxémonos a escoitar : era como unha pechadura que se abre xordamente, como un ferrollo que andan a serrar pola calada.

Había algo que nos conxelaba : tiñamos medo. Pensamos que se cadra eran ladróns que entraran na miña casa a esa hora tan avanzada da noite.

Decidimos ir ver. Erguinme e collín a candela. Os meus amigos seguíanme un tras outro.

Atravesamos o dormitorio, ao carón. Miña muller estaba a durmir coa súa meniña.

Logo chegamos ao salón. Nada. Os retratos estaban inmóbiles nos seus marcos dourados dispostos sobre do entapizado vermello. Pareceume que a porta do salón que dá ao comedor non estaba no seu lugar habitual.

Entramos no comedor, dimos a volta del, camiñando eu de diante. A porta que comunica coa escaleira estaba ben pechada e as fiestras tamén. Chegado á estufa, vin que o armario da roupa branca estaba aberta e que a súa porta estaba aconchegada contra o recuncho, como para agachalo.

A cousa sorprendeume. Pensamos que había alguén detrás da porta.

Boteille a man para pechar de volta o armario e resistíuseme. Estrañado, tirei con máis forza e cedeu bruscamente deixándonos ao descuberto unha velliña,

coas mans colgando e os ollos pechados, inmóbil e de pé, como pegada ao recuncho da parede.

Había niso algo noxento e os meus cabelos érguense cando o lembro.

Pregunteille á vella :

- Que fai vostede aí ?

Non respondeu.

Pregunteille :

- Quen é, vostede ?

Non respondeu nin buliu e permaneceu cos ollos pechos.

Os meus amigos dixeron :

- Seguro que é a cómplice dos que entraron con avesas intencións e escaparon ao nos sentiren vir ; non deu fuxido e agachouse aí.

Pregunteillo de novo e permaneceu sen voz, sen movemento, sen ollada.

Un de nós apuxouna e ela caíu ao chan.

Caíu redonda, coma un toro de madeira, como algo morto.

Tocámoslle co pé, despois dous de nós erguémosla e apoiámola de novo contra a parede. Non deu sinal de vida ningún. Gritámoslle no ouvido e permaneceu muda, coma se fose xorda.

Con todo iso fumos perdendo a paciencia e había carraxe no noso terror. Un de nós díxome :

- Póñalle a candea por baixo do queixelo.

Púxenlle a candea acesa debaixo do queixelo. Entón ela abriu a medias un ollo, un ollo baleiro, apagado, noxento e que non miraba.

Tirei a chama e dixeron :

- Vas responder de vez, vella meiga ? Quen es ?

O ollo pechouse como en por el só.

- Abonda ! Xa é de mais ! –dixeron os outros- Outra vez a candea ! Vamos ! Así terá que falar !

Volvín pór a chama baixo do queixelo da vella.

Entón, paseniñamente, foi abrindo os ollos, mirounos a todos, uns despois dos outros, e logo, engruñándose de súpeto, soprou na candeia cun alento xélido. No mesmo instante sentín tres dentes afiados cravárense na miña man nas tebras,

Acordei tremelicando e bañado en suor fría.

O bondadoso capelán estaba sentado ao pé do meu leito a ler oracións.

- Durmín moito ? –pregunteille.

- Meu fillo –díxome- Durmistes unha hora. Trouxéronvos a vosa filla. Está aí, no cuarto do lado a esperar por vós. Eu non quixen que vos despertasen.

- Ah –exclamei- Miña filla ! Que me traian a miña filliña !

XLIII

É fresca e rosada, de ollos grandes, bonita !

Púxéronlle un vestidoño que lle di moi ben.

Collina no colo e senteina nos meus xeonllos, biqueille os cabelos.

-Por que non coa súa nai ?

-A súa nai está enferma.

-De acordo.

Ela mirábame con aire estrañado : agarimada, abrazada, devorada a bicos e deixándose facer, mais botando de cando en cando unha ollada inquada cara á súa criada, que choraba no recuncho.

Por fin eu dei falado :

- Marie ! –dixen- Miña Marie querida !

Apertábaa violentamente contra o meu peito inchado polos saloucos. Ela lanzou un gritoño :

- Ai, señor, máncame ! –díxome.

Señor. Vai haber un ano que non me viu, a pobre meniña. E xa se esqueceu de min : rostro, voz, acento... E mais : quen me había recoñecer con esta barba, esta roupa e esta palidez ? O que ? Xa borrado desa memoria, a única na que eu tería querido vivir ! O que ! Desaparecido como pai ! Condenado a non volver escoitar máis nunca esa palabra da lingua infantil tan doce que non dá permanecido na dos adultos : *papá* !

Porén, ouvilo desta boquiña unha soa vez máis, velái todo o que eu tería pedido en troco dos corenta anos de vida que me tollen.

-Escoita, Marie –díxenlle xuntando as súas dúas manciñas nas miñas- Non me coñeces ?

Miroume cos seus bonitos ollos e respondeu :

- Pois non !

- Mírame ben –repetín- Non sabes quen son eu ?

- Si- dixo ela- Un señor.

Coitado de min ! Amar ardentemente un único ser no mundo, amalo con todo o voso amor e telo diante vosa véndovos e mirándovos, respondéndovos e falándovos sen vos coñecer ! Non querer outro consolo ca o del e ser el o único que non sabe que o necesidades porque ides morrer !

- Marie -continuei- Tes un papá ?

- Teño, si, señor –dixo a nena.

- E onde está ?

Ergueu o s seus grandes ollos asombrados.

- Ah, non o sabe ? Morreu.

Despois berrou. Estivera a piques de deixala caír.

-Morreu –dixen eu- Marie : sabes onde están os que morren ?

- Si, señor –respondeu- Na terra e no ceo.

E seguiu por ela mesma.

-Eu pídlle por el a Deus cada mañá e cada noite nos xionllos de mamá.

Biqueina na fronte.

- Marie, dime a túa oración.

- Non podo, señor, Unha oración non é para dicir polo día, veña á noite á miña casa e lla digo.

Era abondo, iso. Interrompina.

- Marie, o teu papá son eu.

- Ah ! –díxome ela.

E engadín :

- Ti queres que eu sexa o teu papá ?

A rapaciña virouse :

- Non, o meu papá era moito máis bonito.

Cubrina de bicos e de bágoas. Ela tratou de se ceibar dos meus brazos berrando :

- Estáme mancando coa barba !

Entón pouseina de novo nos meus xeonllos, arrolándoa cos ollos, e logo pregunteille.

-Marie : sabes ler ?

- Si –respondeu- Mamá apréndeme as letras.

- A ver, logo, le un pouquiño –dixen amosándolle un papel enrugado que ela tiña nunha das súas manciñas.

Abaneou a súa linda cabeza,

-Ah, non, só sei ler fábulas.

- Inténtao, de todos os xeitos. Vamos, le.

Despregou o papel e púxose a soletrar seguindo co dedo :

- S, E, N, *sen*, T, E, N, *ten*, Z, A, *za*.....SEN-TEN- ZA...

Arranqueille aquilo das mans. Era a miña sentenza de morte o que me estaba a ler. A criada mercara o papel por un céntimo. Máis caro me custaba a min.

Non hai palabras para expresar o que eu sentía. A miña violencia espantáraa, case choraba. De súpeto díxome :

-Vólvame o meu papel, veña. É para xogar.

Devolvinllo á criada.

- Lévea.

E caín outra vez enriba da miña cadeira, sombrío, deserto, desesperado. Arestora deberían vir. Xa máis nada me ata, a derradeira fibra do meu corazón crebouse. Estou a punto para o que van facer.

XLIV

O crego é bo, o xendarme tamén. Penso que verteron unha bágoa cando eu pedín que levasen a miña filla.

Xa está feito, agora cómpre que me endureza eu mesmo, e que pense firmemente no verdugo, na carreta, nos xendarmes, na multitude de enriba da ponte, na multitude do peirao e na multitude das fiestras, e no que haberá expresamente para min nesa lúgubre praza de Grève, que podía estar empedrada con tantas cabezas como viu caír.

Penso que aínda teño unha hora para me afacer a todo iso.

XLV

Todo ese pobo vai rir, bater palmas e aplaudir. E entre todos eses homes libres e descoñecidos para os carcereiros, que van correndo cheos de ledicia a unha execución, nesa multitude de cabezas que vai cubrir a praza, haberá máis dunha cabeza predestinada que seguirá á miña cedo ou tarde na cesta vermella. Máis dun que ven a ela por min ha vir por el mesmo.

Para estes seres fatais existe en certo punto da praza de Grève un lugar fatal, un centro de atracción, unha trapela. E dan voltas de arredor ata se atoparen dentro.

XLVI

Miña pequena Marie !... Levárona xogar de novo, está a mirar polo portelo do cabriolé e xa non pensa naquel *señor*.

Se cadra tería eu tempo de escribir unhas páxinas para ela, a fin de que as lea un día e que dentro de quinze anos chore por min hoxe.

Si, cómpre que saiba a través de min a miña historia, e por que o apelido que lle deixo está cuberto de sangue.

XLVII

A MIÑA HISTORIA

Nota do editor. – Non se deron atopado as follas que se refiren a isto. Se cadra, como as que seguen parecen indicar, o condenado non tivo tempo para as escribir. Era tarde de máis cando se lle ocorreu esta idea.

XLVIII

Dende un cuarto da Casa do Concello.

Da Casa do Concello ! Daquela estou nela ! O abominable traxecto está percorrido ! Velaí está a praza, e por baixo da fiestra o horrible pobo que ouvea e agarda por min e ri.

Por máis que me puxen teso e me crispei o corazón falloume. Cando vin por riba das cabezas eses dous brazos vermellos, co seu triángulo negro no extremo, ergueitos entre dúas farolas do peirao, o corazón falloume⁵⁵. Pedín facer unha derradeira declaración. Trouxéronme aquí e foron na procura dalgún fiscal do rei. Estouno agardando, cando menos gaño ese tempo.

Velaquí :

Daban as tres e viñéronme avisar de que chegara o momento. Tremín como se tivese pensado noutra cousa dende había seis horas, seis semanas, seis meses. Fíxome o efecto de algo inesperado.

Fixéronme atravesar os seus corredores e baixar as súas escaleiras, apuxáronme entre dous porteliños da planta baixa, cuarto escuro, estreito, abovedado, apenas iluminado por un día de chuvia e de brétema. No medio había unha cadeira. Dixéronme que me sentase : senteime.

Había a rentes da porta e ao longo das paredes algunhas persoas de pé, a máis do crego e os xendarmes, e había tamén tres homes.

O primeiro, o máis grande, o máis vello, era gordo e tiña a faciana rubia. Vestía levita e e chapeu tricornie deformado. Era el.

Era o verdugo, o criado da guillotina. Os dous outros eran os seus propios criados.

Inda ben non sentara, os dous outros achegáronse a min, por tras, como gatos ; despois, de súpeto, sentín un frío de aceiro nos meus cabelos e as tesouras renxeron nas miñas orellas.

Os meus cabelos, cortados ao chou, caíanme en guedellas polo lombo, e o home do sombreiro tricornie sacudíaos a modiño coa sua gorda man.

De arredor, falaban en voz baixa.

⁵⁵ O condenado á morte ve de súpeto a guillotina, como un monstro xigantesco que destaca por riba da multitude. A guillotina estaba feita en madeira vermella, ou pintada de vermello, para disimular o sangue. E tiña enriba, entre eses dous “brazos”, o triángulo da coitela que facían caír no pescozo do axustizado. A imaxe da guillotina como ser vivo, cos seus brazos, é habitual nos escritos da época.

Había moito ruído fóra, como un ruxe-ruxe que se espallaba polo aire. Ao primeiro coidei que era o río, mais por algunhas risadas que escachaban recoñecín que era a multitude.

Un mozo que estaba rente da fiestra a escribir nun caderno cun lapis, preguntoulle a un dos gardiáns como se chamaba o que estaban a facer nese cuarto.

-O aseo do condenado -respondeulle o outro.

Comprendín que a cousa aparecería mañá no xornal.

De súpeto, un dos criados tiroume a chaqueta e o outro colleume as mans que colgaban, apoiounas contra as miñas costas e sentín os nós dunha corda írense enrolando lentamente de arredor dos meus pulsos achegados. Ao mesmo tempo, o outro desfacíame a garavata. A miña camisa de batista, único retallo que me restaba do que eu fora outro tempo, fíxoo en certa maneira dubidar un instante ; logo púxose a lle cortar o colariño

Ante esa horrible precaución, no arreguizo do aceiro que me tocaba o pescozo, os meus cóbados reloucaron e deixei escapar un rouco brado. A man do executor tremeu.

- Desculpe, señor -díxome- Manqueino ?

Estes verdugos son homes moi delicados.

A multitude berraba máis alto fóra.

O home gordo de faciana espullenta ofreceume para respirar un pano enchoupado en vinagre.

-Moitas grazas -díxenlle coa voz máis forte que puiden- non é preciso, atópome ben.

Entón un deles baixouse e atoume os dous pés por medio dunha corda fina e bamba, que só me deixaba dar pasiños. Esa corda viñérase unir coa das miñas mans.

Logo, o home gordo botoume a chaqueta sobre do lombo e atoume as mangas xuntas debaixo do queixelo. O que había que facer aí estaba xa feito.

Entón o crego achegouse co seu crucifixo.

- Vamos, meu fillo -díxome.

Os criados colléronme polas sobaqueiras. Erguinme e camiñei. Os meus pasos eran moles e dobregábanse como se tivese dous xeonllos en cada perna.

Nese momento a porta exterior abriuse a vagabán. Un clamor furioso e o aire frío e a luz branca irromperon ata min na sombra. Dende o fondo do escuro portelo vin de súpeto ao mesmo tempo, ao través da chuvia, as mil testas ouveantes do pobo amoreadas en revoltallo na rampa da gran escaleira do Palacio. Á dereita, ao pé do limiar, unha rea de cabalos de xendarmes, dos que, por causa da portiña baixa, só daba eu visto as patas dianteiras e o peitoral. Enfronte, un destacamento de soldados en formación. Á esquerda, a parte traseira dunha carreta na que se encostaba unha ruda escala. Cadro noxento, ben enmarcado pola porta dunha prisión.

Para este momento temido gardara eu o meu valor. Dei tres pasos e aparecín no limiar do portelo.

- Velaí está ! Velaí está ! –berrou a multitude- Por fin sae !

E os que estaban máis perto de min batían palmas. Por moito que se lle queira a un rei, habería menos festa !

Era unha carreta ordinaria, cun cabalo ético ⁵⁶ e un carreteiro de chabro azul con debuxos vermellos, coma os dos cultivadores da bisbarra de Bicêtre.

O home gordo de chapeu tricorné foi o primeiro en subir.

- Bo día, señor Sanson ! –berraba un fato de nenos pendurados ás reixas.

Seguiuno un criado.

- Bravo, Terza Feira ! – berraron de novo os rapaces.

Sentáronse os dous na banqueta de diante.

Era a miña vez. Subín camiñando firme.

- Vai ben ! –dixo unha muller á beira dos xendarmes.

Esta atroz gabanza deume valor. O crego veuse colocar rente de min. Sentáranme na banqueta de atrás, de costas ao cabalo. Sentín un arreguizo ante esta derradeira atención.

Poñen algo de humanidade dentro da cousa.

Quixen ollar arredor de min. Xendarmes diante, xendarmes detrás, e despois multitude, multitude e mais multitude : un mar de testas enriba da praza.

Un piquete de xendarmería a cabalo estábame agardando á porta da reixa do Palacio.

⁵⁶ Tísico.

O oficial deu a orde. A carreta e a súa comitiva puxéronse en movemento, como apuxados cara a diante por un alarido do populacho.

Franqueamos a reixa. No momento no que a carreta virou cara ao Pont-au-Change, a praza estourou en ruído, dende o empedrado ata os tellados, e as pontes e os peiraos responderon cun tremor de terra.

Alá era onde o piquete que estaba á espera se uniu á escolta :

-Tirade o chapeu ! Tirade o chapeu ! -berraban mil bocas xuntas.

Como ante o rei.

Daquela temén eu rin atrocemente, e díxenlle ao crego :

- Eles o chapeu, eu a cabeza.

Iamos a pasiño.

O Quai des Fleurs arrecendía, era día de mercado. Os vendedores abandonaron os seus ramos por min.

Fronte por fronte, un pouco antes da torre cadrada que fai ángulo co Palacio, hai tabernas que estaban cheas de espectadores felices de teren tan bos sitios. Maiormente mulleres. O día debe ser bo para os taberneiros.

Alugábanse mesas, cadeiras, estadas, carretas. Todo estaba carregado de espectadores. Comerciantes de sangue humano berraban a boca chea :

- Quen quere sitio ?

Enrabieime contra esa xente. Sentín devezos de lles gritar :

- Quen quere o meu ?

No entanto a carreta avantaba. A cada paso que daba, a multitude desfacíase detrás dela, e eu víaa cos meus ollos perdidos formarse de novo noutros lugares do camiño.

Ao entrar no Pont-au-Change, botei por casualidade unha ollada cara a atrás, á miña dereita. Batín coa vista na outra beira, por cima das casas, cunha torre moura, isolada, sementada de esculturas, no cume da que vía dous monstros de pedra sentados de esguello. Non sei polo que, pregunteille ao crego que torre era esa.

- Saint-Jacques-la -Boucherie⁵⁷ -respondeu o verdugo.

⁵⁷ Antiga igrexa medieval diante da que se reunían os peregrinos a Compostela; actualmente só se conserva a torre.

Ignoro como, na brétema -e malia a chuva miúda e branca que raiolaba no aire coma unha rede de fíos de araña- nada do que acontecía de arredor miña me escapou. Cada un dos detalles traíame a súa tortura. Faltan as palabras para as emocións.

Cara ao medio daquel Pont-au-Change, tan longo e ateigado polo que camiñabamos con moita dificultade, un violento horror apoderouse de min. Tiven medo a me desmaiar, derradeira vaidade ! Entón atordoeime eu mesmo para estar cego e xordo diante de todo, agás o crego, do que apenas ouvía as palabras, entrecortadas polo balbordo.

Collín o crucifixo e biqueino.

-Apiedádevos de nós, meu Deus -dixen.

E tratei de me mergullar nese pensamento.

Mais cada tombo da dura carreta abalábame. Logo, de súpeto, sentín en min un gran frío. A chuva atravesárame a roupa e mollábame a pel da testa ao través do meu cabelo minguadiño e corto.

- Estadés a tremer co frío, meu fillo ?-preguntoume o crego.

- Estou, si -respondín eu.

Malpocado de min, non era frío só !

Na revolta da ponte unhas mulleres doéronse de eu ser tan novo.

Encetamos o peirao fatal. Comecei a non ver nin ouvir máis xa. Todas esas voces e todas esas testas, nas fiestras, nas portas, nas reixas das tendas, nas gallas das farolas ; eses espectadores ávidos e crueis, esa multitude na que todos me coñecen e onde eu non coñezo ninguén ; esa ruta enlousada e amurallada por rostros humanos... Eu estaba ebrio, estantío, aloulado. Resulta insoportable o peso de tantas olladas pousadas en vós.

Daquela eu ía abaneando enriba do banco, sen mesmo lles prestar xa atención ao crego e ao crucifixo. No balbordo que me envolvía xa non distinguía os gritos de piedade dos gritos de alegría, as risas dos choros, as voces do ruído ; todo aquilo era igual a un rumor que resoaba na miña cabeza como un eco de metal.

Os meus ollos lían mecanicamente os letreiros das tendas.

Unha vez entroume a estraña curiosidade de virar a testa e mirar cara a onde ía eu avanzando. Era unha derradeira bravata da intelixencia. Mais o corpo non quixo : a miña caluga ficou paralizada e para adiante, como morta.

Albisquei só, de lado, á miña esquerda, alén o río, a torre de Notre Dame, que ollada dende alá tapa a outra. É a que ten a bandeira. Había moita xente que debía ver ben.

E a carreta avantaba, avantaba, e as tendas pasaban e os letreiros sucedíanse, escritos, pintados, dourados, e o populacho ría e espernexaba no bulleiro, e eu deixábame ir, como nos seus soños os que están durmidos.

De súpeto, a serie de tendas que ocupaba os meus ollos cortouse no recuncho dunha praza : a voz da multitude virouse máis vasta, máis berrallona, máis leda aínda ; a carreta parou de súpeto e houben caír de fociños enriba das táboas. O crego termou de min : « Ánimo ! » -murmurou- Entón trouxeron unha escada á parte de atrás da carreta ; el deume o brazo, baixei e andei un paso, logo volvinme para dar outro e non fun capaz. Entre as dúas farolas do peirao vira unha cousa sinistra.

Coitado de min ! Era realidade !

Parei como abaneando xa co golpe.

- Quero facer unha derradeira declaración ! -gritei feblemente.

Subíronme aquí.

Pedín que me deixasen escribir as miñas derradeiras vontades. Desatáronme as mans mais a corda está aquí, preparada, e o resto está embaixo.

XLIX

Un xuíz, un comisario, un maxistrado, non sei de que clase, acaba de vir. Pedinlle o indulto xuntando as dúas mans e arrastrándome polo chan sobre dos xeonllos. Respondeume, sorrindo fatalmente, se era iso todo o que lle tiña que dicir.

- O indulto ! O indulto- repetín- Ou, por piedade, cinco minutos máis !

Quen sabe ? Igual chega ! É tan horrible aos meus anos morrer así ! Tense visto moitas veces chegar indultos no derradeiro momento ! E a quen lle ían dar o indulto se non é a min ?

Ese abominable verdugo ! Achegouse ao xuíz para lle dicir que a execución tiña que se facer a unha determinada hora e que esa hora se estaba achegando, que el era o responsable, que a maiores chove e que o aparato pode enferruxarse.

- Ei, por piedade ! Un minuto para esperar o indulto ! Ou deféndome ! E trabo !

O xuíz e o verdugo saíron. Estou só... Con dous xendarmes.

Ai, horrible pobo cos seus berros de hiena !... Quen sabe se eu non lle escaparei ? Se non me salvarán ?...Se o meu indulto...?...É imposible que non me me indulten !

Ai, miserables ! Paréceme que están a subir os chanzos...

AS CATRO

Comedia a propósito dunha traxedia*

*A terceira edición de *O derradeiro día dun condenado* publicaba esta *comedia*, escrita con posterioridade á obra, en 1829 .O editor explicaba nunha nota que “Cómpre lembrar, ao lela, as obxeccións políticas, morais e literarias no medio das que foron publicadas as primeiras edicións deste libro”.

PERSONAXES

Madame de Blinval

O cabaleiro

Ergasto

Un poeta elexíaco

Un filósofo

Un señor gordo

Un señor fraco

Mulleres

Un lacaios

Un salón

UN POETA ELEXÍACO:

(lendo)

.....
.....
*Uns pasos na mañá atravesan a fraga,
o ladrido dun can pola ribeira vaga,
e a mociña chorosa
vai sentarse receosa
na pedra centenaria do alto mirador.
Chega o laio das ondas á doce Clementina
mais non a mandolina
do xentil trobador!*

TODO O AUDITORIO:

Bravo! Encantador! Enmeigador!

(baten palmas)

MADAME DE BLINVAL:

Hai un misterio indefinible, neste final, que arranca bágoas dos ollos.

O POETA ELEXÍACO:

(modestamente)

A catástrofe está velada.

O CABALEIRO:

(abaneaándo a cabeza)

Mandolina, trobador, é romántico todo iso!

O POETA ELEXÍACO:

Si, meu señor, mais dun romántico razoable, romántico auténtico. Que queredes?
Cómpre facer algunhas concesións.

O CABALEIRO:

Concesións! Concesións! Esa é a maneira de perder o gusto. Eu daría todos os versos románticos só por este cuarteto:

*Ao traveso do Pindo e de Citera
Xentil Bernardo o seu aviso dá
de que a Arte de Amar o sábado virá
cear á casa da Arte da Cratera.⁵⁸*

Velaí a verdadeira poesía! A *Arte de Amar* que cea o sábado na casa da *Arte da Cratera*! En boa hora! Mais hoxe son *a mandolina e o trobador*. Xa non se fan *poesías fuxitivas*.⁵⁹ Se eu fose poeta faría *poesías fuxitivas*, mais non son poeta, eu!

O POETA ELEXÍACO:

E mais as elexías...

O CABALEIRO:

Poesías fuxitivas, meu señor.
(*En baixo a Madame de Blinval*) E a maiores, iso de *mirador* non é correcto, dise *miradoiro*.

ALGUÉN:

(*Ao poeta elexíaco*)

Unha observación, señor: Dicides *o alto mirador*, por que non *o godo mirador*?

O POETA ELEXÍACO:

Godo non se di en poesía.

ALGUÉN:

Ah, entón é diferente.

O POETA ELEXÍACO:

(*Continuando*)

Entendedes, señor? Cómpre porse límites. Eu non son daqueles que pretenden desorganizar o verso francés e retrotraírnos á época dos Ronsard e dos Brébeuf⁶⁰. Eu son romántico, mais moderado. É como coas emocións. Quéroas lenes, soñadoras, melancólicas, mais nunca con sangue, nunca con horrores. Velar as

⁵⁸ Pode ser unha alusión ao poeta francés do século XVIII Pierre Joseph Bernard, coñecido como Gentil-Bernard, autor dunha *Arte de Amar*

⁵⁹ Coñécese con esta denominación un tipo de poemas baseados máis na beleza e a arte formal da composición que no seu contido. Diversos autores do século XVIII e XIX publicaron obras co título de *Poésies Fugitives*.

⁶⁰ Poetas franceses, o primeiro moito máis importante que o segundo.

catástrofes. Ben sei que hai xente, tolos, imaxinacións delirantes que...Escoitade, señoras, lestes xa a nova novela?

AS SEÑORAS:

Que novela?

O POETA ELEXÍACO:

O derradeiro día...

UN SEÑOR GORDO:

Abonda, señor! Xa sei o que queredes dicir. O título máncame os nervios.

MADAME DE BLINVAL:

E mais a min. É un libro horrendo. Téñoa aí.

AS SEÑORAS:

A ver, a ver...

(Pásanse o libro de man en man)

ALGUÉN:

(Lendo)

O derradeiro día dun...

O SEÑOR GORDO:

Por favor, señora!

MADAME DE BLINVAL:

Efectivamente, é un libro abominable, un libro que produce pesadelos, un libro que pon enfermo.

UNHA MULLER:

(En baixo)

Teño que lelo.

O SEÑOR GORDO:

Cómpre recoñecer que os costumes se van depravando de día en día. Meu Deus, que horrible idea! Desenvolver, furar, analizar, un despois doutro e sen deixar un só, todos os sufrimentos físicos, todas as torturas morais que debe experimentar un home condenado a morte no día da execución. Non é atroz? Dades entendido, miñas señoras, como se atopou un escritor para esa idea e un público para ese escritor?

O CABALEIRO:

Velaí, en efecto, unha cousa soberanamente impertinente.

MADAME DE BLINVAL:

Quen ven sendo o autor?

O SEÑOR GORDO:

Non levaba nome a primeira edición.

O POETA ELEXÍACO:

É o mesmo que xa fixo outras dúas novelas... a fe que me esqueceron os títulos. O primeiro comeza na Morgue e acaba na praza de Grève. En cada capítulo hai un ogro que come un rapaz.

O SEÑOR GORDO:

Lestes iso, señor?

O POETA ELEXÍACO:

Lin: a acción acontece en Islandia⁶¹.

O SEÑOR GORDO:

En Islandia! Espantoso!

O POETA ELEXÍACO:

Ademáis diso fixo odas, baladas⁶², non sei o que, nas que aparecen monstros con corpos de centellas⁶³.

O CABALEIRO:

(Rindo)

⁶¹ Alusión á obra de Victor Hugo *Han de Islande*.

⁶² Alúdese agora a *Odes et ballades*

⁶³ No orixinal o xogo é entre *corps bleus* e a exclamación *Corbleu!*

Cen tellas! Ben puido dicir dúas centas!

O POETA ELEXIACO:

Tamén publicou un drama (chámase así) onde se atopa este fermoso verso:

*Demain vingt-cinq juin mil six cent cinquante-sept*⁶⁴

ALGUÉN:

Ai, que verso!

O POETA ELEXÍACO:

Pode escribirse en cifra, vedes, miñas señoras?

Demain, 25 juin 1657.

(Bótase a rir. Rin todos.)

O CABALEIRO:

É unha cousa ben particular, a poesía de agora.

O SEÑOR GORDO:

É, si! Ese home non sabe versificar. Como di que lle chaman?

O POETA ELEXÍACO:

Ten un nome tan difícil de lembrar como de pronunciar. Ten algo de godo, de visigodo e de ostrogodo⁶⁵.

(Ri)

MADAME DE BLINVAL:

É un home desagradable

O HOME GORDO:

Abominable.

⁶⁴ O alexandrino que aquí aparece é o primeiro verso da peza de teatro de Victor Hugo *Cromwell*, que causou un gran escándalo na estrea. Ante a imposibilidade de trasladalo a verso en galego, optamos por deixalo en francés.

⁶⁵ O poeta elexíaco fai un pequeno xogo de palabras a partir do nome de Victor Hugo pois na súa pronuncia en francés hai unha paronomasia entre *Hugo* e *goth*, *visigoth* e *ostrogoth*.

UNHA MULLER NOVA:

Alguén que o coñece, díxome que...

O SEÑOR GORDO:

Coñeces alguén que o coñece?

A MULLER NOVA:

Si, e di que é un home tranquilo, sinxelo e que vive retirado e pasa os días a xogar cos seus fillos

O POETA:

E as noites a soñar negras obras de tebras.
Que cousa máis singular, velaí un verso que acabo de facer con toda naturalidade...
É porque o verso está aí:

E as noites a soñar negras obras de tebras.

Ten unha boa cesura. Só falta atopar a rima. Pardiola! *Noitebras.*

MADAME DE BLINVAL:

*Quidquid tentabat dicere, versus erat.*⁶⁶

O SEÑOR GORDO:

Diciades que o autor en cuestión ten fillos pequenos. Imposible, señora. Cando un fixo esa obra! Unha novela tan atroz!

ALGUÉN:

Mais esa novela: con que finalidade a fixo?

O POETA ELEXÍACO:

Eu que sei!

UN FILÓSOFO:

Polo que parece, coa de contribuír á abolición da pena de morte.

O SEÑOR GORDO:

⁶⁶ *O que tentaba dicir saíalle en verso* di Ovidio de si mesmo falando da súa inclinación temperán á poesía.

Un horror, xa vos digo eu!

O CABALEIRO:

Ai, xa! Daquela é un duelo co verdugo!

O POETA ELEXÍACO

Odia terriblemente a guillotina.

UN SEÑOR FRACO:

Estouno vendo, son proclamas.

O SEÑOR GORDO:

Non. Apenas hai dúas páxinas nese texto sobre a pena de morte. Todo o resto son sensacións.

O FILÓSOFO:

Velaí o erro. O asunto merecía o raciocinio. Un drama, unha novela, non proban nada. E a maiores, eu lin o libro e é malo.

O POETA ELEXÍACO:

Detestable! Seica iso é arte? É ultrapasar os límites, é romper os cristais. Aínda ben se eu o coñecese, ese criminal! Pois non. Que é o que fixo? Non sabemos nada del. Non hai dereito a me interesar en alguén que eu non coñezo.

O SEÑOR GORDO:

Non hai dereito a lle facer experimentar ao lector sufrimentos físicos. Cando eu vexo traxedias hai mortos: e que? Non sinto nada. Mais esta novela faivos arrepiar o cabelo, pónvos carne de galiña, provócavos pesadelos. Eu estiven dous días na cama por tela lido..

O FILÓSOFO:

Engadide a iso que é un libro frío e medido.

O POETA:

Un libro!...Un libro!...

O FILÓSOFO:

Si. E como diciades hai un momentinho, señor, non hai verdadeira estética. A min non me interesa unha abstracción, un ente puro. Non vexo nela unha

personalidade que se adecuía coa miña. E despois, o estilo non é nin sinxelo nin claro. Cheira a arcaísmo. É o que diciades, non é?

O POETA:

Seguro, seguro. Non se precisan personalidades.

O FILÓSOFO:

O condenado non resulta interesante.

O POETA:

E como había resultalo? Ten un crime e non ten remordementos. Eu tería feito o contrario totalmente. Tería contado a historia do meu condenado. Nacido de pais honrados. Boa educación. Amor. Ciúmes. Un crime que non o sexa. E logo remordementos e remordementos, moitos remordementos. Mais as leis humanas son implacables: cómpre que morra. E nese momento tería tratado o meu asunto da pena de morte. En boa hora!

MADAME DE BLINVAL:

Ah, Ah!

O FILÓSOFO:

Perdón, o libro tal como o señor o entende non probaría nada. A particularidade non rexe a xeneralidade.

O POETA:

Pois ben, mellor aínda. Por que non ter escollido como heroe, por exemplo a ... Malesherbes, o virtuoso Malesherbes⁶⁷? O seu derradeiro día, o seu suplicio? Que fermoso e nobre espectáculo, entón! Eu tería chorado, teríame estremecido, tería querido subir ao patíbulo con el.

O FILÓSOFO:

Eu non.

O CABALEIRO:

Nin eu. No fondo era un revolucionario, o voso señor de Malesherbes.

O FILÓSOFO:

O patíbulo de Malesherbes non proba nada contra a pena de morte en xeral.

⁶⁷ Maxistrado que foi un dos defensores de Luís XVI no seu proceso e morreu tamén na guillotina. Como responsable da censura apoiou a publicación da Enciclopedia.

O SEÑOR GORDO:

A pena de morte! Por que se ocupar dela? Que vos importa, a pena de morte? Ese autor ten que ser ben mal nacido para nos vir meter o pesadelo sobre diso co seu libro!

MADAME DE BLINVAL:

Pois si, un corazón ben malo!

O SEÑOR GORDO:

Obríganos a mirar nas prisións, nos campos de forzados, en Bicêtre. É moi desagradable. Xa sabemos que son cloacas. Que máis lle ten á sociedade?

MADAME DE BLINVAL:

Os que fixeron as leis non eran uns nenos.

O FILÓSOFO:

Con todo, presentando as cousas coa verdade...

O SEÑOR FRACO:

Eilo! Xusto o que falta, a verdade. Que queredes que saiba de semellantes materias un poeta? Cumpría cando menos ser fiscal real. Mirade: lin, nunha cita deste libro que facía un xornal, que o condenado non di nada cando lle len a súa sentenza de morte. Pois ben: eu, eu vin un condenado que nese momento ceibou un berro. Xa vedes.

O FILÓSOFO:

Permitide...

O SEÑOR FRACO:

Mirade, señores, a guillotina e a praza de Grève son de mal gusto. E a proba é que ao parecer trátase dun libro que corrompe o gusto e vos volve incapaz de emocións puras, frescas, inxeis. Cando é que se van erguer os defensores da literatura sá? Eu queredes ser –e os meus requisitorios se cadra me darían dereito a selo- membro da Academia Francesa... Velaí xustamente o señor Ergaste, que o é. Que pensa el de *O derradeiro día dun condenado*?

ERGASTO:

A fe, meu señor, que non o lin nin o hei ler. Onte estaba eu ceando na casa de Madame de Sénange, e a marquesa de Morival faloulle del ao duque de Melcour.

Dis que hai personalidades contrarias á maxistratura, e maiormente contra o presidente D'Alimont. O abade de Floricourt tamén estaba indignado. Parece que hai un capítulo contra a relixión e un capítulo contra a monarquía. Se eu fose fiscal real...!

O CABALEIRO:

Ai, si, fiscal real! E a Carta Magna? E a liberdade de prensa? Con todo, concordaredes comigo en que un poeta que quere suprimir a pena de morte é odioso. Ha, ha, ha! No antigo réxime alguén que se permitise publicar unha novela contra a tortura...! Mais dende a toma da Bastilla pódese escribir todo. Os libros fan un mal horroroso.

O SEÑOR GORDO:

Horroroso.

Había tranquilidade, non se pensaba en nada. Cortábase de cando en cando en Francia unha cabeza acá, outra acolá, dúas todo o máis por semana. Todo sen ruído, sen escándalo. Non dicían nada. Ninguén pensaba no asunto. Nadiña. E velaí un libro...un libro que vos dá unha dor de cabeza tremenda!

O SEÑOR FRACO:

Como un xurado vai condenar, despois de o ler!

ERGASTO

Perturba as conciencias.

MADAME DE BLINVAL:

Ai, os libros! Os libros! Quen diría que iso é unha novela?

O POETA:

De certo que os libros son moitas veces un veneno subversivo da orde social.

O SEÑOR FRACO:

Sen contar a lingua, que os señores románticos revolucionan tamén.

O POETA:

Distingamos, meu señor: hai románticos e románticos.

O SEÑOR FRACO:

O mal gusto, o mal gusto.

ERGASTO:

Tedes razón. O mal gusto.

O SEÑOR FRACO:

Non hai nada que responder a iso.

O FILÓSOFO:

(apoiado na butaca dunha dama)

Din cousas que nin mesmo se din xa na rúa Mouffetard⁶⁸.

ERGASTO:

Libro abominable!

MADAME DE BLINVAL:

Ei! Non o botedes ao lume, que é da señora que nos aluga a casa.

O CABALEIRO:

Faládeme do noso tempo. Moito se depravou todo dende entón, o gusto e os costumes! Lembrádesvos do noso tempo, Madame de Blinval?

MADAME DE BLINVAL:

Non , meu señor, non me lembro.

O CABALEIRO:

Nós eramos o pobo mais doce, máis ledos, máis enxeñosos. Sempre fermosas festas e bonitos versos. Era encantador. Seica hai cousa máis galante que o madrigal do señor de la Harpe sobre o gran baile que a señora Mariscala de Mailly deu en mil setecentos... no ano da execución de Damiens⁶⁹?

O SEÑOR GORDO

(suspirando)

⁶⁸ Unha das rúas máis antigas e populares de París.

⁶⁹ Autor da tentativa de asasinato do rei Luís XV en 1757.

Tempos felices! Agora os costumes son horribles, e os libros tamén. Dío o fermoso verso de Boileau⁷⁰:

E a caída das artes sigue a decadencia dos costumes

O FILÓSOFO:

(en voz baixa ao poeta)

Hai cea, nesta casa?

O POETA ELEXÍACO:

Hai, logo é.

O SEÑOR FRACO:

Agora queren abolir a pena de morte, e por iso fan novelas crueis, inmorais e de mal gusto, *O derradeiro día dun condenado* e que sei eu!

O SEÑOR GORDO:

Escoitade, meu amigo, non falemos máis deste libro atroz, e xa que estades aquí, dicídeme: que facedes con ese home ao que nós lle rexeitamos o recurso hai tres semanas?

O SEÑOR FRACO:

Ah, unha pouquiña paciencia! Agora estou de permiso. Deixádeme respirar. Á miña volta. Con todo, se tarda de máis heille escribir ao meu suplente...

UN LACAIO:

(entrando)

A señora está servida.

⁷⁰ Nin se trata dun verso de Nicolas Boileau (1636-1711), senón de Nicolas Gilbert (1750-1780), nin o texto está ben citado, cun erro léxico que altera a métrica. Sen dúbida Victor Hugo faino conscientemente para criticar o *señor gordo*.

A partir de 1832, as sucesivas edicións incorporan este importante documento no que Victor Hugo fai unha argumentada defensa do abolicionismo e insire o seu libro no marco temporal e histórico da Francia da época.

« Á cabeza das primeiras edicións desta obra, publicada ao primeiro sen o nome do autor, figuraban só as poucas liñas que a seguido se len :

« Hai dúas maneiras de entender a existencia deste libro. Ou, efectivamente, existiu un feixe de papeis amarelos e desiguais nos que se atoparon rexistrados, un a un, os derradeiros pensamentos dun miserable, ou se encontrou un home, un soñador ocupado en observar a natureza en proveito da arte (un filósofo, un poeta, que sei eu !), con esta idea por fantasía, que a colleu –ou, mellor dito se deixou coller por ela- e só se deu desembarazado de tal idea verténdoa nun libro.

Destas dúas explicacións, o lector escollerá a que el queira. »

Como se ve, na época en que se publicou o libro o autor non xulgou axeitado dicir dende entón todo o que pensaba. Preferiu agardar ser entendido e ver se o era. E foino. O autor pode hoxe tirarlle a máscara á idea política, á idea social, que quixera popularizar baixo esta inocente e cándida forma literaria. Declara, daquela, ou máis ben confesa en alto, que *O derradeiro día dun condenado*, non é senón un alegato –directo ou indirecto, como se queira- en prol da abolición da pena de morte. O que tentou facer, o que quixería que a posteridade vise na súa obra –se chega ela a se ocupar de cousa tan pequena- non é a defensa especial, sempre doada e sempre transitoria, deste ou destoutro criminal escollido, deste o destoutro acusado que eleximos. É o alegato xeral e permanente a prol de todos os acusados presentes e vindeiros. É o punto principal do dereito da humanidade alegado e defendido a toda voz diante da sociedade, que é o alto tribunal supremo. É este superior motivo de inadmisión, *abhorrescere a sanguine*⁷¹, construído para sempre antes de todos os procesos criminais. É a sombría e fatal cuestión que late a escuramente no fondo de todas as causas capitais baixo o triple espesor do pathos co que o envolve a retórica sanguenta da xente do rei⁷². É a cuestión de vida ou morte –digo eu- espida, desnuda e despoxada dos enguedellos sonoros do ministerio público, brutalmente levada á luz do día e pousada onde cómpre que a vexan, onde cómpre que estea, onde realmente está, no seu verdadeiro medio, no seu horrible medio, non no tribunal senón no patíbulo, non diante do xuíz senón diante do verdugo.

Velaí o que quixo facer. Se o porvir lle outorgase un día a gloria de o ter feito –o que non ousa esperar-non había el querer outra coroa.

⁷¹ “Ter horror do sangue”.

⁷² Os fiscais.

Decláralo, logo, e repíteo : ocupa, en nome de todos os acusados posibles inocentes ou culpables, diante de todas as cortes, todos os pretorios, todos os xurados, todas as xustizas. Este libro vai dirixido a todo aquel que xulga. E para que o alegato sexa tan vasto como a causa, tivo que –e por iso *O derradeiro día dun condenado* está feito así- decotar por todas partes no seu asunto o continxente, o accidente, o particular, o especial, o relativo, o modificable, o episodio, a anécdota, o acontecemento, o nome propio, e limitarse (se iso é limitarse) a defender a causa de calquera condenado, executado calquera día, por calquera crime. Feliz se é que, sen outra ferramenta que o seu pensamento, deu escavichado abondo como para facer sangrar un corazón baixo o *æs triplex*⁷³ do maxistrado ! Feliz se é que volveu compasivos aos que se cren xustos ! Feliz se é que, a poder de furar no xuíz, logrou ás veces atopar nel un home !

Hai tres anos, cando apareceu este libro, algunhas persoas imaxinaron que pagaba a pena criticarlle a idea ao autor. Uns supuxeron un libro inglés, outros un libro americano. Singular maneira de buscar a mil leguas as orixes das cousas e de facer nacer das fontes do Nilo o regato que lava a vosa rúa ! Ca! Non hai nisto nin libro inglés, nin libro americano, nin libro chino. O autor tomou a idea de *O derradeiro día dun condenado* non nun libro -non ten o costume de ir buscar as súas ideas tan lonxe- senón alí onde todos podíades tomala, onde se cadra a tomastes (pois : quen non ten feito ou soñado na súa mente *O derradeiro día dun condenado* ?), sinxelamente na praza pública, na praza de Grève⁷⁴. Foi alí onde un día, ao pasar, recolleu esta idea fatal que xacía nunha pucharca de sangue baixo os vermellos tocos da guillotina.

Dende aquela, cada vez que -segundo a vontade das fúnebres quintas feiras do tribunal supremo⁷⁵- chegaba un deses días nos que se pregoa en París unha sentenza de morte, cada vez que o autor sentía pasar baixo as súas fiestras eses roucos ouveos que xuntan en grea espectadores para a praza de Grève, cada vez volvíalle a dolorosa idea, apoderábase del, enchíalle a cabeza de xendarmes, verdugos e multitude, explicáballe hora por hora os derradeiros sufrimentos do miserable agonizante (agora están a confesalo, agora están a lle cortar o cabelo, agora están a lle atar as mans), conminábo –a el, pobre poeta- a que dixese todo iso á sociedade -que anda a se ocupar dos seus asuntos mentres se cumpre esta cousa monstruosa- apurábo, apuxábo, abaneábo, arrancáballe os seus versos da mente –se é que estaba a facelos nese momento- e matábaos apenas esbozados, riscaba os seus traballos todos, atravesábase en todo, invadíao, obsesionábo, sitiábo. Era un suplicio, un suplicio que comezaba co día e que duraba tanto como o do malpocado que torturaban ao mesmo tempo, ata *as catro*. Só entón, unha vez pregoado pola voz sinistra do reloxo o *ponens caput expiravit*⁷⁶, o autor respiraba e volvíaa atopar algunha liberdade de espírito. Un día, finalmente –era, segundo el cre

⁷³ « Triple bronze » (dunha armadura), expresión tirada dun verso de Horacio.

⁷⁴ Na praza de Grève, de París, situada fronte á Casa do Concello, tiñan lugar as execucións públicas na guillotina.

⁷⁵ O tribunal supremo (“Cour de cassation”) examinaba nas quintas feiras os recursos contra as sentenzas, anulando ou ratificando a pena de morte.

⁷⁶ “Pousando a cabeza expirou”. Trátase dun verso do poema en latín *Christiados*, do humanista italiano Marco Girolamo Vida (1489-1566), A frase é practicamente igual ao texto do Evanxeo segundo San Xoán, que referindo á morte de Cristo -como o devandito verso- di: “E inclinando a cabeza expirou” (*inclinansque caput expiravit*).

o seguinte á execución de Ulbach- púxose a escribir este libro⁷⁷. Dende entón sentiuse aliviado. Cando se cometeu un deses crimes públicos que chaman execucións xudiciais, a súa conciencia díxolle que xa non era solidario del, e non sentiu xa na súa fronte esa pinga de sangue que abrolla da praza de Grève sobre as cabezas de todos os membros da comunidade social.

Porén, iso non abonda. Lavar as mans está ben, impedir que corra o sangue estaría mellor.

Por iso non coñecería el outro fin máis elevado, máis santo, máis augusto, ca este : contribuír á abolición da pena de morte. Por iso é dende o fondo do corazón como se adhire aos desexos e aos esforzos dos homes xenerosos de todas as nacións que traballan dende xa hai anos en botar abaixo a árbore patibular, a única árbore que as revolucións non erradican. Con alegría ven el á súa vez, tan cativo, dar o seu machadazo e agrandar o máis que poida a entalla que Beccaria⁷⁸ fixo hai sesenta e seis anos na vella forza ergueita dende tantos séculos enriba da cristiandade.

Acabamos de dicir que o patíbulo é o único edificio que as revolucións non demolen. É raro, efectivamente, que as revolucións sexan sobrias en sangue humana, e, dado que viñeron para degallar, para demoucar, para decepar a sociedade, a pena de morte é un dos podóns dos que elas se desprenden máis a desgusto.

Con todo, ímolo confesar : se algunha vez unha revolución nos pareceu digna e capaz de abolir a pena de morte, foi a Revolución de Xullo. Semella que lle pertencía ao movemento popular máis clemente dos tempos modernos chatar a penalidade bárbara de Luís XI, de Richelieu e de Robespierre, e inscribir na fronte da lei a inviolabilidade da vida humana. 1830 merecía crebar a coitela de 1793⁷⁹.

Durante un momento esperámolo. En agosto de 1830 había tanta xenerosidade e compaixón no ambiente, tal espírito de cordialidade e de civilización ondeaba nas masas, sentíase un co corazón tan souril pola proximidade dun belido porvir, que nos semellou a pena de morte estar abolida de dereito, de primeiras, por un consentimento tácito e unánime, como o resto das cousas ruíns que nos importunaran O pobo acababa de facer unha lumerada de festa cos farrapos do antigo réxime. Este era o farrapo ensanguentado. Coidamos que ía no feixe. Coidamos que ardera, coma os outros. E durante unhas semanas, confiados e crédulos, tivemos fe no porvir coa inviolabilidade da vida igual que coa inviolabilidade da liberdade.

⁷⁷ A execución de Louis Ulbach tivo lugar en setembro de 1827 e Victor Hugo comezou a redacción de *O derradeiro...* en outubro de 1828, polo que non sería un día senón un ano antes.

⁷⁸ Xurista italiano (1738-1794) que na súa obra *Dos delitos e das penas* (1764-1766) sentou as bases do dereito penal moderno, baseándoo na separación do poder xudicial e o relixioso, a proporcionalidade das penas, a reeducación do delincente, a abolición das torturas e da pena de morte e na prevención do delito.

⁷⁹ É nese ano, no período da Revolución Francesa denominado O Terror, cando a guillotina coñece a súa máxima actividade.

E, efectivamente, apenas decorreran dous meses tivo lugar unha tentativa para transformar en realidade legal a utopía sublime de Cesare Bonesana⁸⁰.

Infelizmente, esta tentativa foi torta, zoupona e case hipócrita, feita nun interese distinto do interese xeral.

No mes de outubro de 1830, lembrámolo, algúns días despois de ter afastado da orde do día a proposta de sepultar a Napoleón debaixo da columna⁸¹, a Cámara enteira botouse a chorar e a urrar. Puxeron enriba da mesa a cuestión da pena de morte, xa diremos un pouco máis en diante con ocasión do que. E daquela semellou que unha súbita e maravillosa misericordia se apoderara das entrañas todas dos lexisladores. Foi unha carreira a quen máis había falar, laiar e erguer as mans ao ceo. A pena de morte : Deus santo ! Que horror ! Un vello fiscal xeral, branqueado na súa toga vermella, que toda a vida comera o pan enchoupado no sangue dos requisitorios, adoptou de súpeto un aire compasivo e puxo os deuses por testemuña de estar indignado pola guillotina. Durante dous días a tribuna non se baleirou de arengadores feitos praxeiras. Foi unha lamentación, unha miriología⁸², un concerto de salmos lúgubres, un *Super flumina Babylonis*,⁸³ un *Stabat mater dolorosa*⁸⁴, unha gran sinfonía en *ut*⁸⁵, con coros, executada por toda esa orquestra de oradores que orna os primeiros bancos da Cámara e emite sons tan fermosos nos días grandes. Un veu coa súa voz de baixo, outro coa súa de falsete. Non faltou nadiña. A cousa foi o máis patética e lastimosa que haber pode. A sesión da noite, maiormente, foi aloumiñante, paternal e esgazadora coma un quinto acto de Lachaussée.⁸⁶ O bo público, que non entendía nada, tiña as bágoas nos ollos.

De que se trataba, logo ? De abolir a pena de morte ?

Si e mais non.

Velaí o feito :

Catro homes de mundo, catro homes como cómpre, deses homes que podemos atopar nun salón⁸⁷, e cos que se cadra temos intercambiado algunhas falas educadas, catro deses homes –digo- tentaran nas altas rexións políticas un deses golpes ousados que Bacon⁸⁸ chama *crimes*⁸⁹ e que Maquiavelo chama

⁸⁰ Cesare Bonesana Beccaria, xurista xa citado uns parágrafos máis enriba.

⁸¹ A columna da praza Vendôme, de París.

⁸² Cerimonia fúnebre da antiga Grecia con cantos femininos que choraban a morte dunha persoa próxima.

⁸³ Salmo 136 da Biblia.

⁸⁴ Poema latino medieval musicado por diversos autores e moi utilizado na liturxia católica.

⁸⁵ Nome antigo da nota musical que hoxe se coñece como *do*.

⁸⁶ Autor teatral francés (1692-1754), inventor dun xénero chamado « comedia lacrimosa », cheo de situacións que facían chorar doadamente.

⁸⁷ Nos séculos XVII, XVIII e XIX proliferaron entre a “boa sociedade” as reunións nas que se recibían persoas amigas e distinguidas. Moitas veces estes salóns reunían artistas, escritoras e escritores e constituíanse en motor e mostra da creación cultural.

⁸⁸ Filósofo inglés (1561-1626).

⁸⁹ A evolución da monarquía de Carlos X cara a un réxime cada vez máis absolutista chega á culminación co nomeamento do ultraconservador Jules de Polignac como primeiro ministro. Ante a

empresas. Ora ben, crime ou empresa, a lei, brutal para todos, castiga iso coa morte. E os catro malfadados estaban aí, presos, cativos da lei, gardados por tres centas rosetas tricolores⁹⁰ baixo as fermosas oxivas de Vincennes⁹¹. Que facer e como facelo? Compreendedes que resulta imposible enviar á praza de Grève, nunha carreta, innobrememente atados con grosas cordas, dándose de costas con ese funcionario que non debemos mesmo nin mentar, catro homes como vós e eu, catro *homes de mundo*! Se aínda houberse unha guillotina de caoba!

Ei! Non hai máis que abolir a pena de morte!

E coa mesma, a Cámara ponse ao labor.

Reparade, meus señores, en que aínda onte tratabades esta abolición de utopía, de teoría, de soño, de tolemia, de poesía. Reparade en que non é a primeira vez que intentan chamar a vosa atención sobre a carreta, sobre as grosas cordas e sobre a horrible máquina escarlata, e que resulta estraño que este noxento aparello vos salte así á vista de súpeto.

Boh! É certamente diso do que se trata! Non é por causa vosa, pobo, polo que nós abolimos a pena de morte senón por causa nosa, deputados que podemos chegar a ministros. Non queremos que o mecanismo de Guillotin⁹² morda nas clases altas. Crebámolo. Tanto mellor se isto lle convén a todo o mundo, mais nós unicamente o fixemos pensando en nós. Ucalegón arde⁹³, apaguemos o lume. Axiña, suprimamos o verdugo, risquemos o código!

É así como unha mesturanza de egoísmo altera e desnatura as máis fermosas combinacións sociais. É a vea negra dentro do mármore branco. Circula por todas as partes e aparece de improviso baixo o cicel en calquera momento. Tedes que volver labrar a vosa estatua.

falta da maioría na Cámara, Polignac prepara catro decretos que poñen fin ao Parlamento, á liberdade de prensa, modifican no seu proveito o sistema electoral e convocan eleccións polo novo sistema. O pobo de París revóltese nas “Tres Xornadas Gloriosas” e o réxime borbónico cai, dando lugar a unha monarquía constitucional, a Monarquía de Xullo, con Luís Filipe de Orléans como novo rei. Polignac e outros tres ministros son condenados á “morte civil”, que aínda conservándolles a vida física, negáballes o exercicio de calquera dereito propio das persoas vivas.

⁹⁰ A *roseta* é un pequeno distintivo de forma circular e normalmente de tecido ou fita que identifica un país, un grupo, unha asociación, etc. Aquí trátase da *cocarde* republicana, símbolo da Revolución Francesa. A bandeira e a *cocarde* tricolores (azul, branco e vermello) foron substituídas durante a Restauración (Luís XVIII e Carlos X) polas de cor branca. Posteriormente, a partir da Monarquía de Xullo, foron restauradas as cores primitivas.

⁹² Joseph Guillotin (1738-1814), médico e deputado, inventou a guillotina para que -mentres non se abolía a pena de morte- as execucións se fixesen co menor sufrimento dos reos e do mesmo xeito para todos, pois ata ese momento reinaban as diferenzas por clases sociais e tipo de crimes: decapitación por sabre ou machada., aforcamento, fogueira, despezamento por tiro de cabalos, lanzamento en auga fervendo, etc.

⁹³ Alusión a un verso de Virxilio na Eneida, relativo ao incendio de Troia. Viría sendo un chamamento de alerta como “A casa de Ucalegón, a casa veciña á nosa, está a arder, as nosas casas todas corren perigo!”

De certo que nós (non é preciso declaralo aquí) non formamos parte dos que reclamaban a cabeza dos ministros. Unha vez detidos estes infortunados, a carraxe indignada que nos inspirara o seu atentado mudou –en nós como en todo o mundo- nunha profunda paixón. Cavilamos nos prexuízos da educación dalgúns deles, no cerebro pouco desenvolvido do seu xefe, relapso fanático e obstinado das conspiracións de 1804, encanecido antes de tempo baixo a sombra húmida das prisións do Estado, nas necesidades fatais da súa posición común, na imposibilidade de frear nesa rápida pendente na que a propia monarquía se lanzara a rédea solta o 8 de agosto de 1829, na influencia -ata entón demasiado pouco calculada por nós- da real persoa, e sobre todo na dignidade que un deles expandía como un manto de púrpura por cima da súa desgraza. Nós formamos parte daqueles que lles desexaban sinceramente salvar a vida, e que estaban dispostos a se dedicar a iso. Se nalgún momento –cousa imposible- o seu patíbulo tivese sido ergueito na praza de Grève, non temos dúbida ningunha (e se é unha ilusión queredamos conservala), non temos dúbida ningunha de que tería habido un motín para derrubalo ; e o que escribe estas liñas tería estado nese santo motín. Porque cómpre manifestalo claramente tamén nas crises sociais : de todos os patíbulos, o patíbulo político é o máis abominable, o mais funesto, o máis venenoso, o que máis necesario é extirpar. Esta caste de guillotina enraízase no enlousado e en pouco tempo bota gromos en todos os puntos do chan.

En tempos de revolución, tede coidado coa primeira cabeza que cai. Ela ábrelle o apetito ao pobo.

Estabamos, logo, persoalmente de acordo con aqueles que querían respectar a vida dos catro ministros, e de acordo de todas as formas, tanto por razóns sentimentais como por razóns políticas. Só que teríamos preferido que a Cámara escollese outra ocasión para propór a abolición da pena de morte.

Se se tivese proposto esta desexable abolición, non tocante aos catro ministros caídos das Tuilerías a Vincennes⁹⁴ senón tocante ao primeiro salteador de camiños aparecido, tocante a un deses miserables que apenas mirades cando pasan ao voso carón pola rúa, aos que non lles falades, dos que evitades instintivamente o roce poeirento, un malpocado de infancia esfarrapada que correu descalzo pola lama das encrucilladas, atecendo no inverno nas beiras dos peiraos, quentándose nos respiradoiros das cociñas do restaurante do señor Véfour⁹⁵, onde ides cear, desenterrando acá e acolá unha codela de pan nunha morea de goldrallo e enxugándoa antes de a comer, rañando o día enteiro o escoadoiro cunha punta na procura dun pataco, sen outra diversión que o espectáculo gratis da festa do rei e as execucións na praza de Grève, estoutro espectáculo gratis ; un deses pobres diaños que a fame apuxa ao roubo e o roubo ao resto, fillos desherdados dunha sociedade madrasta, que o correccional colle aos doce anos, os traballos forzados aos dezaoito e o patíbulo aos corenta, infortunados que cunha escola e un obradoiro poderíades ter feito bos, morais, útiles e cos que non sabedes que facer, botándoos, coma un fardo inútil, quer no

⁹⁴ No traxecto do Poder (o Palacio das Tullerías ou Les Tuileries, palacio do Rei) á Prisión (o castelo de Vincennes).

⁹⁵ Célebre e luxoso restaurante parisiense.

vermello formigueiro de Toulon⁹⁶, quer no mudo recinto de Clamart⁹⁷, segándolles a vida despois de lles terdes roubado a liberdade. Se tivese sido tocante dun deses homes que vós tiverades proposto abolir a pena de morte, oh, daquela a vosa sesión tería sido verdadeiramente digna, grande, santa, maxestosa e venerable. Dende os augustos padres de Trento, que invitaron os herexes ao concilio no nome das entrañas de Deus, *per viscera Dei*, porque se espera a súa conversión, *quoniam sancta synodus sperat haereticorum conversionem*, endexamáis asemblea de homes ningunha tería presentado ante o mundo espectáculo máis sublime, máis ilustre e máis misericordioso. Sempre lles pertenceu a aqueles que son verdadeiramente fortes e verdadeiramente grandes preocupárense do feble e do pequeno. Sería fermoso un consello de brahmíns que tomase partido pola causa do paria. E aquí a causa do paria era a causa do pobo. Abolindo a pena de morte –por causa del e sen agardardes a terdes intereses no asunto- faciades máis ca unha obra política : faciades unha obra social.

En canto que nin mesmo fixestes unha obra política ao tratardes de abolila non por abolila senón para salvar catro infortunados ministros pillados coa man na bolsa dos golpes de estado !

Que foi que aconteceu ? Pois que como non erades sinceros desafiáronvos. Cando o pobo viu que lle querían dar gato por lebre encarraxouse contra todo o asunto en masa e -cousa notable !- tomou a causa e a defensa desa pena de morte da que, porén, el atura o peso todo. Foi a vosa falta de habelencia a que o levou aí. Abordando o asunto de esguello e sen franqueza comprometéstelo por moito tempo. Faciades unha comedia. E asubiáronvos.

Con todo, algunhas mentes tiveran a bondade de tomar en serio esa farsa. Inmediatamente despois da famosa sesión, un Ministro de Xustiza honesto déralles orde aos fiscais de suspenderen indefinidamente todas as execucións capitais. Era, en aparencia, un gran paso. Os adversarios da pena de morte respiraron. Mais a súa ilusión durou pouco.

O proceso dos ministros concluíu. Non sei que sentenza se dictou. As catro vidas foron respectadas. A vila de Ham foi escollida como xusto medio entre a morte e a liberdade⁹⁸. Feitos estes diversos amaños esvaeceuse calquera medo na mente dos homes de estado dirixentes, e, co medo, a humanidade foise. Xa non foi cousa de abolir o suplicio capital, e unha vez que non se precisou xa dela, a utopía volveu ser utopía, a teoría teoría e a poesía poesía.

Con todo, seguía a haber nos cárceres algúns malfadados condenados vulgares que paseaban polo patio dende había cinco ou seis meses, respirando o aire, tranquilos a partir de entón, seguros de vivir, e que tomaban o aprazamento polo indulto. Mais agardade.

⁹⁶ V. nota 12.

⁹⁷ V. nota 46.

⁹⁸ Antes de estaren presos no castelo de Vincennes, os catro ministros estiveran presos, durante as xornadas revolucionarias, na vila de Ham.

O verdugo, en verdade, tivera moito medo. O día no que sentira os facedores de leis falaren de humanidade, de filantropía e de progreso crérase perdido. Agachárase, o ruín, acubillárase baixo a súa guillotina, mal a xeito no sol de xullo como un paxaro da noite en pleno día, tentando facerse esquecer, entupindo as orellas e sen ousar alentar. Dende había seis meses non o víamos. Non daba sinais de vida. E mais, pouquiño a pouco, fora acougando nas súas tebras. Escoitara pola banda das Cámaras e xa non ouvira pronunciar o seu nome. Rematadas esas grandes palabras sonoras das que tivera tanto pavor. Rematados os comentarios declamatorios do *Tratado dos delitos e das penas*⁹⁹. Estaban a se ocupar doutra cousa diferente, dalgún grave interese social, dun camiño veciñal, dunha subvención para a Ópera-Cómica ou dunha sangría de cen mil francos sobre un orzamento apopléctico de mil cinco centos millóns. Ninguén pensaba xa nel, o corta-testas. En vendo isto, o home tranquilízase, tira a cabeza do buraco e mira para todos os lados ; dá un pasiño e logo dous, como non sei que ratiño de La Fontaine¹⁰⁰, e logo atrévese a saír de afeito de embaixo da súa armazón, logo dá un chimpio enriba dela, compona, arránxaa, lústraa, agarímaa, faina funcionar, faina relucir, volve ensebar o vello mecanismo enferruxado que a ociosidade estaba derramando, de súpeto vírase, pilla ao chou polo cabelo no primeiro cárcere que aparece un deses malfadados que contaban coa vida, tírao para el, díspeo, átao, péchao e velaí as execucións comezaren de novo

Todo iso é horrendo, mais é histórico.

Si, houbo un aprazamento de seis meses concedido a uns malfadados presos aos que deste xeito se lles agravou gratuitamente a pena facéndolles aferrarse de novo á vida ; despois, sen razón, sen necesidade, sen saber moi ben polo que, *polo gusto*, un bo día revocaron o aprazamento e se volveu poñer friamente todas esas creaturas firmes e en fileira. Ei, meu Deus, preguntovos eu : Que máis nos tiña a todos que eses homes vivisen ? Seica non hai en Francia aire de abondo que respirar para todo o mundo ?

Para que un día un miserento emisario da chancelería, a quen a cousa lle era igual, se erguese da súa cadeira dicindo : « Vamos ! Ninguén pensa xa na abolición da pena de morte. Son horas de se pór a guillotinar outravolta ! », tivo que ocorrer no corazón daquel home algo ben monstroso.

Por outra banda –digámolo- nunca as execucións foron acompañadas de circunstancias máis atroces que dende esa revocación do aprazamento de xullo, nunca a anécdota da praza de Grève foi máis indignante e probou mellor o execrable da pena de morte. Ese redobramento do horror é o xusto castigo dos homes que puxeron de novo en vigor o código do sangue. Que sexan castigados pola súa obra. Está ben feito.

Cómpre citar aquí dous ou tres exemplos do espantoso e impío que teñen certas execucións. Cómpre pór mal dos nervios as mulleres dos fiscais reais. Unha muller ás veces é unha conciencia.

⁹⁹ V. nota 65.

¹⁰⁰ Alusión a unha fábula.

No Sur, cara a finais do mes de setembro pasado (non temos totalmente seguros o día nin o nome do condenado mais atopáremolos se é que nos discuten o feito) e cremos que foi en Pamiers¹⁰¹... Cara a finais de setembro, logo, veñen buscar un home á súa prisión, na que estaba a xogar tranquilamente ás cartas, comunicánlle que ten que morrer de alí a dúas horas -o que lle fai tremer todos os seus membros porque dende había seis meses estaba esquecido e non contaba xa coa morte- aféitano, trosquíano, amárrano, confésano e despois carréxano entre catro xendarmes e ao través da multitude ao lugar da execución. Ata aquí nada que non sexa sinxelo. É así como se fai. Chegado ao patíbulo, o verdugo cóllello ao crego, lévao, átao sobre a plataforma, *enfórnao*¹⁰² (utilizo aquí o termo de argot) e despois ceiba a coitela. O pesado triángulo de ferro despréndese con dificultade, cai a tombos polas súas ranuras e velaí o horror a comezar, retallando no home sen o matar. O home bota un berro arrepiante. O verdugo, desconcertado volve erguer a coitela e déixaa caer de volta. A coitela traba no pescozo do paciente unha segunda vez mais non o tronza. O paciente urra e a multitude tamén. O verdugo volve izar aínda a coitela, esperando mellor resultado do terceiro golpe. Nadiña. O terceiro golpe fai abrollar da caluga do condenado un terceiro regueiro de sangue, mais non fai caer a cabeza. Abreviemos : o coitelo volveu subir e caer cinco veces, cinco veces se espetou no condenado, cinco veces o condenado urrou baixo o golpe e abaneo a súa testa viva pedindo o indulto ! O pobo indignado colleu pedras e na súa xustiza comezou a lapidar o ruín do verdugo. O verdugo fuxiu so a guillotina e acachapouse tras dos cabalos dos xendarmes. Mais a cousa aínda non rematou aí : o torturado, ao se ver só enriba do patíbulo, volvérase endereitar sobre do taboado e alí, de pé, estarrecedor, co sangue a lle escorregar e termendo da súa cabeza semi-cortada que lle pendía do ombreiro, pedía con febles gritos que viñesen desamarralo. A multitude, toda doída, estaba a piques de forzar os xendarmes e de valer o malfadado que sufrira cinco veces a súa sentenza de morte. Foi nese momento cando un criado do verdugo, un mozo de vinte anos, sobe ao patíbulo, dille ao paciente que se vire para desatalo e, aproveitando a postura do moribundo que se entregaba a el sen desconfianza, salta enriba do seu lombo e ponse a lle cortar traballosamente o que lle quedaba de pescozo cunha especie de coitelo de carnicero. Talmente ocorreu e se viu. Si.

Nos termos da lei, un xuíz tivo que asistir a esta execución. Cun aceno podía el parar todo. Que facía, daquela, no fondo do seu vehículo, ese home, en canto estaban a masacrar un home ? Que facía este castigador de asasinados en canto estaban a asasinar en pleno día, diante dos seus ollos, diante do alento dos seus cabalos, diante do cristal da súa porta ?

E o xuíz non foi levado a xuízo ! E ningún tribunal indagou ese monstruoso exterminio de todas as leis na persoa sagrada dunha creatura de Deus !

No século dezasete, na época de barbarie do código criminal, baixo Richelieu e baixo Christophe Fouquet, cando o señor de Chalais foi executado en Nantes na praza de Bouffay por un soldado zoupón que en lugar dun espadazo lle deu trinta e catro golpes cunha aixola de toneleiro, cando menos iso pareceulle

¹⁰¹ Cidade occitana situada entre Andorra e Toulouse. En realidade a execución deste reo (Pierre Hébrard) tivo lugar en Albi, cidade a uns 140 kms. ao norte de Pamiers.

¹⁰² Déitao enriba da plataforma de madeira como se fose nun forno.

irregular ao tribunal de París. Houbo investigación e proceso, e se nin Richelieu nin Christophe Fouquet foron castigados, foino o soldado. Inxustiza, sen dúbida, mais no fondo dela había xustiza.¹⁰³

Aquí, nada. A cousa tivo lugar despois de xullo, nun tempo de costumes suaves e de progreso, un ano despois do célebre laio da Cámara sobre a pena de morte. Pois ben, o feito pasou totalmente desapercibido. Os xornais de París publicárono como unha anécdota. Ninguén foi molestado. Sóubose unicamente que a guillotina fora desconxuntada expresamente por alguén *que quería prexudicar ao executor das altas obras*. Era un criado do verdugo, expulsado polo seu amo, que para se vingar lle fixera esta aduanada.

Non era senón unha trasnada. Sigamos.

En Dijon, hai tres meses levaron ao suplicio unha muller. (Unha muller!). Esta vez tamén a coitela do doutor Guillotin fixo mal o seu servizo. A cabeza non foi cortada totalmente. Entón os criados do executor xunguíronse aos pés da muller e entre os ouveos da malpocada, e a poder de turras e de puxas, separáronlle a cabeza do tronco arrancándolla.

En París volvemos ao tempo das execucións secretas. Como xa non ousan decapitar na praza de Grève dende xullo, como teñen medo, como son covardes, velaí o que fan: colleron ultimamente en Bicêtre un home, un condenado a morte, un tal Desandrieux, paréceme, puxérono nunha especie de cesto arrastrado por dúas rodas, pechado por todas as partes, agrilloado e mais aferrollado, e despois - cun xendarme diante e outro detrás, con pouco ruído e sen moita xente- foron pousar o paquete na barreira deserta de Saint-Jacques¹⁰⁴ Ao chegaren (eran as oito da mañá, aínda ben non era día) había alá unha guillotina acabadiña de erguer, e como público unha ducia de rapaces amoreados enriba dunhas pedras veciñas de arredor da máquina inesperada. Tiraron a présa o home do cesto e, sen lle dar tempo de respirar, pola calada, ás escondedelas, vergoñentamente, ripáronlle a cabeza. Iso chámase un acto público e solemne de alta xustiza. Infame escarnio !

Como entende, daquela, a palabra civilización a xente do rei? Onde chegamos? A xustiza reducida a estrataxemas e supercherías! A lei a trucos! Monstruoso !

É unha cousa ben temible un condenado a morte, como para que a sociedade o colla a traición deste xeito !

Sexamos xustos, porén : a execución non foi secreta de a feito. Pola mañá pregoaron e venderon, como de adoito, a sentenza de morte nas encrucilladas de París. Seica hai xente que vive desa venda. Escoitádelo ? Do crime dun infortunado, do seu castigo, das súas torturas, da súa agonía, fíxose un comestible, un papel que

¹⁰³ Victor Hugo alude a un complot contra o rei Luís XIII no que participou o conde de Chalais en 1626, polo que este foi condenado á decapitación. O cardeal de Richelieu era o primeiro ministro e Fouquet a autoridade de Nantes que tiña ao seu cargo a execución de Chalais.

¹⁰⁴ Alá se atopaba, nese momento, unha das portas de entrada de París.

se vende por un pataco. Concebides algo máis noxento que ese pataco enferruxado no medio do sangue ? Quen é, daquela, quen o apaña ?

Velaí feitos abondo. De máis. Seica non é horrible, todo isto? Que tedes que alegar en prol da pena de morte ?

Facemos esta pregunta en serio, facémola para que respondan a ela, facémoslla aos criminalistas, non aos letrados larapeteiros. Sabemos que hai xente que toma a excelencia da pena de morte por texto paradoxal, como calquera outro asunto. Hai outra que só defende a pena de morte porque odia a tal ou tal outra persoa que a ataca. Para eles é unha cuestión case literaria, unha cuestión de persoas, unha cuestión de nomes propios. Son os envexosos, dos que non carecen nin os bos xuriscultos nin os grandes artistas. Os Joseph Grippa non lles faltan aos Filangeri nin tampouco os Torregiani aos Miguel Anxo e os Scudéry aos Corneille¹⁰⁵.

Non é a eles a quen nos diriximos senón aos homes de leis propiamente ditos, aos dialécticos, aos razoadores, aos que aprezan a pena de morte pola pena de morte, pola súa beleza, pola súa bondade, pola súa graza.

Vexamos, que dean as súas razóns.

Os que xulgan e condenan din que a pena de morte é necesaria. De primeiras porque é importante retallar da comunidade social un membro que xa lle fixo dano e podería facerllo de novo.

Se non se tratase máis que diso, sería abondo coa prisión perpetua. Por que a morte ? Obxectades que é posible escaparse dunha prisión ? Facede mellor a vixía. Se non credes na solidez dos barrotes de ferro : como vos atrevedes a ter mostras de feras ?

Non cómpre verdugo onde abonda co carcereiro.

Mais –continúan- cómpre que a sociedade se vingue, que a sociedade castigue. – Nin unha cousa nin a outra : vingarse perténcelle ao individuo, castigar perténcelle a Deus.

A sociedade está entre dous : o castigo está por riba dela, a vinganza por baixo. Nada tan grande ou tan pequeno lle acai. Ela non debe « castigar para se vingar », debe *corrixir para mellorar*. Transformade deste xeito a fórmula dos criminalistas, comprendémola e adherímonos a ela.

Queda a terceira e última razón, a teoría do exemplo : Cómpre establecer exemplos, cómpre amedoñar co espectáculo da sorte reservada aos criminais a aqueles que se verían tentados a imitalos !

¹⁰⁵ Joseph Grippa e Filangeri foron dous xuristas italianos enfrontados no século XVIII. O escultor italiano Torregiani -a máis do seu propio talento- é coñecido por lle ter dado un puñazo no nariz a Miguel Anxo. Georges de Scudéry foi escritor e rival do dramaturgo Pierre Corneille.

Velaí case textualmente a frase eterna da que todos os requisitorios das cinco centas fiscalías de Francia non son senón variacións máis ou menos sonoras. Pois ben, nós negamos de primeiras que exista exemplo. Negamos que o espectáculo dos suplicios produza o efecto que se espera. Lonxe de edificar o pobo, aquel desmoralízao e arruína nel toda sensibilidade, e coa mesma toda virtude. Hai probas abundantes e ateigarían o noso razoamento se quixeramos citalas. Sinalaremos, porén, un feito entre mil, porque é o máis recente. No momento no que estamos a escribir só data de hai dez días. É do cinco de marzo, derradeiro día do Entroido. En Saint-Pol, inmediatamente despois da execución dun incendiario chamado Louis Camus, un fato de máscaras foi bailar de arredor do patíbulo aínda fumegante. Establecede, daquela, exemplos, Martes de Entroido rise de vós nos fociños.

E se, malia a experiencia, insistides na vosa teoría rutineira do exemplo, daquela devolvédenos o século dezaseis, sede verdadeiramente formidables, devolvédenos a variedade dos suplicios, devolvédenos Farinacci¹⁰⁶, devolvédenos os torturadores-xurados, devolvédenos a forza, a roda, a fogueira, a estrapada, o desorellamento, o escuartelamento¹⁰⁷, o foxo no que enterrar vivo, a cuba na que ferver vivo, devolvédenos a todas as encrucilladas de París, como unha tenda máis, aberta entre as outras, o noxento estaribel do verdugo, arreo fornecido de carne fresca. Devolvédenos Montfaucon¹⁰⁸, os seus dezaseis piares de pedra, as súas brutas fiadas, as suas covas de osamentas, as súas trabes, as súas fisgas, as súas cadeas, os seus esqueletos ensarillados, a súa prominencia de xiz cacarañada de corvos, os seus patíbulos subordinados, e o cheiro a cadáver que co vento do nordés espalla a grandes bafaradas sobre todo o bairro de Temple. Devolvédenos na súa permanencia e na súa potencia ese xigantesco alpendre do verdugo de París. Embora sexa! Velaí un exemplo en grande. Velaí unha pena de morte ben entendida. Velaí un sistema de suplicios que ten algunha proporción. Velaí unha cousa horrible mais que é aterradora.

Ou ben facede como en Inglaterra. En Inglaterra, país de comercio, collen un contrabandista na costa de Dover e cólgano *para exemplo* e *para exemplo* déixano pendurado na forza, mais como a intemperie do aire podería deteriorar o cadáver, enmpanícano coidadosamente nun tecido untado de alcatrán, a fin de ter que anovallo con menor frecuencia. Asombroso país de economía! Alcatranear os aforcados!

E mais a cousa aínda ten certa lóxica. É a maneira máis humana de entender a teoría do exemplo.

Porén : coidades en serio pordes un exemplo cando degolades ruinmente un pobre home no recuncho mais deserto das rúas exteriores ? Na praza de Grève, en pleno día, pasa aínda, mais na barreira de Saint-Jacques ! Ás oito da mañán ! Quen pasa por aí ? Quen se achega aí ? Quen sabe que matades un home aí ? Quen

¹⁰⁶ Xuíz e xurista italiano do século XVI coñecido pola súa extrema severidade.

¹⁰⁷ Desmembración dun reo tirado simultaneamente dos brazos e das pernas nas catro direccións.

¹⁰⁸ Antigas e sinistras forcas de París que existiron ata o século XVIII e dende o século XI cando menos.

pode supor que estades a dar un exemplo aí ? Un exemplo para quen ? Para as árbores da rúa aparentemente.

Non vedes, logo, que as vosas execucións públicas se fan ás agachadas ? Non vedes, logo, que vos andades a ocultar ? Que tedes medo e vergoña do voso labor ? Que tateades ridiculamente o voso *discite justitiam moniti*¹⁰⁹. Que no fondo estades sacudidos, estantíos, desacougados, pouco seguros de terdes razón, gañados pola dúbida xeral, cortando cabezas por rutina e sen saberdes o que estades a facer ? Non sentides no fondo do corazón que perdestes cando menos o sentimento moral e social da misión de sangue que os vosos predecesores, os vellos tribunais, cumprían cunha conciencia tan tranquila ? Á noite : non revirades mais veces que eles a testa no cabezal da cama ? Outros antes ca vós teñen ordenado execucións capitais, mais estimaban que tiñan dereito, que estaban no xusto, que facían o ben. Jovenel des Ursins¹¹⁰ críase xuíz, Élie de Thorrette críase xuíz, os propios Laubardemont, La Reynie e Laffemas críanse xuíces ; vós, no voso foro interno non estades moi seguros de non serdes asesinos !

Abandonades a praza de Grève pola barreira de Saint-Jacques, a multitude pola soedade, o día polo solpor. Xa non facedes con firmeza o que facedes. Escondédesvos, asegúroo !

Velaí, pois, demolidas todas as razóns en prol da pena de morte. Velaí todos os siloxismos de fiscais aniquilados. Todas esas rachas de requisitorios velas aí varridas e reducidas a cinza. O menor contacto da lóxica dissolve os malos razoamentos todos.

Que a xente do rei non veña, logo, pedirnos máis cabezas a nós, xurados, a nós, homes, exhortándonos con voz aloumiñadora -en nome da sociedade a protexer- a asegurarmos a vindicación pública, a establecemos exemplos. Retórica, ampulosidade e baleiro todo iso ! Unha picada de alfinete nesas hipérboles e desinchádelas. No fondo dese lambida pibela non atopades senón dureza de corazón, crueldade, barbarie, ganas de demostrar o seu celo, necesidade de gañar os seus honorarios. Calade, mandaríns ! Baixo a pata enfariñada do xuíz séntense as gadoupas do verdugo.

É difícil pensar con sangue frío no que é un fiscal real criminal. É un home que gaña a súa vida enviando os outros ao patíbulo. É o proveedor titular das prazas de Grève. Por outra banda, é un señor que ten pretensións de estilo e de letras, que fala ben ou coida facelo. Que recita, en caso necesario, un ou dous versos latinos antes de solicitar a morte, que trata de ser efectista, que pon en xogo o seu amor propio -oh, miseria !- alá onde outros comprometen a súa vida, que ten os seus modelos particulares, os seus tipos desesperantes a atinxir, os seus clásicos, o seu Bellart, o seu Marchangy¹¹¹, igual que algún poeta ten a Racine e

¹⁰⁹ *Aprendede co meu exemplo o que é a xustiza*, frase que pronuncia un personaxe da *Eneida*, de Virxilio, ao ser torturado nos Infernos.

¹¹⁰ Os personaxes que a seguido cita Victor Hugo foron na súa maioría maxistrados do goberno do Cardenal Richelieu.

¹¹¹ Bellart e Marchangy foron fiscais da Francia da Restauración que actuaron duramente contra o réxime napoleónico e os defensores da República

outro a Boileau. No debate, el tira polo lado da guillotina, é o seu papel, o seu estamento. O seu requisitorio é a súa obra literaria, que el fai florecer de metáforas, que fai arrecender de citas, cómpre que sexa belido para a audiencia, que guste ás damas. Ten o seu cargamento de tópicos aínda novos para a provincia, as súas elegancias de elocución, as súas buscas, os seus refinamentos de escritor. Odia a palabra limpa case tanto como os nosos poetas tráxicos da escola de Delille¹¹². Non teñades medo de que lles chame ás cousas polo seu nome. Ca ! Para toda idea núa que vos indignase ten el disfraces completos de epítetos e de adxectivos. Volve presentable o señor Sanson¹¹³. Cobre con gasa a coitela. Fai esvaecer a plataforma. Embrulla o cesto vermello nunha perífrase. Xa non se sabe o que é. É delambido e decente. Imaxínadeo, pola noite, no seu gabinete, elaborando ben ao xeitiño e con toda vontade esa arenga que vai facer erguer un patíbulo dentro de tres semanas ? Védelo suando sangue e auga para encerrar a cabeza dun acusado no artigo máis fatal do código ? Vedelo serrar cunha lei mal feita o pescozo dun malpocado ? Reparades en como verte nun revoltallo de tropos e de sinécdoques dous ou tres textos venenosos para exprimir e extraer deles con moito traballo a morte dun home ? Non é certo que, en canto que está a escribir, baixo a súa mesa, na escuridade, ten probablemente o verdugo encrequenado aos seus pés, e que de cando en cando detén a súa pluma para lle dicir, igual que o amo ao seu can : « Tranquilo ! Tranquilo ! Has ter o teu oso ! »

Por outra banda, na súa vida privada, ese home do rei pode ser un home honrado, bo pai, bo fillo, bo marido, bo amigo como din todos os epitafios do Père-Lachaise¹¹⁴.

Esperemos que estea próximo o día no que a lei ha abolir estas funcións fúnebres. O aire da nosa civilización debe en por si, nun tempo dado, desgastar a pena de morte.

Por veces un está tentado de crer que os defensores da pena de morte non teñen cavilado ben no que é. Pesade logo un pouco, na balanza de calquera crime que sexa, este dereito exorbitante que a sociedade se arroga de tirar aquilo que ela non deu, esta pena, a máis irreparable entre as penas irreparables.

Unha de dúas :

Ou o home ao que golpeades carece de familia, de parentes e de persoas vencelladas neste mundo, e nese caso non recibiu nin educación nin instrución nin coidados para a súa mente nin para o seu corazón. Con que dereito matades, daquela, ese malfadado orfo ? Castigádelo porque a súa infancia se arrastrou polo chan sen guía nin titor ! Imputádeslle a posteriori o illamento no que vós o tedes deixado ! Da súa desgraza facedes o seu crime ! Ninguén lle aprendeu a saber o que facía. Ese home ignora. A culpa é do seu fado, non del. Batedes nun inocente.

¹¹² Poeta neoclásico francés que viviu no século XVIII-XIX e tivo unha certa sona no seu tempo.

¹¹³ Apelido (escrito á veces Samson) dunha familia de verdugos, que é tamén o do executor no relato de Victor Hugo (v. páxina 82). Charles-Henri Sanson guillotinará a Luís XVI o 21 de xaneiro de 1793, e o seu fillo Henri a María Antonieta o 16 de outubro do mesmo ano.

¹¹⁴ O máis grande e máis célebre cemeterio de París.

Ou este home ten unha familia, e entón : credes que o golpe co que o degolades non o fire máis ca a el ? Que o seu pai, a súa nai e os seus fillos non han sangrar ? Non, ao matárdelo decapitades a familia toda. E aquí tamén batedes en inocentes.

Zoupona e cega penalidade a que -vírese da banda que se vire- bate no inocente !

Ese home, ese culpable que ten unha familia, secuestrádeo. Na súa prisión poderá aínda traballar para os seus. Mais : como os vai facer vivir dende o fondo da súa tumba ? E vós sodes quen de pensar sen arreguizades no que vai ser deses cativiños e desas rapaciñas aos que lles tirades o pai, é dicir, o pan ? Seica contades con esa familia para aprovisionar de aquí a quince anos, eles os campos de forzados e elas as tabernas ? Meus pobres inocentes !

Nas colonias, cando unha sentenza de morte mata un escravo hai mil francos de indemnización para o propietario do home. O que ! Resarcides o amo e non indemnizades a familia ! Aquí tamén : non lle tirades un home aos que o posúen ? Non é el -a título ben máis sagrado que o escravo verbo do amo- a propiedade do seu pai, o ben da súa muller, a cousa dos seus fillos ?

Xa temos declarado a vosa lei convicta de asasinato. Velaquí convicta de roubo.

Outra cousa máis. A alma dese home : pensades nela ? Sabedes en que estado se atopa ? Ousades despachala tan presto ? En tempos, cando menos, algunha fe circulaba entre o pobo, no momento supremo o alento relixioso que había no aire podía amolecer o máis endurecido, un paciente era ao mesmo tempo un penitente, a relixión abríalle un mundo no instante en que a sociedade lle pechaba outro ; toda alma tiña conciencia de Deus, o patíbulo non era senón unha fronteira do ceo. Mais que esperanza pousades agora enriba do patíbulo cando a gran multitude xa non cre ? Agora, que todas as relixións son atacadas polo caruncho, como eses barcos vellos que apodrecen nos nosos portos e que se cadra no pasado descubriron mundos ! Agora que os rapaciños se bulran de Deus ! Con que dereito lanzades as almas escuras dos vosos condenados en algo do que vós mesmos dubidades ? Esas almas tal como Voltaire e Pigault-Lebrun¹¹⁵ as fixeron ? Entregádesllas ao voso capelán da prisión, excelente ancián sen dúbida, mais : seica el cre e fai crer ? Fai outra cousa que copiar como unha pesada carga a súa sublime obra ? Tomádelo por un sacerdote, ese homiño que vai de ganchete co verdugo no carro ? Un escritor cheo de alma e de talento díxoo antes do ca nós : *É unha cosa horrible conservar o verdugo despois de ter retirado o confesor* !¹¹⁶

Non son esas, sen dúbida, máis que « razóns sentimentais », como din algúns desdeñosos que unicamente toman a súa lóxica na súa cabeza. Ao noso ver son as mellores. Nós con frecuencia preferimos as razóns do sentimento ás razóns da razón. Por outra banda, as dúas series apóianse sempre, non o esquezamos. O

¹¹⁵ Escritor francés do século XVIII-XIX, popular no seu tempo, e personaxe de vida accidentada.

¹¹⁶ Pierre Leroux, filósofo e político francés do século XIX.

Tratado dos delitos está enxertado sobre *O Espírito das Leis*. Montesquieu enxendrou Beccaría.

A razón está a prol de nós, o sentimento está a prol de nós, a experiencia tamén está a prol de nós. Nos Estados modelo nos que a pena de morte está abolida, a masa dos crimes capitais segue de ano en ano unha baixa progresiva. Sopesade iso..

Porén, non pedimos polo momento unha brusca e completa abolición da pena de morte, como aquela que tan atordoadamente emprendera a Cámara de Deputados. Desexamos, polo contrario, todas as precaucións, todas as atoutiñadas da prudencia. Por parte, non queremos só a abolición da pena de morte, queremos unha completa modificación de todas as formas de penalidade, de arriba a abaixo, dende o ferrollo á coitela, e o tempo é un dos ingredientes que deben entrar nun labor semellante para que estea ben feito. Contamos con desenvolver noutro lugar o sistema de ideas que coidamos aplicable nesta materia. Mais, independentemente das abolicións parciais para o caso de falsificación de moeda, de incendio, de roubo cualificado, etc. pedimos que dende agora, en todos os asuntos capitais, o presidente teña a obriga de lle facer ao xurado esta pregunta « *Actuou o acusado movido por paixón ou por interese ?* » e que no caso de que o xurado respondese « *O acusado actuou por paixón* » non houbese condena a morte. Isto nos aforraría cando menos algunhas execucións indignantes. Ulbach¹¹⁷ e Debacker¹¹⁸ estarían salvos. Xa non se guillotinaría a Otelo¹¹⁹.

Por outra banda, non nos enganemos : este asunto da pena de morte madurece todos os días. Antes de pouco tempo, a sociedade enteira ha resolvelo como nós.

Que os criminalistas máis testudos teñan conta con iso, dende hai un século a pena de morte vai indo a menos. Case que se fai suave. Sinal de decrepitude. Sinal de febleza. Sinal de morte próxima. Desapareceu a tortura. Desapareceu a roda. Desapareceu a forca. Cousa estraña ! A propia guillotina é un progreso.

O señor Guillotin era un filántropo.

Si, a horrible Temis dentuda e voraz de Farinace e do Vouglans, de Delancre e de Isaac Loisel, de d'Oppède e de Machault¹²⁰ esmorece. Devece. Morre.

Velaí tedes a praza de Grève que xa non a quere. La Grève rehabilitase. A vella bebedora de sangue portouse ben en xullo. Agora quere levar mellor vida e manterse digna da súa derrareira boa acción. Ela, que se prostituía dende hai tres séculos nos patíbulos todos, vese tomada polo pudor. Ten vergoña do seu antigo oficio. Quere perder o seu feo nome. Repudia o verdugo. Lava as lousas do chan.

¹¹⁷ Autor dun soado crime pasional en 1827.

¹¹⁸ Autor dun soado crime pasional en 1829 que –completamente arrepentido- se negou a solicitar a graza considerando que debía ser castigado coa morte.

¹¹⁹ O personaxe da traxedia de Shakespeare.

¹²⁰ Maxistrados e xuristas de épocas anteriores coñecidos pola súa dureza.

Arestora a pena de morte está fóra de París. E, coa mesma, digámolo ben clariño : saír de París é saír da civilización.

Os síntomas todos están en prol de nós. Semella tamén que ela se revolve e pon má cara, esa noxenta máquina, ou máis ben ese monstro de madeira e de ferro que é a Guillotin o que Galatea é a Pigmalión. Vistas dende certo punto, as estarrecedoras execucións que temos detallado enriba son excelentes sinais. A guillotina dubida, Está fallando o seu golpe. Todo o vello armazón da pena de morte se derrama.

A infame máquina ha saír de Francia, contamos con iso, e se Deus quere, ha saír coxeando, pois nós imos tratar de lle ferrar golpes duros.

Que vaia pedir hospitalidade a outra parte, a algún pobo bárbaro, non a Turquía que está a se civilizar, non aos salvaxes, que seica non a queren*, senón que baixe algúns chanzos máis na escala da civilización, que vaia para España ou para Rusia.

O edificio social do pasado repousaba sobre tres columnas : o crego, o rei e o verdugo. Hai xa moito tempo que unha voz dixo : *Os deuses vanse !* Últimamente ergueuse outra voz e gritou : *Os reis vanse !* É tempo agora de que se erga unha terceira voz e diga : *O verdugo vaise !*


Así a antiga sociedade terá caído pedra a pedra ; así a providencia terá completado o esboroamento do pasado.

Aos que botaron en falta os deuses, púidoselles dicir : Deus permanece. Aos que botaron en falta os reis púidoselles dicir : A patria permanece. Aos que botarían en falta o verdugo non hai nada que lles dicir.

E a orde non vai desaparecer co verdugo, non o creades en absoluto. A bóveda da sociedade futura non se ha afundir por non ter esta noxenta chave. A civilización non é outra cousa que unha serie de transformacións sucesivas. A que ides, daquela, asistir ? Á transformación da penalidade. A doce lei de Cristo ha penetrar por fin o código e raiolar a través del. Hase mirar o crime como unha enfermidade, e esa enfermidade ha ter os seus médicos que han substituír os vosos xuíces, e os seus hospitais que han substituír os vosos campos de forzados. A liberdade e a saúde hanse asemellar. Hase verter bálsamo e óleo onde se aplicaba ferro e lume. Hase tratar coa caridade ese mal que se trataba coa carraxe. Será sinxelo e sublime. A cruz substituíndo a forza. Velaí todo.

15 de marzo de 1832

O « parlamento » de Otahiti [Tahití] acaba de abolir a pena de morte [Nota de Victor Hugo]



CLAUDE GUEUX

Claude Gueux, é dicir Claudio Esmoleiro, Claudio Mendigo, Claudio Pedichón. Outro miserable, trinta anos antes de que apareza o libro máis coñecido e máis voluminoso de Victor Hugo, unha das obras cimeiras da literatura universal.

Con ese nome, o protagonista do corto relato parecía ter o seu porvir cantado. Levábao escrito. Pensariamos que o autor escollera un nome simbólico.

E mais non foi un invento de Victor Hugo : a persoa é real, e o seu nome tamén.

En 1829, Hugo publicara en edición anónima *O derradeiro día dun condenado*, obra de radical militancia contra a pena de morte. As duras críticas recibidas –xa descuberto o autor- lévano a redactar en 1832 un texto no que responde a elas. Xusto acaba de finalizalo cando le na *Gazette des Tribunaux* a historia de Claude Gueux, onde atopa un eco do seu combate abolicionista ; escribe entón unhas páxinas que constituirán no seu día a conclusión de *Claude Gueux*. Finalmente redacta o relato da prisión, paixón e morte do protagonista ; o libriño enteiro publícase en 1834.

Se cadra non sería, daquela, desencamiñado encetar a lectura de Claude Gueux pola conclusión. En concreto polo parágrafo no que Victor Hugo cuestiona o papel das Cámaras, aquel que comeza :

As Cámaras están todos os anos ocupadas en asuntos graves...

Porque, realmente, o que segue é un ataque –non menos violento por ser irónico- ao réxime de 1832 e ao seu soporte social. E porque –inequívocamente- o texto continúa o fío argumental de *O derradeiro día dun condenado*. Lembremos as liñas finais do prefacio desta novela:

Hase verter bálsamo e óleo onde se aplicaba ferro e lume. Hase tratar coa caridade ese mal que se trataba coa carraxe. Será sinxelo e sublime. A cruz substituíndo a forca. Velaí todo.

A mesma idea final da conclusión de Claude Gueux.

Todo o que precede á alusión ás Cámaras, ten, pola contra, unha función e un estilo totalmente diferentes. Primeiro a narración sinxela dos feitos (*Digo as cousas como son*) dende a prisión á morte. O estilo é frío e distante, con moi pouca variedade nas construcións e unha deliberada redución do léxico ao máis elemental e repetido. Diríase un apuntamento xudicial, aínda que o escritor nunca é totalmente silenciado : os seus dotes literarios despuntan e as súas opinións persoais maniféstanse. E despois, tras da execución, a defensa da memoria do acusado ; aquí si, nesta breve e intensa intervención procede a oratoria. E para rematar, por elevación, a devandita conclusión dirixida aos responsables da vixencia das leis e o sistema represivo. Parece estarmos ouvindo a Victor Hugo na Cámara.

En calquera caso, sexa cal for a orde de lectura, a aposta de Victor Hugo por unha relixión consoladora está presente en todo o texto de *Claude Gueux*, igual que no resto da súa obra, por máis que pouco a pouco fose acentuando a necesidade de igualdade social e de xusta reparación xa neste mundo. O conservadurismo dos primeiros tempos que –malia os combates certamente progresistas– resulta patente nesta conclusión irase subsumindo ante a presión da fraternidade e da sede de xustiza innatos no escritor.

Sabemos hoxe o que seguramente el sospeitaba : que as cousas non foron exactamente como as describe. Victor Hugo ; aquí, como en toda a súa obra, utiliza deliberadamente o contraste máis extremo, a oposición máis violenta, que o sitúa por veces no doado maniqueísmo. Quere así « cargar as tintas » para acentuar a desigualdade en favor do feble. Saibamos nós dexergar o substancial, distinguindo o accesorio, para atoparmos a xusteza.

Ao chamado de Victor Hugo no seu *Claude Gueux* acuden de inmediato á nosa mente os nomes de dúas ilustres escritoras galegas : a Rosalía de *A xustiza pola man* e a Concepción Arenal de *El reo, el pueblo y el verdugo*.

Tres textos que deberían ler todas as xentes de leis, toda a xente de lei.

E todas, todos, deberíamonos preguntar tamén, a seguido : Mudaron de certo tanto as cousas nestes dous centos anos?

Nota da 1ª edición

Esta carta, da que o orixinal está depositado nas oficinas da *Revue de Paris*¹²¹, honra de máis ao seu autor como para que non a reproduzamos aquí. Dende agora vai unida a todas as reimpresións de *Claude Gueux*.

Dunkerque, 30 de xullo de 1834

Señor Director da *Revue de Paris* :

Claude Gueux, de Victor Hugo, que insertastes na vosa entrega do 6 do corrente, é unha gran lección ; rógovos que me axudedes a facer que aproveite.

Rógovos que me fagades o favor de imprimir á miña conta tantos exemplares como deputados hai en Francia e que llelos enviades invidualmente e de xeito exacto.

Teño a honra de vos saudar.

Charles Carlier
Comerciante

¹²¹ *Claude Gueux* apareceu primeiro na *Revue de Paris*.

Hai sete ou oito anos, un home chamado Claude Gueux, pobre obreiro, vivía en París. Tiña con el unha rapaza, a súa amante, e mais un fillo desta rapaza. Digo as cousas como son, deixándolle ao lector recoller as leccións morais a medida que os feitos as van sementando polo seu camiño. O obreiro era capaz, hábil e intelixente, moi maltratado pola educación e moi ben tratado pola natureza, non sabía ler e sabía pensar. Un inverno o traballo faltou no faiado. O home, a rapaza e o fillo tiveron frío e fame. O home roubou. Non sei o que roubou nin onde roubou. O que sei é que este roubo supuxo tres días de pan e de lume para a muller e o fillo, e cinco anos de cadea para o home.

Enviaron o home cumprir o seu tempo na prisión central de Clairvaux. Clairvaux, abadía da que fixeron unha bastilla¹²², cela da que fixeron unha célula de illamento, altar do que fixeron unha picota. Cando falamos de progreso é deste xeito como certa xente o entende e o realiza. Velaí a cousa que eles poñen baixo a nosa palabra.

Sigamos.

Chegado alá, metérono nunha mazmorra pola noite e nun obradoiro polo día. Non é o obradoiro o que critico.

Claude Gueux, honrado obreiro pouco antes, ladrón de alí en diante, era unha figura digna e grave. Tiña a fronte alta, xa enrugada malia ser aínda novo, algúns cabelos grises perdidos entre as guedellas negras, ollos doces e poderosamente afundidos baixo un arco sobrecelleiro ben modelado, ventas do nariz amplas, queixelo saínte, beizo desdeñoso. Era unha cabeza fermosa. Imos ver o que a sociedade fixo con ela.

Tiña poucas falas e escasos acenos, cun algo imperioso en toda a súa persoa que se facía obedecer, e aspecto pensamento, serio máis que sufrinte. E mais sufrira ben.

No presidio no que Claude Gueux estaba pechado había un director dos obradoiros, especie de funcionario propio das prisións que ten que ver simultaneamente co gardián e co comerciante, que fai ao mesmo tempo unha encarga ao obreiro e unha ameaza ao preso, que vos pon a ferramenta na man e o grillete no pé. Este era en por el unha variedade da especie, un home breve, tirano, obedecedor das súas ideas, sempre a atar curto coa súa autoridade; por outra banda, bo compañeiro, bo príncipe, ridor mesmo e fino rexoubeiro; duro máis que firme, non razoaba con ninguén, nin consigo mesmo; bo pai e bo marido, sen dúbida, o que é un deber non unha virtude; nunha palabra, malvado non, malo. Era un deses homes que non teñen nada vibrante nin elástico, que están compostos de moléculas inertes, que non resoan co bater de idea ningunha, co contacto de sentimento ningún, que teñen carraxes xeadas, xenreiras amornecidas, arroutadas sen emoción, que arden sen quecer, con capacidade calórica nula e que diríamos

¹²² A partir da célebre prisión de la Bastille, a palabra *bastille* denominou en francés ‘prisión’, aínda que sempre conserva unha carga de símbolo da opresión e a arbitrariedade. Deixamos, logo, a palabra adaptándoa en *bastilla* porque Victor Hugo emprégaa lembrando un dos acontecementos ligados ao inicio da Revolución Francesa.

moitas veces feitos de leña, alaprean por unha punta e están fríos pola outra. A liña principal, a liña diagonal do carácter deste home, era a pertinacia. Fachendeaba de ser pertinaz e comparábase a Napoleón. Non é máis que unha ilusión óptica. Hai numerosas persoas que se enganan con ela e que, a certa distancia, toman a pertinacia por vontade e unha candeia por unha estrela. Cando ese home, daquela, dispuxera de vez o que el chamaba *a súa vontade* nunha cousa absurda, dirixíase, coa cabeza alta atravesando a bouza toda ata o cabo da cousa absurda. A teimudez sen intelixencia é a parvura soldada ao cabo da pasmonaría, á que lle serve de prolongación. E chega lonxe. En xeral, cando unha catástrofe privada ou pública se esboroou enriba nosa, se examinamos, polos cascallos espaxados no chan, a maneira en que fora ergueita, case sempre atopamos que fora construída a cegas por un home mediocre e obstinado que tiña fe en el mesmo e se adoraba a si propio. Hai polo mundo adiante moitas destas pequenas fatalidades testudas que se cren providencias.

Velaí, pois, o que era o director dos obradoiros da prisión central de Clairvaux. Velaí de que metal estaba feito o acendedor co que a sociedade francesa batía cada día nos presos para tirar deles muxicas.

A muxica que semellantes acendedores arrancan de semellantes seixos prende moitas veces incendios.

Dixemos que, de chegado a Clairvaux, Claude Gueux foi numerado nun obradoiro e encaravillado a unha tarefa. O director do obradoiro fíxoo seu coñecido, recoñeceu como un bo obreiro e tratouno ben. Parece mesmo que un día que estaba de bo humor e viu a Claude Gueux moi triste –porque este home seguía a pensar na que el chamaba *a súa muller*– contoulle, a xeito de graza e pasatempo, e mais para consolalo, que aquela malfadada se fixera muller pública. Claude preguntou friamente o que fora do rapaz. Non se sabía.

Ao cabo dalgúns meses, Claude aclimatouse ao ambiente da prisión e semellou non matinar en máis nada. Unha certa serenidade severa, propia do seu carácter, recuperara o control.

Ao cabo dese mesmo espazo de tempo aproximadamente, Claude tiña adquirido un singular ascendente sobre os seus compañeiros todos. Como por unha sorte de convenio tácito, e sen que ninguén soubese por que, nin mesmo el, todos estes homes consultábano, escoitábano, admirábano e imitábano, o que é o derradeiro chanzo ascendente da admiración. Non era unha mediocre gloria ser obedecido por todas esas naturezas desobedientes. Este imperio viñéralle sen matinar nel. Estaba relacionado coa mirada que tiña nos ollos. O ollo do home é unha fiestra pola que se ven os pensamentos que van e veñen na súa cabeza.

Poñede un home que contén ideas no medio de homes que non as conteñen, e ao cabo dun tempo dado, e por unha lei de atracción irresistible, todos os cerebros tebregosos han gravitar humildemente e con adoración arredor do cerebro raiolante. Hai homes que son ferro e homes que son imán. Claude era imán.

En menos de tres meses logo, Claude convertérase na alma, a lei e a orde do obradoiro. Todas esas agullas viraban na súa esfera. Debía dubidar, el propio, por momentos, se era rei ou prisioneiro. Era unha sorte de papa en catividade cos seus cardeais.

E, por unha reacción completamente natural, da que o efecto se cumpre a todas as escalas, sendo querido polos presos era detestado polos carcereiros. Sempre é así. A popularidade non vai nunca sen o desfavor. O amor dos escravos vai sempre acompañado da xenreira dos amos.

Claude Gueux era un gran comedor. Era unha particularidade do seu organismo. Tiña o estómago feito de tal sorte que apenas lle abondaba para a súa xornada a mantenza de dous homes correntes. O señor de Cotadilla¹²³ tiña un apetito semellante e ría do asunto, mais o que é ocasión de alegría para un grande de España que ten cinco centas mil ovellas é unha carga para un obreiro e unha desgraza para un preso.

Claude Gueux, libre no seu faiado, traballaba o día todo, gañaba o seu pan de catro libras e comíao. Claude Gueux, na prisión, traballaba o día todo e recibía invariablemente polo seu penar libra e media de pan e catro onzas de carne. A ración é inexorable. Daquela, Claude tiña habitualmente fame na prisión de Clairvaux.

Tiña fame e iso era todo. Non falaba do asunto. A súa natureza era así.

Un día, Claude acababa de devorar a súa magra pitanza e volvérase poñer no seu tear, coidando enganar a fame co traballo. Os outros presos comían ledamente. Un mozo pálido, branco e feble, veuse colocar cabo del. Sostiña na man a súa ración, á que aínda non tocara, e un coitelo. Estábase alí, a pé, cabo de Claude, con aire de querer falar e non se atrever. Este home, e o seu pan e a súa carne, importunaban a Claude.

- Que queres ? -dixo por fin bruscamente.

- Que me fagas un favor -dixo timidamente o mozo.

- O que ? -seguiu Claude.

- Que me axudes a comer isto. É de mais, para min.

Unha bágoa rolou polo ollo altivo de Claude. Colleu o coitelo, repartiu a ración en dúas partes iguais, colleu unha e púxose a comer.

- Grazas -dixo o mozo- Se queres imos repartir así todos os días.

- Como te chamas ? -dixo Claude Gueux.

¹²³ Francisco Javier de Negrete y Adorno (1763-1827), conde de Campo de Alange e grande de España, foi feito por Xosé Bonaparte duque de Cotadilla e nomeado por Godoy capitán xeneral de Castela a Nova.

- Albin.

- Por que estás aquí ?

- Roubo.

- Eu tamén –dixo Claude.

Efectivamente, compartiron dese xeito todos os días. Claude Gueux tiña trinta e seis anos e por veces aparentaba cincuenta, tan severo era o seu pensamento habitual. Albin tiña vinte anos e teríanlle botado dezasete, tanta inocencia había aínda na ollada deste ladrón. Entre estes dous homes prendeu unha forte amizade. Amistade de pai a fillo, máis que de irmán a irmán. Albin era case un neno aínda, Claude era xa case un vello.

Traballaban no mesmo obradoiro, deitábanse baixo a mesma pedra angular, paseaban no mesmo patio, mordían no mesmo pan. Cada un dos dous amigos era o universo para o outro. Semella que eran felices.

Xa temos falado do director dos obradoiros. Este home, odiado polos presos, para ser obedecido por eles víase obrigado a recorrer a Claude Gueux, a quen aqueles querían ben. En máis dunha ocasión, cando se tratara de impedir unha rebelión ou un tumulto, a autoridade sen título de Claude Gueux viñera acudir á autoridade oficial do director. En efecto, para conter os presos, dez frases de Claude valían dez xendarmes. Claude fixéralle moitas veces ese favor ao director. Coa mesma, o director detestábao cordialmente. Tiña ciúmes dese ladrón. No fondo do seu corazón tiña unha xenreira secreta, envexosa, implacable contra Claude, unha xenreira de soberano de dereito a soberano de feito, de poder temporal a poder espiritual.

Estas xenreiras son as peores.

Claude queríalle moito a Albin e non matinaba no director.

Un día, unha mañá, no intre en que os condenados estaban a pasar de dous en dous do dormitorio ao obradoiro, un gardián chamou por Albin, que estaba a rente de Claude e avisouno de que o director o convocaba.

- Que che queren ? –dixo Claude.

- Non sei –dixo Albin.

O gardián levou a Albin.

Pasou a mañá e Albin non volveu ao obradoiro. Cando chegou a hora do xantar, Claude pensou que había atopar a Albin no patio. Albin non estaba no patio. Volveron para o obradoiro e Albin non volveu aparecer no obradoiro. A xornada decorreu así. Polo serán, cando levaron de volta os presos aos seus dormitorios,

Claude buscou cos ollos a Albin e non o viu. Parece que sufriu moito nese momento, porque lle dirixiu a palabra a un gardián, cousa que endexamais facía.

- Seica Albin está enfermo ?

- Non –respondeu o gardián.

- E logo como é que non volveu hoxe ? –seguir Claude.

- Ah ! –dixo negligentemente o encargado das chaves- É que o cambiaron de pavillón.

As testemuñas que declararon por estes feitos máis tarde repararon en que, ante esta resposta do gardián, a man de Claude, que sostiña unha candeia acesa, tremeu lixeiramente. Continuou con calma :

- Quen deu esa orde ?

O gardián respondeu :

- M.D.

O director dos obradoiros chamábase M.D.

No outro día, a xornada pasou como a anterior, sen Albin.

Polo serán, á hora do peche do traballo, o director, M.D., veu facer a súa rolda habitual polo obradoiro. Dende o mais lonxe que o viu, Claude tirou o seu pucho de grosa la e abotoou a súa casaca gris (triste uniforme de Clairvaux) porque nas prisións existe o principio segundo o que unha casaca abotoada con respecto predispón favorablemente aos superiores, e estívose de pé, co seu pucho na man, á entrada do seu banco, agardando o paso do director. Pasou o director.

- Señor director ! –dixo Claude.

O director parou e volveuse a medias.

- Señor –seguir Claude- É certo que cambiaron a Albin de pavillón ?

-Si –respondeu o director.

- Señor –continuou Claude-, eu preciso a Albin para vivir.

E engadiu :

- Ben sabe vostede que non me chega a ración da casa e que Albin compartía o seu pan comigo.

- É cousa del –dixo o director.

- Señor : non hai maneira de volver poñer a Albin no mesmo pavillón ca min ?

-Imposible. A decisión está tomada.

- Por quen ?

- Por min.

- Señor D.- seguiu Claude-, é a vida ou a morte para min, e a cousa depende de vostede.

- Nunca me volvo atrás dunha decisión

- Señor : seica eu lle fixen algo ? Que lle fixen ?

- Nada.

- Nese caso –dixo Claude- : por que me separa de Albin ?

- Porque si –dixo o director.

Dada esa explicación, o director seguiu para adiante.

Claude baixou a testa e non replicou. Pobre león na gaiola ao que lle tiran o seu cadelo !

Vémonos forzados a dicir que a coita desta separación non alterou en nada a voracidade en certo modo doentía do preso. Nada, por outra banda, pareceu sensiblemente cambiado nel. Non falaba de Albin con ningún dos seus compañeiros. Paseaba só polo patio nas horas de descanso e tiña fame. Mais nada.

E mais os que o coñecían ben repararon en algo sinistro e sombrío que se espesaba cada día máis sobre a súa face. Polo resto, era máis doce que nunca.

Varios quixeron compartir a súa ración con el e el refugou sorrindo.

Todos os seráns, dende a explicación que lle dera o director, el facía unha especie de tolería que estrañaba nun home tan serio. No momento en que o director, traído de novo á hora fixa pola súa volta habitual, pasaba por diante do tear de Claude. Claude levantaba os ollos e mirábao en fite, e despois dirixíalle cun ton cheo de anguria e de carraxe, que unía prego e ameaza, estas dúas palabras só : *E Albin?* O director facía coma quen non ouvía ou afastábase erguendo os ombros.

Facía mal erguendo os ombros, ese home, pois era evidente para todos os espectadores destas estrañas escenas que Claude Gueux estaba interiormente determinado a algo. Toda a prisión agardaba con ansiedade cal sería o resultado desa loita entre a pertinacia e a resolución.

Está constatado que unha vez, entre outras, Claude díxolle ao director :

- Escoite, señor, devólvame o meu compañeiro. Obraría ben, en o facendo, asegúrollo. Repare en que llo digo.

Outra vez, un domingo, como se estaba no patio, sentado enriba dunha pedra, cos cóbados enriba dos xeonllos e a fronte nas mans, inmóbil dende había varias horas na mesma actitude, o recluso Faillette achegouse a el e berroulle rindo :

- Que demo andas a facer, Claude ?

Claude ergueu lentamente a severa testa e dixo :

- *Estou a xulgar a alguén.*

Finalmente, un serán, o 25 de outubro de 1831, no momento en que o director facía a súa rolda, Claude escachizou con ruído baixo o pé un cristal de reloxo que pola mañá atopara nun corredor. O director preguntou de onde viña aquel ruído.

- Non foi nada, fun eu –dixo Claude- Fun eu. Señor director, devólvame a Albin, devólvame o meu compañeiro.

- Imposible –dixo o amo.

- E mais cómpre facelo –dixo Claude con voz baixa e firme.

E ollando ao director á cara engadiu :

- Pénselo. Hoxe estamos a 25 de outubro. Doulle ata o 4 de novembro.

Un gardián fíxolle notar a M.D. que Claude estaba a ameazalo e que era motivo de calabozo.

- Non, nada de calabozo –dixo o director cun sorriso desdeñoso- Cómpre sermos bos con esa xentiña !

No outro día, o recluso Pernod abordou a Claude, que estaba a pasear só e penseiro, deixando os outros presos desfrutaren nun cadradiño de sol no outro extremo do recinto.

- E logo, Claude, en que matinas ? Pareces triste.

- *Temo que lle suceda axiña unha desgraza ao bo de M.D.* –dixo Claude.

Hai nove días enteiros do 25 de outubro ao 4 de novembro. Claude non deixou pasar ningún sen advertir gravemente ao director do estado cada vez máis doloroso no que a desaparición de Albin o puña. O director, canso, impúxolle unha vez vintecatro horas de calabozo porque o rogo semellaba de mais un ultimato. Velaí todo o que Claude obtivo.

Chegou o 4 de novembro. Ese día, Claude espertou cun rostro sereno que aínda non lle tiñan visto dende o día no que a *decisión* de M.D. o separara do seu amigo. Ao se erguer cacheou nunha especie de caixa de madeira branca que tiña ao pé do leito e que contiña os seus poucos farrapos. Tirou dela un par de tesoiras de costureira. Era, xunto cun volume desemparellado do *Émile*¹²⁴, a única cousa que lle quedaba da muller que amara, da nai do seu fillo, do seu pequeno fogar dalgún tempo. Dous obxectos inútiles de a feito para Claude : as tesoiras non poderían servirlle máis que a unha muller, o libro a un alfabetizado. Claude non sabía nin coser nin ler.

No momento en que atravesaba o vello claustro deshonrado e branqueado polo cal, que serve de paseadoiro no inverno, achegouse cabo do recluso Ferrari, que estaba a fitar atentamente os enormes barrotes dunha xanela. Claude levaba na man o par de tesoiriñas e amosoullo a Ferrari dicindo :

- Hoxe polo serán vou cortar eses barrotes con estas tesoiras.

Ferrari, incrédulo, botouse a rir, e Claude tamén.

Aquela mañá traballou con máis ardor que de ordinario : endexamáis o fixera tan rápido e tan ben. Pareceu ter certo interese en rematar nese tempo un chapeu de palla que lle pagara por adiantado un honrado burgués de Troyes, o señor Bressier.

Pouco antes do mediodía, desceu cun pretexto ao obradoiro dos carpinteiros situado rente do chan, debaixo do piso no que el traballaba. Queríanlle ben a Claude alá, como nos outros sitios, mais raramente ía por ese lugar. Coa mesma :

- Ei, velaí Claude !

Rodeárono. Foi unha festa. Claude botou unha ollada rápida á sala. Non estaba ningún dos gardiáns.

- Quen ten unha machada para me prestar ? –dixo.

- Para que ? –preguntáronlle.

E respondeu :

- Para matar o director dos obradoiros este serán.

¹²⁴ O libro de Rousseau, dada a súa longa extensión, publicábase xeralmente en varios volumes, maiormente nas edicións populares.

Presentáronlle varias machadas para escoller. El colleu a máis pequena, que estaba moi afiada, agachouna no pantalón e saíu. Había vinteseite presos. Non lles encomendara o segredo. Todos o gardaron.

Nin mesmo comentaron a cousa entre eles

Cadaquén agardou pola súa banda o que ía acontecer. O asunto era terrible, dereito e sinxelo. Sen complicación posible. Claude non podía ser aconsellado nin denunciado.

Unha hora despois abordou a un recluso mozo, de dezaseis anos, que bocexaba no paseadoiro, e aconselloulle que aprendese a ler. Nese momento, o detido Faillette achegouse a Claude e preguntoulle que demo agachaba no pantalón. Claude díxolle :

- Unha machada para matar a M.D. este serán.

E engadiu :

- Vese ?

- Un pouquiño –dixo Faillette.

O resto da xornada foi igual que de ordinario. Ás sete do serán pecharon de novo os presos, cada sección no obradoiro que tiña asignado, e os vixiantes saíron das salas de traballo, como parece que é costume, para non regresaren senón despois da volta do director.

Claude Gueux foi, logo, pechado con ferrollo igual ca os outros no seu obradoiro cos seus compañeiros de labor.

Entón pasou nese obradoiro unha escena extraordinaria, unha escena que non deixa de ter maxestade nin terror, a única desta caste que ningunha historia dea contado.

Había alá, tal como constatou a instrución xudicial que tivo lugar despois, oitenta e dous ladróns, comprendido Claude.

Unha vez que os vixiantes os tiveron deixado sós, Claude púxose de pé no seu banco e anuncioulle a toda a audiencia que tiña algo que dicir. Fíxose silencio.

Entón Claude alzou a voz e dixo :

- Vós todos sabedes que Albin era meu irmán. Eu non teño de abondo co que me dan aquí para comer. Mesmo mercando só pan co pouco que gaño, non sería suficiente. Albin compartía a súa ración comigo. Eu quíxenlle, primeiro porque el me alimentou e despois porque el me quixo a min. O director, M.D., separounos. Non lle facía mal ningún que nós estivésemos xuntos, mais é un home

malvado¹²⁵, que goza con atormentar. Pedínlle outra vez o regreso de Albin. E vistes ? Non quixo. Deille ata o 4 de novembro para que me devolvese a Albin. Mandoume meter no calabozo por ter dito iso. Eu, durante ese tempo, xulgueino e condeneino a morte¹²⁶. Estamos a 4 de novembro. Ha vir dentro de dúas horas dar a súa volta. Avísovos que o vou matar. Tedes algo que dicir a iso ?

Todos gardaron silencio.

Claude continuou. Falou, polo que parece, cunha elocuencia singular, que por outra banda era natural nel. Declarou que sabía ben que ía facer unha acción violenta, mais que non coidaba obrar mal. Testemuñou ante a conciencia dos oitenta e un ladróns que o escoitaban :

Que se vía nunha circunstancia extrema.

Que a necesidade de tomar a xustiza pola man era unha rúa cega na que un se atopaba acurrado un día,

Que de certo non podía tirar a vida do director sen dar a súa propia, mais que atopaba ben dar a súa vida por un motivo xusto,

Que tiña cavilado demoradamente, centrado só niso, dende había dous meses,

Que non coidaba deixarse arrastrar polo resentimento, mais que no caso de que así fose suplicaba que llo advertisen,

Que sometía honradamente as súas razóns aos homes xustos que o rodeaban,

Que ía, logo, matar a M.D., mais que se alguén tiña unha obxeción estaba disposto a escoitala.

Só se ergueu unha voz, e dixo que antes de matar o director, Claude debía intentar por derradeira vez falarlle e facelo ceder.

- É xusto –dixo Claude-, vouno facer.

Deron as oito no reloxo principal. O director tiña que vir ás nove.

Unha vez que este estraño tribunal supremo tivo en certo sentido ratificado a sentenza que Claude pronunciara, este recuperou totalmente a serenidade. Puxo enriba dunha mesa todo o que posuía en roupa branca e de vestir, os pobres desposos do preso, e chamando un por un a aqueles compañeiros que máis quería despois de Albin, distribuíulles todo. Unicamente conservou o par de tesoiriñas.

¹²⁵ Pódese pensar nunha contradición de Victor Hugo, pois antes afirmou que o director é “malvado non, malo”, aínda que o certo é que a afirmación de o director ser malvado non a fai o narrador senón Claude Gueux.

¹²⁶ ” Cita textual.” (Nota de Victor Hugo)

Despois abrazounos a todos. Algúns choraban e el sorríalles.

Houbo nesta hora derradeira momentos nos que parolou con tanta tranquilidade e mesmo alegría, que varios dos seus compañeiros esperaban internamente, como declararon despois, que se cadra ía abandonar a súa resolución. Mesmo se divertiu unha vez apagando co sopro das súas ventas unha das escasas candeas que alumeaban o obradoiro, pois tiña costumes de má educación que descompuñan a súa dignidade natural máis a miúdo do que se debiera. Nada podía impedir que este antigo rillote da rúa tivese por veces o cheiro do escoadoiro de París.

Dexergou un recluso noviño que estaba pálido e que miraba para el con ollos fitos e tremía, sen dúbida agardando o que ía ver.

- Veña, mocíño, ánimo ! -díxolle Claude agarimosamente- Vai ser só cousa dun momento.

Cando rematou de distribuír os seus fatelos, de dar as despedidas, de apertar as mans todas, interrompiu algúns faladoiros inquedados que se facían acá e acolá nos recunchos escuros do obradoiro e mandou que se puxesen de novo ao traballo. Todos obedeceron en silencio.

O obradoiro onde acontecía isto era unha sala oblonga, un longo paralelógramo furado por fiestras nos dous lados máis grandes, e por dúas portas defrontadas nos dous extremos. Os teares, cos seus bancos, estaban aliñados de cada banda perto das fiestras, facendo os bancos coa parede un ángulo recto, e o espazo libre entre as dúas ringleiras de teares formaba unha caste de longo vieiro que ía dereitiño dunha porta á outra e atravesaba así toda a sala. Era ese longo vieiro estreitiño o que o director había percorrer ao facer a inspección : tiña que entrar pola porta sur e saír de novo pola porta norte, despois de ter observado os traballadores á dereita e á esquerda. De ordinario facía este traxecto rapidiño e sen se deter.

O propio Claude volvera ao seu banco e se puxera de novo ao traballo, igual que Jacques Clément¹²⁷ se poría de novo á oración.

Todos agardaban. Achegábase o momento. De súpeto sentiuse unha badalada. Claude dixo :

- Son menos cuarto.

Entón ergueuse, atravesou gravemente unha parte da sala e foise debruzar no ángulo do primeiro tear da esquerda, arrentiño da porta de entrada. A súa face víase totalmente calma e benquerente.

Deron as nove. Abriuse a porta. Entrou o director.

¹²⁷ Jacques Clément, frade ultracatólico que durante o momento das guerras de relixión en Francia asasinou en 1589 ao rei Henrique III.

Nese momento fíxose no obradoiro un silencio de estatuas.

O director ía só, como de costume.

Entrou coa súa face xovial, satisfeita e inexorable, non viu a Claude que estaba de pé á esquerda da porta, coa man dereita agachada no seu pantalón, e pasou rapidamente diante dos primeiros teares, abaneando a testa, mascando as súas falas e botando acá e acolá a súa mirada banal, sen se decatar de que todos os ollos que o rodeaban estaban chantados nunha idea terrible.

De súpeto virouse bruscamente, sorprendido de sentir un paso detrás del.

Era Claude, que o seguía en silencio dende había uns momentos.

- Que fas aí, ti ? –dixo o director- Por que non estás no teu sitio ?

Porque alí un home xa non é un home. É un can. Trátano de « ti ».

Claude Gueux respondeu respectuosamente :

- É que teño que lle falar, señor director.

- De que ?

- De Albin.

- Aínda ! –dixo o director.

- E mais si

- Ai, logo !– proseguíu o director continuando os pasos- Non tiveches de abondo con vinte e catro horas de calabozo ?

Claude respondeu ao tempo que o seguía :

- Señor director, vólvame o meu compañeiro.

- Imposible.

- Señor director –dixo Claude cunha voz que sería quen de amolentar o demo- suplícovolo, volva poñer Albin comigo, ha ver vostede o moito que hei traballar. A vostede que está libre, élle igual, non sabe o que é un amigo, pero eu non teño máis que as catro paredes do cárcere. Vostede pode ir e vir, pero eu non teño máis que a Albin. Vólvamo. Albin alimentábame, ben o sabede Non lle costaría senón o traballo de dicir « si ». Qué máis lle ten que haxa na mesma sala un home que se chama Claude Gueux e outro que se chama Albin ? Porque non é máis complicado ca iso. Señor director, meu bo señor D. suplícollo de verdade, en nome do ceo !

Nunca tanto, se cadra, tiña el dito a un carcereiro. Despois deste esforzo, derreado, agardou. O director replicou cun aceno de impaciencia :

- Imposible. Está dito. Non me fales máis do asunto. Amólasme.

E, como tiña présa, apertou o paso. Claude tamén. Falando así, chegaran os dous rente da porta de saída. Os oitenta¹²⁸ ladróns ollaban e escoitaban, acorando.

Claude colleu suavemente a aba da levita do director.

- Pois, cando menos, quero saber por que estou condenado á morte ! Dícidememe por que o separastes de min.

- Xa cho dixen –respondeu o director- Porque si.

E virándolle as costas a Claude, adiantou a man cara ao peito da porta da saída.

Coa resposta do director Claude recuara un paso. As oitenta estatuas que estaban alá viron saír do pantalón a súa man dereita coa machada. Esa man ergueuse e, antes de que o director tivese podido lanzar un grito, tres machadazos, cousa horrorosa de dicir, ferrados na mesma entalla, abríranlle o cranio. No momento en que caía de costas, un cuarto golpe lañoulle a cara. Despois, como o furor desencadeado non para de vez, Claude Gueux fendeulle a coxa dereita cun quinto golpe inútil. O director estaba morto.

Entón Claude ceibou a machada e gritou : *Agora o outro !* O outro era el. Virono tirar da casaca as tesoiriñas da « súa muller » e, sen que ninguén pensase en llo impedir, afundiunas no seu peito. A folla era corta e o peito profundo. Escravellou nel longamente máis de vinte veces, berrando : « Corazón de condenado, seica non te hei atopar ? ». E ao cabo caiu. Bañado no seu sangue, desmaiado enriba do morto.

Cal dos dous era a vítima do outro ?

Cando Claude recuperou o coñecemento estaba nun leito, cuberto de sabas e de vendaxes, rodeado de coidados. Tiña rente da cabeceira unhas monxiñas da caridade, e a maiores un xuíz de instrución que levantaba acta e lle preguntou con moito interese : *Como se atopa ?*

Perdera unha gran cantidade de sangue, mais as tesoiras coas que tivera a conmovedora superstición de se bater fixeran mal o seu deber : ningunha das pancadas que se dera era perigosa. Só eran mortais para el as feridas que lle fixera a M. D.

¹²⁸ Antes, Victor Hugo falou de que eran oitenta e un ("oitenta e dous ladróns, comprendido Claude"); se cadra, por enriba da precisión valorou o efecto estilístico da frase.

Comezaron os interrogatorios. Preguntáronlle se fora el quen matara o director dos obradoiros da prisión de Clairvaux. El respondeu : *Si*. Preguntáronlle por que. El respondeu : *Porque si*.

Con todo, nun momento determinado as súas chagas infectáronse. Colleuno unha febre maligna pola que houbo morrer.

Novembro, decembro, xaneiro e febreiro pasáronse entre coidados e preparativos. Médicos e xuíces apiñábanse solícitos de arredor de Claude. Uns curábanlle as feridas, outros erguíanlle o patíbulo.

Abreviemos. O 16 de marzo de 1832 compareceu, xa totalmente curado diante da audiencia provincial de Troyes. Toda canta multitude pode haber na vila estaba alá.

Claude mantivo unha boa actitude ante o tribunal. Fixérase rapar coidadosamente e tiña a cabeza pelada. Levaba o tristento uniforme dos presos de Clairvaux, de dúas pezas con dúas castes de gris.

O fiscal real enchera a sala de baionetas, « coa fin de -díxolle á audiencia- conter todos os criminosos que tiñan que figurar como testemuñas neste asunto ».

Cando comezou a intervención das partes, apareceu unha dificultade singular. Ningunha das testemuñas dos acontecementos do 4 de novembro quería declarar contra de Claude. O presidente ameazounos co seu poder discrecional. En van. Entón Claude ordenoulles que declarasen. Desatáronse todas as linguas. Dixeron o que viran.

Claude escoitábaos a todos con profunda atención. Cando un deles, por esquecemento ou por afecto a Claude omitía feitos contrarios ao acusado, Claude restablecíaos.

De testemuño en testemuño, a serie de feitos que acabamos de expor foise desenvolvendo diante do tribunal.

Houbo un momento no que as mulleres que alá estaban botáronse a chorar. O alguacil chamou o recluso Albin. Era a súa vez de declarar. Entrou abaneando. Saloucaba. Os xendarmes non deron impedido que fose caír nos brazos de Claude. Claude termou del e díxolle sorrindo ao fiscal real : « Velaí un criminoso que comparte o seu pan cos que teñen fame ». Despois bicou a man de Albin.

Esgotada a lista das testemuñas, o señor fiscal real ergueuse e tomou a palabra nestes termos :

- Señores do xurado, a sociedade abalaríase ata os seus alicerces se a vindicta pública non acadase os grandes culpables como o que, etc.

Despois deste memorable discurso falou o avogado de Claude. A acusación e a defensa fixeron, cada unha na súa quenda, as evolucións que adoitan facer nesa especie de hipódromo que chaman proceso criminal.

Claude xulgou que non se dixerá todo. E ergueuse, á súa vez. Falou de tal xeito que unha persoa intelixente que asistía a esta audiencia regresou totalmente asombrada. Parece que ese pobre obreiro contiña ben máis un orador ca un asasino. Falou de pé, con voz penetrante e ben modulada, con ollada clara, honesta e resolta, cun aceno case sempre o mesmo, mais cheo de autoridade. Dixo as cousas como eran, sinxelamente, seriamente, sen cargar nin minguar, concordou en todo, fitou fronte a fronte o artigo 296 e pousou a cabeza baixo del¹²⁹. Tivo momentos de verdadeira alta elocuencia que facían rebulir a multitude e nos que entre o auditorio repetíase ao ouído o que el acababa de dicir. Sentíase entón un borbóriño durante o que Claude volvía coller folgos botando unha ollada satisfeita sobre os asistentes. Noutros momentos este home que non sabía ler era suave, educado e escolleito coma un alfabetizado, e despois, tamén por momentos, modesto, mesurado, atento, camiñando pasiño a pasiño pola parte irritante da intervención, benquerente respecto dos xuíces. Só unha vez se deixou levar por unha sacudida de carraxe. O fiscal real establecera, no discurso que nós citamos por enteiro, que Claude Gueux asasinara o director dos obradoiros, sen agresión ou violencia por parte do director, por conseguinte *sen provocación*.

- O que ! –exclamou Claude- Non houbo provocación ! Ai, si, de certo, é verdade. Entendo. Un home bébedo pégame unha puñada, eu mátoo, e como fun provocado indultádesme e enviádesme ás galeras. Mais un home que non está bébedo e está en plenas facultades mentais apértame o corazón durante catro anos, abáixame durante catro anos, pícame todos os días, a todas as horas, a todos os minutos, cunha alfinetada no lugar máis inesperado durante catro anos ! Eu tiña unha muller para a que roubei e el tortúrame con ela, eu tiña un fillo para o que roubei e el tortúrame co meu fillo, non teño pan de abondo, un amigo damo e el tírame o meu amigo e o meu pan. Pídlle que deixe volver o meu amigo e méteme no calabozo. Eu trátoo de *vostede* a el, e el, o abesullón, trátame de *ti*. Eu dígolle que estou sufrindo e el dime que o estou amolando. Daquela que queredes que eu faga ? Mátoo. Está ben. Son un monstro, matei este home sen provocación, e cortádesme a cabeza. Facédeo !

Sublime pulo, ao noso ver, que facía surxir de súpeto, por enriba do sistema de provocación material sobre o que pousa a escala mal proporcionada das circunstancias atenuantes, toda unha teoría da provocación moral esquecida pola lei.

Rematados os debates, o presidente fixo o seu resumo imparcial e luminoso. Del resultou o seguinte : unha vida ruín ; un monstro, efectivamente ; Claude Gueux comezara por vivir en concubinato cunha muller pública, despois roubara, despois matara. Todo iso era certo.

¹²⁹ O antigo artigo 296 do Código Penal, derrogado en 1992, establecía que toda morte cometida con premeditación ou aleivosía sería considerada asasinato.

No momento de enviar os xurados ao seu cuarto, o presidente preguntoulle ao acusado se tiña algo que dicir sobre as preguntas que lle fixeran.

- Pouca cousa –dixo Claude- Con todo, velaí : eu son un ladrón e un asasino, roubei e matei. E mais : Por que roubei ? Por que matei ? Facédevos estas dúas preguntas á beira das outras, señores do xurado.

Tras un cuarto de hora de deliberación, seguindo a declaración dos doce habitantes da Champaña aos que chamaban *señores do xurado*, Claude Gueux foi condenado a morte.

É seguro que, dende a apertura dos debates, varios deles repararan en que o acusado se chamaba *Gueux*, o que lles producira unha profunda impresión.

Léronlle a súa sentenza a Claude, que se contentou con dicir :

- *Está ben, mais : Por que roubou este home ? Por que matou este home ? Velaí dúas preguntas ás que eles non responden.*

Cando regresou á prisión, ceou ledamente e dixo :

- Trinta e seis anos cumpridos !

Non quixo recorrer en casación. Unha das monxas que o coidaran veullo rogar con bágoas. Recorreu por condescendencia con ela. Parece que resistiu ata o derradeiro instante, porque no momento en que asinou o seu recurso no rexistro da secretaría xudicial, o prazo legal de tres días acababa de expirar había uns minutos. A pobre rapaza, agradecida, deulle cinco francos. El colleu o diñeiro e deulle as grazas.

Entrementres o seu recurso estaba pendente chegaronlle ofertas de evasión dos presos de Troyes, que se puñan á súa enteira disposición, todos eles. El refugounas. Os detidos lanzaron sucesivamente no seu calabozo, pola lumieira, un cravo, un anaco de arame e a asa dun caldeiro. Cada un destas tres cousas tería sido suficiente, manexada por un home tan intelixente coma Claude, para limar os seus ferros. El entregoulle a asa, o arame e o cravo ao gardián.

O 8 de xuño de 1832, sete meses e catro días despois do feito, chegou a expiación, *pede claud*¹³⁰ como se ve. Ese día, ás sete da mañán, o secretario do tribunal entrou no calabozo de Claude e anuncioulle que só lle quedaba unha hora de vida. O seu recurso fora rexeitado.

- Vamos –dixo Claude friamente- durmín ben esta noite sen sospeitar que aínda había durmir mellor a que ven.

¹³⁰ Victor Hugo fai aquí uso dunha frase tirada dun verso latino, de Horacio: *...deseruit pede Pœna claud* , é dicir, “o Castigo acada co pé coxeante [ao delincuente que foxe]”, que ven sendo “o castigo, mesmo tarde, acaba por chegar”. Victor Hugo só resalta que chega coxeando, é dicir, tarde, mal.

Seica as palabras dos homes importantes reciben sempre coa chegada da morte certa grandeza.

Chegou o crego, e despois o verdugo. El foi humilde co crego e suave co verdugo. Non refugou nin a súa alma nin o seu corpo.

Conservou unha liberdade de espírito perfecta. Entrementres lle cortaban o cabelo, alguén falou, nun recuncho do calabozo, do cólera que estaba a ameazar Troyes nese momento.

- O que son eu –dixo Claude cun sorriso- non teño medo do cólera.

De por parte, escoitaba ao crego con extrema atención, acusándose moito e lamentando non ter sido instruído na relixión.

A petición súa devolvéranlle os tesoiras coas que se golpeará. Faltaba unha folla, que lle crebara no peito. Rogoulle ao carcereiro de lle facer levar da súa parte esas tesoiras a Albin. Tamén dixo que desexaba que engadisen a ese legado a ración de pan que el tería debido comer ese día.

Rogoulles aos que lle ataron as mans que lle puxesen na man dereita a moeda de cinco francos que a monxa lle dera, a única cousa que agora lle quedaba.

Ás oito menos cuarto saíu da prisión, con toda a lúgubre comitiva habitual dos condenados. Ía a pé, pálido, co ollo chantado no crucifixo do crego, mais camiñando con paso firme.

Escolleran ese día para a execución porque era día de feira, para que houbese as máximas olladas posibles ao el pasar, pois parece que aínda hai en Francia aldeas semisalvaxes que cando a sociedade mata un home elas se gaban.

Subiu ao patíbulo gravemente, co ollo sempre chantado na forza de Cristo. Quixo abrazar ao crego, e despois ao verdugo, dándolle as grazas a un e perdoando ao outro, O verdugo *rexeitouno suavemente*, conta un relato. No momento no que un axudante estaba a atalo ao noxento mecanismo, el fíxolle un aceno ao crego para que collese a moeda de cinco francos que tiña na man dereita, e díxolle :

- *Para os pobres.*

Como estaban a dar as oito nese momento, o ruído da torre do reloxo cubriu a súa voz, e o confesor respondeulle que non o ouvía. Claude agardou o intervalo entre dúas pancadas e repetiu suavemente :

- *Para os pobres.*

Aínda ben non soara a oitava pancada cando esa nobre e intelixente cabeza caíra xa.

Admirable efecto das execucións públicas : ese mesmo día, estando aínda a maquinaria no medio deles e sen lavar, os feirantes revolvéronse por un asunto de tarifas e houberon masacrar un empregado dos consumos. O maino pobo que vos fai aquelas leis !

Coidamos que debiamos contar en detalle a historia de Claude Gueux porque, segundo nós, os parágrafos todos desta historia poderían servir de cabeceiras de capítulo para o libro onde sería resolto o gran problema do pobo no século dezanove.

Nunha vida importante hai dúas fases principais : antes da caída e despois da caída, E baixo esas dúas fases, dúas cuestións : a cuestión da educación e a cuestión da penalidade. E entre esas dúas cuestións, a sociedade enteiriña.

Este home, de certo, estaba ben constituído, bien formado, ben dotado. Que é o que lle faltou ? Cavilade.

Ese é o gran problema de proporcións, cunha solución –a atopar aínda- que traerá o equilibrio universal : *Que a sociedade faga sempre a prol do individuo tanto como a natureza*¹³¹.

Mirade Claude Gueux. Cerebro ben feito e corazón ben feito, sen dúbida ningunha. Mais o fado méteo dentro dunha sociedade tan mal feita que acaba por roubar ; a sociedade méteo nunha prisión tan mal feita que acaba por matar.

Quen é realmente culpable ? E el ? Somos nós ?

Preguntas severas, preguntas punxentes, que acuden nesta hora ás intelixencias todas, que nos tiran a todos -tantos como somos- pola aba da levita e que un día nos han atuír tan totalmente o camiño que vai cumprir miralas fronte a fronte e saber o que nos queren.

O que escribe estas liñas vai tratar de dicir axiña de que xeito as entende.

Cando un está en presenza de semellantes feitos, cando un repara na maneira en que estas custións nos apertan, pregúntase no que pensan os que nos gobernan, se é que non pensan niso.

As Cámaras¹³² están todos os anos ocupadas en asuntos graves. Sen dúbida é moi importante desinchar as sinecuras e desparasitar o orzamento, é moi importante facer leis para que eu vaia, disfrazado de soldado, montar garda

¹³¹ Poderíase tamén aplicar esta máxima a Ymbert Galloix, poeta mozo morto na miseria, do que Victor Hugo escribe en 1833 unha semblanza que ten algúns puntos de contacto co relato que fai de Claude Gueux.

¹³² O Parlamento.

patrioticamente á porta do señor conde de Lobau¹³³ –que non coñezo nin quero coñecer- ou para me obrigar a desfilar marcialmente no carré Marigny¹³⁴, baixo a satisfacción do meu tendeiro, do que fixeron o meu oficial¹³⁵.

É importante, deputados ou ministros, cansar e tirapuxar por todos os asuntos e por todas as ideas deste país en discusións cheas de abortos. É esencial, por exemplo, sentar no banquiño e interrogar e interpelar a grandes berros, sen saber o que se di, á arte do século dezanove, ese grande e severo acusado que non se digna responder e fai ben. É conveniente ocuparen o seu tempo, gobernantes e lexisladores, en conferencias clásicas que fan erguer o ombreiro aos mestres de escola dos suburbios. É útil declarar que é o drama moderno quen inventou o incesto, o adulterio, o parricidio, o infanticidio e o envelenamento, e probar con iso que non se coñece nin a Fedra, nin a Iocasta, nin a Edipo, nin a Medea, nin a Rodoguna¹³⁶. É indispensable que os oradores políticos deste país se esgriman, durante máis de tres días, a propósito do orzamento, en prol de Corneille e de Racine -e en contra de non se sabe quen- e aproveiten esa ocasión literaria para se afundiren na gorxa ata a empuñadura, cada quen o mellor que pode, grandes faltas de lingua francesa.

Todo iso é importante. Con todo, nós consideramos que podería haber cousas máis importantes aínda.

Qué diría a Cámara -no medio de insignificantes retesías que tan a miúdo fan que a oposición colla polo pescozo ao ministerio e o ministerio á oposición- se de súpeto, das bancadas da Cámara ou da tribuna pública, tanto ten, alguén se erguese e dixese estas palabras :

- Calade, sexades vos quen sexades, os que estades a falar aquí ! Calade ! Coidades estar no asunto e non estades. Velaquí o asunto : a Xustiza acaba, aínda non hai un ano, de escachizar un home en Pamiers cunha faca ; en Dijon acaba de lle arrancar a cabeza a unha muller, en París, na barrière Saint-Jacques, fai execucións inéditas. Ese é o asunto. Ocupádevos disto. Xa vos disputaredes despois para saber se os botóns da garda nacional deben ser brancos ou amarelos e se a *seguranza* é unha cousa máis fermosa que a *certeza*¹³⁷.

Señores dos centros, señores dos extremos, a maior parte do pobo sofre. Chamédeslle república ou chamédeslle monarquía, o pobo sofre. Iso é un feito.

¹³³ Georges Mouton (1779-1838,) xeneral de Napoleón, que o fixo conde. Posteriormente, tras un exilio inicial, foi nomeado polo rei Luís-Filipe mariscal e par de Francia.

¹³⁴ Praciña axardinada entre os Campos Elíseos e a antiga mansión que hoxe alberga o Palacio do Elíseo, da Presidencia da República.

¹³⁵ “ Non fai falta dicir que non pretendemos aquí atacar a patrulla urbá, cousa útil que garda a rúa, o limiar e o fogar, senón só a fachenda, a bamba, a runfadela e o boureo militar, cousas ridículas que non serven senón para facer do burgués unha parodia do soldado. “ (Nota de Victor Hugo)

¹³⁶ Mitos e personaxes do antigo teatro grego, todo eles protagonistas de historias violentas, que levaron máis tarde ao teatro clásico francés Racine e Corneille, modelos contrapostos ao teatro romántico do que foron detonante as pezas de Victor Hugo *Cromwell* (1827) e *Hernani* (1830).

¹³⁷ Os dous exemplos que Victor Hugo dá aquí son verídicos; o da escolla das palabras refírese a unha moción parlamentaria sobre Polonia que afirmaba a “*certeza* da supervivencia da nación polonesa”, frase que o goberno transformou en “*seguranza* da supervivencia”.

O pobo ten fame, o pobo ten frío. A miseria empúrroa ao crime ou ao vicio, segundo o sexo. Doédevos do pobo, a quen os traballos forzados lle tiran os fillos e o lupanar as fillas. Tedes demasiados galeotes, tedes demasiadas prostitutas. Que proban estas dúas úlceras ? Que o corpo social ten un vicio no sangue.

Velaí estades reunidos en consulta na cabeceira do doente ; ocupádevos da doenza.

Esta doenza, estades a tratala mal. Estudiádea mellor. As leis que facedes, cando as facedes, non son senón paliativos e evasivas. A metade dos vosos códigos é a rutina, a outra metade empirismo. A marca ao roxo era unha cauterización que gangrenaba a chaga : insensata pena a que de por vida selaba e ferraba o crime no criminal, que facía deles dous amigos, dous compañeiros, dous inseparables ! O campo de traballos é un vesicatorio¹³⁸ absurdo que deixa reabsorber –non sen o ter virado aínda peor- case todo o sangue podre que extrae. A pena de morte é unha bárbara amputación.

E mais marca ao roxo, traballos forzados e pena de morte son tres cousas que se sosteñen entre elas. Vós suprimistes a marca ao roxo, se sodes consecuentes suprimide o resto. O ferro roxo, a bóla do grillón e a coitela da guillotina eran as tres partes dun siloxismo. Vós tirastes o ferro roxo, a bóla do grillón e a coitela da guillotina non teñen xa sentido. Farinacci¹³⁹ era atroz, mais non era absurdo.

Desmontádeme esta vella escala coxeante dos crimes e das penas e refacédea. Refacede a vosa penalidade, refacede os vosos códigos, refacede as vosas prisións, refacede os vosos xuíces. Volvede poñer as leis ao paso dos costumes.

Meus, señores : cortáanse demasiadas cabezas cada ano en Francia. Pois que estades a facer aforros, aforrade nisto. Pois que estades en vea supresora, suprimide o verdugo. Co soldo dos vosos oitenta verdugos¹⁴⁰ habedes pagar seis centos mestres de escola.

Pensade na maioría do pobo. Escolas para os nenos, obradoiros para os homes. Sabes que Francia é un dos países de Europa onde hai menos nativos que saiban ler ? O que ! Suiza sabe ler, Bélxica sabe ler, Dinamarca sabe ler, Grecia sabe ler, Irlanda sabe ler, e Francia non sabe ler ? É unha vergoña.

Ide ver os traballos forzados. Chamade de arredor vosa a grea de galeotes. Examinade un a un todos estes condenados pola lei humana. Calculade a inclinación de todos estes perfís, apalpade todos estes cranios. Cada un destes homes caídos ten por baixo del o seu tipo bestial ; semella que cada un deles é o

¹³⁸ Emplasto vesicante e chagas de bochas que este provocaba.

¹³⁹ Próspero Farinacci (1544-1618) foi un xurista italiano célebre pola súa defensa da máxima dureza e severidade nas penas, particularmente da pena de morte. En *O derradeiro día* xa Victor Hugo ten aludido a el.

¹⁴⁰ Tamén anteriormente Victor Hugo cuantificou en oitenta os reclusos ante os que Claude Gueux presentou o se veredicto (V. nota 9).

punto de intersección de tal ou cal especie animal coa humanidade. Velaí o lobo cervical, velaí o gato, velaí o simio, velaí o abutre, velaí a hiena. Ora ben, destas pobres cabezas mal conformadas, a culpa primeira é da natureza, sen dúbida, e a segunda da educación, A natureza fixo un mal esbozo e a educación fixo un mal retoque. Virade os vossos coidados cara ese lado. Unha boa educación ao pobo. Desenvolvede o mellor que poidades esas malfadadas cabezas a fin de que a intelixencia que está dentro poida medrar. As nacións teñen o cranio ben ou mal feito segundo as súas institucións. Roma e Grecia tiñan a fronte alta. Abride o máis que poidades o ángulo facial do pobo.

Cando Francia saiba ler, non deixedes sen dirección esa intelixencia que teredes desenvolvido. Sería outra desorde. A ignorancia vale aínda máis que a mala ciencia. Non. Lembrádevos de que hai un libro máis filosófico que o *Compère Mathieu*¹⁴¹, máis popular que *Le Constitutionnel*¹⁴², máis eterno que a carta de 1830¹⁴³ : son as sagradas escrituras. E aí van unhas palabras de explicación.

Fagades o que fagades, o destino da gran masa, da multitude, da *maioría* ha ser sempre relativamente pobre, malfadado e triste. Para ela o traballo duro, os fardos a empurrar, os fardos a arrastrar, os fardos a carregar. Examine esta balanza : todos os goces no prato do rico, todas as miserias no prato do pobre. Seica as partes non son desiguais ? Seica a balanza non se ten necesariamente que inclinar, e con ela o estamento ? E agora, na ración do pobre, no prato das miserias, pousade a certeza dun porvir celeste, pousade a aspiración á felicidade eterna, pousade o paraíso, contrapeso magnífico ! Restablecedes o equilibrio. A parte do pobre é tan rica como a parte do rico. É o que Xesús sabía, que sabía diso moito máis ca Voltaire.

Dádelle ao pobo que traballa e que sofre, dádelle ao pobo, -para quen este mundo é malvado- a crenza nun mundo mellor feito para el. Estará tranquilo e paciente. A paciencia está feita de esperanza.

Sementade, pois, de evanxeos as aldeas. Unha biblia por cabana. Que cada libro e cada campo produzan os dous un traballador moral.

A cabeza do home do pobo, velaí o asunto. Esta cabeza está chea de xermolos útiles ; para que madureza e chegue a bo termo empregade o que de máis luminoso e mellor temperado hai na virtude. Houbo quen asasinou polos camiños adiante e que, mellor dirixido, podería ter sido o máis excelente servidor da cidade. Esa cabeza do home do pobo, cultivádea, decruádea, regádea, fecundádea, moralizádea, utilizádea. Non habedes precisar cortala.

¹⁴¹ Novela satírica irrespectuosa coa orde establecida e en liña coa literatura dos escritores e filósofos franceses do século XVIII, publicada anonimamente unhas décadas antes da Revolución Francesa. Atribúese a súa autoría ao abade Dulaurens (1719-1793).

¹⁴² Xornal conservador, apoio da nova monarquía (a de Luís-Filipe de Orléans ou “Monarquía de Xullo”)

¹⁴³ Despois do levantamento popular (as “Tres Gloriosas”) contra a monarquía da Restauración, encarnada nese momento por Carlos X, implántase un novo réxime monárquico (a “Monarquía de Xullo”) que leva a cabo algunhas reformas introducindo na nova constitución algunhas medidas e símbolos instaurados pola Revolución Francesa.